



PROPOSTA DE PROXECTO DE LEI ALTERNATIVA AO ANTEPROXECTO DA NOVA LEI DE CAZA DE GALIZA

ADEGA, marzo de 2012

Este documento divídese en dúas partes:

I PARTE PROPOSTA DE NOVO ARTICULADO

II PARTE XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS E PROPOSICIÓNS MÁIS SUSTANCIAIS

I PARTE
PROPOSTA DE NOVO ARTICULADO

ÍNDICE

TÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS.

- Artigo 1. Obxecto e finalidade.
- Artigo 2. Acción de Cazar.
- Artigo 3. Obxecto da caza.
- Artigo 4. Competencia en materia de caza.
- Artigo 5. As especies cinexéticas.
- Artigo 6. Da categoría das especies cinexéticas.
- Artigo 7. A propiedade das pezas de caza.

TÍTULO II CLASIFICACIÓN DE TERREOS

CAPITULO I. TERREOS CINEXÉTICOS E NON CINEXÉTICOS. DEFINICIÓN

- Artigo 8. Terreos cinexéticos.
- Artigo 9. Terreos non cinexéticos.

CAPÍTULO II. TERREOS NON CINEXÉTICOS

- Artigo 10. Clases
- Artigo 11. Refuxios de fauna
- Artigo 12. A creación de refuxios de fauna.
- Artigo 13. Zonas habitadas.
- Artigo 14. Áreas industriais e instalacións agropecuarias.
- Artigo 15. Áreas de interese patrimonial.
- Artigo 16. Vías públicas
- Artigo 17. Outros terreos non cinexéticos.

CAPÍTULO III. TERREOS CINEXÉTICOS

- Artigo 18. Clases
- Artigo 19. Rexistro de Terreos e Espazos Cinexéticos.
- Artigo 20. Terreos cinexéticos sometidos a réxime común, zonas libres e de exclusión.
- Artigo 21. Terreos cinexéticos sometidos a réxime controlado.
- Artigo 22. Terreos cinexéticos sometidos a réxime especial.
- Artigo 23. Terreo cinexético ordenado (TECOR).
- Artigo 24. Procedemento xeral de declaración dun TECOR.
- Artigo 25. Obrigas dos titulares dun TECOR.
- Artigo 26. TECOR de carácter autonómico
- Artigo 27. TECOR de carácter local.
- Artigo 28. TECOR de carácter societario.
- Artigo 29. TECOR de carácter individual.
- Artigo 30. Modificación da base territorial dun TECOR.
- Artigo 31. Extinción dos TECOR.
- Artigo 32. A facultade de exclusión.
- Artigo 33. As Reservas galegas de Caza.
- Artigo 34. Vedados de caza.

Artigo 35. As explotacións cinexéticas comerciais.

Artigo 36. Declaración dunha explotación cinexética comercial.

Artigo 37. Cercados.

Artigo 38. Cercados Cinexéticos.

Artigo 39. Zonas de Aclimatación.

CAPÍTULO IV. O EXERCICIO DA CAZA NAS ZONAS DE SEGURIDADE

Artigo 40. As zonas de seguridade.

CAPÍTULO V. ZONAS DE ADESTRAMENTO E DE CAZA PERMANENTE E A SINALIZACIÓN DOS ESPAZOS CINEXÉTICOS

Artigo 41. As zonas de adestramento de cans e cetrería.

Artigo 42. A sinalización dos espazos cinexéticos

TÍTULO III. A ORDENACIÓN E APROVEITAMENTO CINEXÉTICOS

Artigo 43. A ordenación da caza.

Artigo 44. A orde de vedas.

Artigo 45. O Plan Xeral de Ordenación da Caza de Galiza.

Artigo 46. Plan de Ordenación Cinexético.

Artigo 47. Memoria e Plan Anual de Aproveitamento Cinexético.

Artigo 48. A xornada hábil de caza.

TÍTULO IV. DA PROTECCIÓN E CONSERVACIÓN DA CAZA, DAS SÚAS MODALIDADES E PROHIBICIÓNS

CAPÍTULO I. DA PROTECCIÓN E CONSERVACIÓN

Artigo 49. Da integración das medidas de protección e conservación.

Artigo 50. Das medidas de protección das especies.

Artigo 51. Das medidas de protección dos hábitats das especies cinexéticas.

Artigo 52. Das medidas de protección na xestión dos usos múltiples do monte.

Artigo 53. Do estado sanitario das especies de caza.

Artigo 54. Control de velenos.

Artigo 55. Das repoboacións cinexéticas.

Artigo 56. Anelamento e marcado.

CAPÍTULO II. DAS MODALIDADES DE CAZA

Artigo 57. Das modalidades de caza.

Artigo 58. Competicións cinexéticas.

Artigo 59. A caza con fins científicos.

Artigo 60. Uso e tenza de cans de caza.

Artigo 61. Cetrería.

Artigo 62. Caza con arco.

Artigo 63. Naturalización de exemplares cinexéticos.

CAPÍTULO III. DAS PROHIBICIÓNS.

Artigo 64. Prohibicións en beneficio da caza.

- Artigo 65. Prohibicións de procedementos masivos ou non selectivos de caza.
- Artigo 66. Armas.
- Artigo 67. Armas prohibidas para o exercicio da caza.
- Artigo 68. Transporte de armas.
- Artigo 69. Municións.
- Artigo 70. Autorizacións excepcionais.
- Artigo 71. Prohibición da captura de aves silvestres.

TÍTULO V O EXERCICIO DA CAZA

CAPÍTULO I. A PERSOA CAZADORA, REQUISITOS, LICENZAS E RESPONSABILIDADE.

- Artigo 72. Definición de persoa cazadora.
- Artigo 73. Requisitos para o exercicio da caza.
- Artigo 74. Dos menores de idade para cazar.
- Artigo 75. Licenza. Vixencia e clases.
- Artigo 76. Exame da persoa cazadora.
- Artigo 77. Das persoas Inhabilitadas para obter a licenza.
- Artigo 78. Retirada e suspensión de licenza.
- Artigo 79. Deberes do A PERSOA CAZADORA.
- Artigo 80. A responsabilidade das persoas cazadoras.
- Artigo 81. A responsabilidade patrimonial por danos causados nas vías de circulación polas especies cinexéticas.
- Artigo 82. A responsabilidade patrimonial por danos causados nas explotacións agrarias polas especies cinexéticas.
- Artigo 83. A seguridade nas cazarías
- Artigo 84. Protección de cultivos, gando, instalacións e sinais no exercicio da caza.

CAPÍTULO II. A VIXILANCIA E O COIDADADO DA CAZA

- Artigo 85. A vixilancia da actividade cinexética
- Artigo 86. Os gardas de caza.
- Artigo 87. Certificación de calidade cinexética.

TÍTULO VI. OS ÓRGANOS TÉCNICOS E DE CARÁCTER CONSULTIVO

- Artigo 88. Asesoría técnico-cinexética.
- Artigo 89. Medidas de fomento da actividade cinexética.
- Artigo 90. Os órganos consultivos e asesores.
- Artigo 91. A Xunta de Homologación de Trofeos de Caza.

TÍTULO VII RÉXIME DE SANCIONES

CAPÍTULO I. ACTUACIONES PREVIAS

- Artigo 92. As denuncias dos axentes da autoridade.

CAPÍTULO II. MEDIDAS PROVISIONAIS

- Artigo 93. Inicio do procedemento e a provisionalidade das medidas.

Artigo 94. Comisos.

Artigo 95. Retirada e devolución de armas.

CAPÍTULO III. INFRACCIONES

Artigo 96. Infraccións leves

Artigo 97. Infraccións graves

Artigo 98. Infraccións moi graves

Artigo 99. Prescrición das infraccións.

Artigo 100. Participación nas infraccións.

CAPÍTULO IV. SANCIONES

Artigo 101. Sancións aplicables.

Artigo 102. Criterios para a graduación das sancións.

Artigo 103. Reparación do dano e indemnizacións.

Artigo 104. A prescrición das sancións.

CAPÍTULO V. O PROCEDIMIENTO E A COMPETENCIA

Artigo 105. O expediente de sancións e a súa caducidade.

Artigo 106. A presunción de existencia de delito ou falta.

Artigo 107. A competencia para a imposición de sancións.

CAPÍTULO VI. EXECUTIVIDADE DAS SANCIONES

Artigo 109. Medios de execución forzosa e as multas coercitivas.

CAPITULO VII. O REXISTRO DE INFRACTORES DE CAZA

Artigo 110. Creación do Rexistro de Infractores de Caza.

PREÁMBULO

O medio natural galego posúe unha innumerable fonte de recursos naturais sustentada nunha rica biodiversidade, marcada pola forte influencia bioxeográfica atlántica do noso territorio, proporcionando á sociedade galega, amais dun importante conxunto de materias primas necesarias para o crecemento económico do país, a base esencial para o benestar e calidade de vida dos cidadáns. A súa flora e fauna enriquecen o monte galego, repartíndose por unha ampla variedade de hábitats diferentes, constituíndo algúns deles as mellores representacións continentais. Tanto as súas especies como os espazos no que se atopan sofren unha tendencia de degradación, polo que necesitan dunha atención que garanta a súa preservación, e na que calquera instrumento de ordenación e aproveitamento dos recursos naturais debe reparar.

A súa vez o monte posúe un carácter estratéxico na configuración das relacións e moitas das actividades que teñen lugar no país, nun territorio marcado por unha indiscutible vocación agrogandeira e forestal, que xira ao redor dun concepto máis amplo, o medio rural galego, soporte económico desta terra, que chega incluso a manter peculiaridades diferenciais na maneira de posesión da propiedade con relación a outros territorios administrativos veciños, caso claro da figura e réxime dos montes veciñais en man común.

Ante o despoboamento e regresión económica que está a sufrir o rural galego, así coma a importante perda da biodiversidade que se aprecia ao longo de todo o territorio, resulta precisa a incorporación de novos modelos de xestión con instrumentos que impulsen unha revalorización do seu potencial económico, baixo fórmulas posibles e compatibles coa preservación da biodiversidade, coma mellor oportunidade que pode ofrecer todo o patrimonio contido no monte para desenvolver o rural galego. Calquera actuación encamiñada ao aproveitamento do monte galego debe facerse dunha forma harmonizada co conxunto de aproveitamentos que nel teñen lugar. Por iso a idea fundamental de multifuncionalidade de usos e aproveitamentos, que o medio rural e natural da Galiza pode ofrecer, debe inspirar o principio básico de calquera deseño de planificación que afecte a algún dos seus recursos, caso tamén das especies naturais e das súas poboacións, co propósito de facilitar a confluencia de sinerxías tan necesarias para favorecer o dinamizado da economía do rural e, seguramente, coma mellor viveiro de novas oportunidades para a súa poboación.

A ordenación da caza na Galiza debe entenderse precisamente neste contexto de adecuación co resto de usos, sendo un elemento máis de importancia dentro desa multitude de servizos. O seu éxito dependerá na medida na que o seu desenvolvemento sexa capaz de procurar compatibilizar o seu aproveitamento coa procura do maior grado de protección do seu recurso dentro dun ambiente ben conservado e de calidade. A caza entendida coma un aproveitamento e xestión dun recurso natural máis do territorio, neste caso baseado na obtención de especies da fauna que conviven integrados e relacionados nun ecosistema, debe asentarse pois nun enfoque que garde coherencia coa protección dos valores ecosistémicos do medio, que permita desenvolver estratexias de ordenación do territorio dun modo integrado, e que promova usos e aproveitamentos dos recursos dun xeito sostible coa súa conservación.

Esta Lei vén a derrogar e substituír a Lei 4/1997, de 25 de xuño, de Caza de Galiza, cun propósito de adecuar a ordenación cinexética ás novas perspectivas introducidas con posterioridade no ordenamento xurídico en relación á protección do ambiente. Dentro desa nova visión de protección dos recursos naturais débese considerar a contribución da Lei 9/2001, de 21 de agosto, de Conservación da Natureza, que introduciu aspectos fundamentais na protección das especies de

flora e fauna, ou na ordenación dos espazos naturais, vinculado a ordenación cinexética ao cumprimento dos seus preceptos. Neste sentido cobra especial importancia a dotación de figuras de planificación esenciais para preservar a biodiversidade galega como é o Catálogo de Especies Ameazadas, e disposicións que o desenvolven, así coma os plans de conservación e ordenación de tódolos espazos considerados protexidos de Galiza, con especial atención á aparición e aprobación da Rede Natura 2000. Dun mesmo modo, a aprobación da Lei 42/2007, de 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, veu a reforzar definitivamente a importancia cobrada por estes instrumentos de protección da natureza, e dando cumprimento ás dúas normas de referencia fundamental de protección dos valores naturais da Unión Europea, a Directiva 92/43/CEE do Consello de 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e a flora silvestres, e a Directiva 2009/147/CE do Parlamento europeo e do Consello de 30 de novembro de 2009, relativa á conservación das aves silvestres e que modifica a inicialmente aprobada Directiva 79/409/CEE do Consello, de 2 de abril de 1979. Debe terse en conta a importancia da Lei de Patrimonio Natural e da Biodiversidade no exercicio da caza, xa que incorporou no seu articulado referencias fundamentais obrigadas que deben rexer na ordenación cinexética, no tocante á protección das especies en relación coa caza, así coma o seu réxime de regulación na tipificación e infraccións.

Ademais no tempo transcorrido dende a lei do ano 1997, cabe destacar que a poboación galega ten adquirido unha maior conciencia ambiental colectiva, debendo a práctica cinexética adaptarse aos novos tempos, o que fai necesario que a caza avance dende a exclusividade na que se conformaba a súa regulación anterior, a un ámbito máis amplo de destinatarios e servindo, tamén, ao interese colectivo do conxunto da cidadanía. Con esta lei perséguese precisamente ir na dirección dunha convivencia das distintas sensibilidades no tratamento ético que xorde ao seu a redor. As disposicións contidas nela nacen coa vocación de dispor dunhas normas para o aproveitamento cinexético, que permitan o desenvolvemento sostible e responsable, daqueles que gozan desta actividade tradicional, respectando, amais das normais actividades económicas rurais, as novas sensibilidades xurdidas nunha sociedade do benestar, que xa ten normalizado o traslado de actividades de ocio e diversión ao mesmo medio natural empregado pola caza, e que agora é preciso compartir con total seguridade.

A Lei estrutúrase en sete títulos, máis cento dez artigos, catro disposicións adicionais, catro disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e unha disposición final.

O Título I recolle os principios xerais que a inspiran, así como as definicións básicas da acción de cazar e do seu obxecto e sobre as especies cinexéticas.

No título II clasifícase o territorio de Galiza a efectos cinexéticos, así como os refuxios e zonas de seguridade para a caza, definíndose as súas características de organización, titularidade, e sinalización. Inclúe a forma na que se deben establecer os contratos de cesión dos aproveitamentos cinexéticos por parte dos propietarios dos terreos.

No título III defínense os criterios de ordenación cinexética, establecéndose as medidas de carácter xeral na ordenación da caza de Galiza, así como o modo de desenvolver os documentos técnicos específicos de cada aproveitamento autorizado. Inclúese as especies de caza e os seus períodos hábiles.

No título IV defínense as medidas de protección e conservación da caza, no referente a medidas xerais de protección das especies, pero tamén dos seus hábitats, así coma o do seu control sanitario. Establécese tamén a definición e

descrición de cada unha das modalidades de caza para Galiza, e o réxime de prohibicións.

No título V establécense os requisitos para exercer a caza: quen pode ser persoa cazadora, da idade para cazar, o procedemento de obtención das licencias, así coma, as súas clases e vixencia, e diferente réxime de responsabilidades. Incorpóranse neste título a responsabilidade nos danos en explotacións agrarias, e na seguridade viaria, cando concorre a participación de especies cinexéticas. Tamén os aspectos que regulan a vixilancia e os coidados da caza.

No título VI establécense os órganos de asesoramento técnico como os consultivos con funcións de asesoramento á Administración.

No título VII defínese e tipifícase as infraccións e establécense o réxime de sancións, actualizando o importe económico das sancións e obrigando ó infractor a repoñer a cousa o seu estado orixinal, así como a indemnizar polos danos e prexuízos causados, dispoñendo ademais da creación do Rexistro de Infractores de Caza de Galiza.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galiza aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de Galiza e co artigo 24 da Lei 1/1983, de 23 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente, promulga en nome do Rei, a Lei de Caza de Galiza.

TÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS.

Artigo 1. Obxecto e finalidade.¹

Esta Lei ten por obxecto regular o exercicio da caza na Comunidade Autónoma de Galicia, coma recurso natural renovable, coa finalidade de protexer conservar e fomentar un estado de normalidade ecolóxica das súas especies cinexéticas e poboacións, promover a restauración dos seus hábitats, e establecer unha ordenación do seu aproveitamento baixo criterios de sostibilidade e compatibilidade con outros usos do medio natural, que permita acadar o obxectivo de integrar a caza na xestión multifuncional e sostible do monte e do rural galego.

Artigo 2. Acción de Cazar.

1. Para os efectos desta lei considérase acción de cazar a exercida para buscar, perseguir ou agardar a chegada das pezas de caza cuxa finalidade sexa capturar ou dar morte a estas, ou facilitar a súa captura por un terceiro, mediante o uso de artes, armas, animais ou métodos legalmente establecidos nesta lei e restantes que sexan aplicables, e coa necesaria seguridade persoal e sen prexuízo dos bens existentes nos terreos de caza

Tamén se considera acción de cazar o adestramento de cans e aves de cetrería sen

¹ Xustificación do artigo 1.

Débese romper co modelo actual da xestión cinexética que se practica no País.

Os recursos cinexéticos son un recurso máis que proporciona o noso medio natural, nun enclave totalmente rural, necesitado de mellorar as súas sinerxias para dinamizar unha situación socioeconómica que lles resulta negativa.

A caza non pode ser entendida exclusivamente dende un deseño normativo estruturado de xeito sectorial, e debe ser unha peza máis en perfecta harmonía e concordancia co resto das potencialidades da multifuncionalidade do monte.

Dende un punto de vista da preservación da biodiversidade e da conservación e protección do medio natural e do territorio, tamén a normativa que lexisle os aproveitamentos cinexéticos debe realizarse pensando en tódolos cidadáns, e non só de xeito exclusivo nun único colectivo, o das persoas cazadoras. A influencia que exerce a caza, cunha capacidade moi alta de incidir sobre os procesos ecolóxicos, principalmente na dinámica das poboacións das especies naturais, con efectos dispares, debe ser motivo dunha profunda revisión e dun exhaustivo seguimento e control para poder eliminar ou diminuír os seus impactos adversos, e potenciar aqueles positivos, que os ten, e que poden resultar un complemento máis de fortalecemento das políticas de protección da natureza pero nun contexto mellor planificado e ordenado ao servizo de tódolos cidadáns. Un modelo de caza, máis respectuoso e menos perturbador sobre un dos elementos principais que conforman a riqueza do noso medio natural, a estrutura das poboacións das especies naturais, tamén é posible, pero requirirá dun esforzo integral de tódalas pezas que participan da planificación, organización, aproveitamento dos recursos económicos do territorio, pero tamén dos recursos ecosistémicos máis difíciles de cuantificar monetariamente pero sen dúbida imprescindibles para soste a base da riqueza do noso territorio.

En definitiva, a caza social e a caza "ecolóxica" debe contar cunha normativa pensando no conxunto da cidadanía, que se adecúe aos moitos enfoques existentes que se fan e deben facer do rural, integrándose aos mesmos, e non pretender, como fai o anteproxecto de lei presentado, querer apropiarse con exclusividade de algo que non lle corresponde como é a riqueza natural e elementos fundamentais para o mantemento da nosa biodiversidade, un patrimonio colectivo e universal de tódolos galegos.

Este artigo pretende encadrar a actividade cinexética co resto de políticas de conservación do medio natural, e apostar polas potencialidades da multifuncionalidade do monte e do medio rural.

captura de pezas.

2. Considerase a acción de cazar os actos preparatorios que resulten directamente necesarios para eses fins, tales como as accións preparatorias das cacerías, realizadas sen armas, en calquera tipo de modalidade.

Artigo 3. Obxecto da caza.

1. Son obxecto da caza os animais salvaxes ou domésticos silvestres procedentes de soltas pertencentes ás especies que se declaren como cinexéticas, que dende ese momento terán a condición de pezas de caza. Poden ser obxecto da caza as especies exóticas invasoras reguladas mediante catálogos de especies invasoras.

2. O exercicio da caza regularase de maneira que quede garantida a conservación das especies cinexéticas e a viabilidade das súas poboacións.

3. Con carácter xeral queda prohibida a tenencia, utilización e comercialización de tódolos procedementos masivos ou non selectivos para a captura ou morte de animais, así como aqueles procedementos que poidan causar localmente a desaparición, ou molestar gravemente a tranquilidade ou normal desenvolvemento das poboacións dunha especie. Os medios científicos de estudo ou seguimento dos animais regularase segundo o recollido nas normativas ou recomendacións de organismos de referencia.

4. Os animais domésticos, en tanto mantéñanse nesa condición, non poderán ser obxecto da caza.

5. Non se poderán declarar cinexéticas especies protexidas.

6. Queda prohibido o exercicio da caza de aves durante a época de celo, reprodución e cría e a caza no traxecto de regreso cara os lugares de cría no caso de especies migratorias.

7. Poderanse establecer moratorias temporais ou prohibicións especiais cando razóns de orde biolóxico ou sanitario o aconsellen. De maneira previsora o organismo responsable en materia de caza da Xunta de Galiza realizará mostraxes sobre o estado das pezas de caza para estudos epizoolóxicos, tanto en caza maior coma na menor.

8. As soltas de animais domésticos silvestres criados para a actividade cinexética deberán ser, en todo caso, autorizadas e controladas polo órgano da Xunta competente, que velará por que os exemplares empregados nas soltas teñan unha orixe xenética semellante á das poboacións nativas, e a súa vez no supoñan unha ameaza para a conservación destas ou outras especies ou poboacións.

9. Queda prohibido a introdución de especies alóctonas para o exercicio da caza. No caso de introducións accidentais, non se poderá autorizar en ningún caso o seu aproveitamento cinexético, e se adoitarán as medidas apropiadas de control de

especies para a súa erradicación.

10. As pezas de caza non poderán manterse en cativeiro sen autorización. Soamente poderán ser obxecto de comercio en vivo os exemplares e ovos que procedan de granxas cinexéticas legalmente constituídas.

Artigo 4. Competencia en materia de caza.

1. As competencias que se derivan da aplicación da presente lei corresponderalle á Consellería responsable das actuacións en materia de caza e que, en todo caso, coordinará con aqueles outros departamentos responsables na conservación do medio natural e xestión do monte para alcanzar os obxectivos desta Lei.

2. O Comité Galego de Caza constitúese coma un órgano de participación pública no ámbito das actividades da caza, que informará, entre outros, as normas e plans relativas á ordenación da caza, da súa protección e conservación, e da dilixencia da aplicación das normas de caza en coherencia co resto de normas aplicables na ordenación dos recursos naturais e dos aproveitamentos do monte, con voz pero sen voto, a través da representación dos órganos da Xunta vinculados con esta materia e as asociacións máis representativas.

Artigo 5. As especies cinexéticas.

1. Son especies cinexéticas as declaradas obxecto de caza mediante Orde do titular da Consellería competente en materia de caza.

2. Para os efectos de planificación, ordenación dos aproveitamentos cinexéticos, e a restauración dos seus habitats, as especies de caza clasificaranse en dous grandes grupos:

- a) Especies de caza maior.
- b) Especies de caza menor.

Consideraranse especies de caza menor as aves, o raposo, e os mamíferos de tamaño menor que o raposo, e de caza maior, os mamíferos de tamaño maior que o raposo.

3. Dentro das especies de caza menor distinguiranse, nas ordenes de vedas, as que son migratorias das que non o son e de maneira diferenciada as aves acuáticas.

Artigo 6. Da categoría das especies cinexéticas.

1. Segundo o estado de conservación das poboacións das especies cinexéticas, de concorrer circunstancias vinculadas a unha presión cinexética que provoque unha situación non prevista de risco de ameaza ou desaparición das poboacións a nivel local, dentro dunha comarca cinexética, ou que ameace gravemente a viabilidade dentro da Comunidade Autónoma de Galiza, a Consellería titular das competencias en materia de caza poderá incluír estas poboacións nunha situación provisional ou definitiva de protección prohibíndose o seu aproveitamento cinexético mentres

continúen manténdose os factores de ameaza.

2. A estes efectos as categorías que se establecerán son:

- a) Especies cinexéticas en bo estado das súas poboacións.
- b) Especies cinexéticas con poboacións en situación de risco.
- c) Especies cinexéticas en perigo.

3. Consideraranse especies cinexéticas en bo estado das súas poboacións, aquelas nas que o aproveitamento cinexético non supón un risco inminente que ameace a viabilidade das mesmas. Estas especies poderán ser obxecto de aproveitamento cinexético conforme ao disposto na vixente lei.

4. Consideraranse especies cinexéticas con poboacións en situación de risco, aquelas que se do exercicio do aproveitamento cinexético pode nun breve período de tempo ver ameazada a viabilidade e mantemento das súas poboacións, ben a nivel dunha comarca cinexética, provincia ou no conxunto da Comunidade Autónoma de Galiza. Para estas especies e as súas poboacións declararase provisionalmente a veda do seu aproveitamento, ben a nivel local, dunha comarca cinexética ou no conxunto da Comunidade Autónoma de Galiza, mentres que non se adoiten aquelas medidas precisas que eliminen os factores de risco.

5. Consideraranse especies cinexéticas en perigo, aquelas que presenten unhas poboacións que de continuar o aproveitamento cinexético poden facer o seu aproveitamento inviable con risco de desaparición inminente na Comunidade Autónoma de Galiza. A Consellería con competencias en materia cinexética, unha vez evidenciada a situación grave, mediante xustificación técnica, declarará suspendida a autorización de aproveitamento destas especies por un período indeterminado, mentres continúen os factores de ameaza e non se prevea durante a temporada unha mellora na recuperación das súas poboacións. Dito cambio poderao facer en calquera momento da temporada e independentemente do que recollan os plans técnicos de aproveitamento. De continuar a situación de perigo a especie pasará a declararse coma non cinexética.

6. A petición de particulares, organizacións de protección da natureza, entidades científicas, sociedades cinexéticas, poderán solicitar o cambio de categoría dunha especie, ou dunha poboación dunha comarca cinexética, incluídas coma en bo estado, a calquera das outras dúas categorías, así como as de situación de risco á categoría de perigo, presentando unha solicitude xustificada na que se recolla evidencias técnicas contrastables sobre a necesidade do cambio de categoría, diante da Consellería titular das competencias en materia de caza. Dita Consellería de oficio ou atendendo a petición motivada presentada poderá resolver de maneira xustificada a idoneidade do cambio de categoría, sendo preciso acompañar dito cambio mediante informe técnico no que se clarifiquen as razóns precisas polas que se modifica a súa protección.

7. A orde de vedas especificará a categoría na que figura cada unha das especies cinexéticas para cada temporada de caza, ou o seu paso a especie non cinexética da Comunidade Autónoma de Galicia.

8. Regulamentariamente se establecerán os criterios requiridos para asignar a poboación dunha especie en cada unha das categorías.

Artigo 7.A propiedade das pezas de caza.

1. As pezas de caza son unha *res nullius* e quedan suxeitas ao disposto na normativa civil. Cando a acción de cazar se axuste ás prescricións desta Lei, a persoa cazadora adquire a propiedade das pezas de caza mediante a ocupación. Entenderanse ocupadas as pezas de caza dende o momento da súa morte ou captura.

2. A persoa cazadora que fira a unha peza de caza dentro dun terreo onde lle estea permitido cazar, ten dereito a cobrala aínda que entre en terreos de titularidade allea, debendo entrar a cobrala coa arma descargada, e cos cans atados. Cando estea en terreo pechado, necesitará permiso do seu titular ou representante para entrar nel nas mesmas condicións da liña anterior, e se lle fose negado poderá pedir que se lle entregue a peza ferida ou morta se fose atopada e puidese ser aprehendida.

3. En terreos cinexéticos acoutados abertos, e para pezas de caza maior, non será necesario consentimento do titular do dereito real sobre o terreo, sempre que aquela dea rastro de sangue, e a persoa cazadora entre a cobrar a peza cos cans atados e coa arma descargada. Cando o terreo alleo estivese cercado ou no caso de que a peza non fose visible dende o linde, necesitarase de autorización do titular do dereito real sobre o terreo para entrar a cobrala.

O que se negase a conceder o seu consentimento para o acceso estará obrigado a entregar a peza ferida ou morta, sempre que fose achada e puidera ser aprehendida.

4. Cando un ou varias persoas cazadoras levantasen e perseguisen unha peza de caza, calquera outro deberá absterse, en tanto dure a persecución, de abater ou intentar abater a devandita peza.

5. Entenderase que unha peza de caza é perseguida cando o que a levantou, con ou sen axuda de can ou outros medios, vaia no seu seguimento e teña unha razoable posibilidade de cobrala.

6. Na acción de cazar, cando haxa dúbidas respecto da propiedade das pezas de caza, aplicaranse os usos e costumes do lugar. No seu defecto, o dereito de propiedade sobre a peza cobrada corresponderá a quen lle tivese dado morte, de tratarse de pezas de caza menor, e ao autor do primeiro sangue, cando se trate de pezas de caza maior.

7. A propiedade dos trofeos de caza maior procedentes de exemplares atopados mortos dentro dun territorio cinexético, como pezas consideradas *res nullius* adquiriranse mediante a súa ocupación.

TÍTULO II. CLASIFICACIÓN DE TERREOS

CAPITULO I. TERREOS CINEXÉTICOS E NON CINEXÉTICOS. DEFINICIÓN

Artigo 8. Terreos cinexéticos.

1. A actividade da caza, así coma as súas accións preparatorias, só poderá exercerse nos terreos que teñan a consideración de terreos cinexéticos, entendéndose por tales, aqueles terreos nos que está autorizado o exercicio da caza.

2. A declaración de terreos cinexéticos ten como finalidade a protección, fomento e aproveitamento ordenado e sostible das especies cinexéticas, e a planificación e recuperación dos hábitats das súas poboacións, en concordancia cos instrumentos de ordenación do territorio, montes e dos recursos naturais legalmente establecidos.

3. Cando se comprobe que a xestión cinexética desenvolva nos terreos cinexéticos afecte negativamente á renovación ou uso sostible dos recursos naturais, ou as actividades reguladas para os montes, a Consellería con competencias en caza poderá suspender total ou parcialmente a vixencia dos aproveitamentos de caza.

Artigo 9. Terreos non cinexéticos.

1. Son terreos non cinexéticos aqueles nos que por expresa declaración desta lei ou por resolución administrativa, se estableza a prohibición de cazar.

2. Queda prohibida a caza nos Parques Nacionais. As medidas de vixilancia, control, e ordenamento das mesmas realizarase polos servizos da administración responsable.

3. Nos terreos incluídos en Parques Naturais queda prohibida a caza, agás que a propia declaración ou o plan de ordenación dos recursos naturais correspondente indique outra cousa.

4. Os terreos declarados coma Zonas de Especial Valor das Aves (ZEPAS) queda prohibida a caza de calquera tipo de ave, incluídas as cinexéticas, agás que a propia declaración ou o plan de ordenación dos recursos naturais correspondente indique outra cousa.

5. Nos devanditos terreos, a Administración competente en materia de caza poderá executar controis de poboación, só con carácter excepcional, e de non haber outra solución satisfactoria, previa xustificación en base a razóns técnicas, de seguridade, científicas, sanitarias ou sociais.

Os controis de poboacións excepcionais deberán facer mención:

a) As especies cinexéticas que serán obxecto do mesmo;

- b) Os medios autorizados.
- c) Os controis que se exerzan, a súa dirección e vixilancia.
- d) As persoas que participarán, facéndose distinción entre técnicos, funcionarios da escala dos axentes ambientais e forestais, ou membros de sociedades cinexéticas.
- e) A autoridade facultada para declarar que se reúnen as condicións requiridas.

CAPÍTULO II.TERREOS NON CINEXÉTICOS

Artigo 10. Clases

Para os efectos da presente lei, os terreos non cinexéticos clasifícanse en:

- a) Os refuxios de fauna.
- b) Zonas habitadas.
- c) Áreas industriais e instalacións agropecuarias
- d) Áreas de áreas de interese patrimonial.
- e) Vías públicas
- f) Outros terreos non cinexéticos, que sexan declarados como tales.

Artigo 11. Refuxios de fauna

1. Son refuxios de fauna os terreos que queden subtraídos ao aproveitamento cinexético por razóns singulares de protección de especies ameazadas, de carácter biolóxico, científico ou educativo, co fin de asegurar a conservación de determinadas especies da fauna silvestre.

2. A efectos cinexéticos terán a consideración de refuxios de fauna, sen necesidade de declaración, e con carácter xeral, as masas de auga superficiais, tal e como se definen na normativa de augas, así como as súas zonas adxacentes; a extensión das zonas adxacentes determinarase regulamentariamente.

3. Nestas áreas, a caza estará permanentemente prohibida, sen prexuízo de que por circunstancias especiais, suficientemente xustificadas, o titular da dirección xeral competente en materia de caza acorde a súa autorización para especies e en circunstancias determinadas.

4. Queda prohibido circular con armas de caza cargadas e o seu emprego nas zonas de refuxio, así como disparar cara elas cando os proxectís poidan alcanzalas.

5. A administración, control e vixilancia destes refuxios corresponde exclusivamente á citada Consellería con competencias, se ben esta poderá celebrar convenios de colaboración con asociacións, sociedades que se comprometan a cumprir o plan de conservación establecido e de restauración de hábitats, baixo a supervisión da mesma.

Artigo 12. A creación de refuxios de fauna.

1. A creación de refuxios de fauna poderase promover de oficio pola Administración Pública Galega. O expediente iniciarase a instancia do Servizo competente en

materia de caza da xefatura territorial correspondente na que se xustifique a conveniencia da súa creación, atendendo ás necesidades de conservar e fomentar as poboacións de especies de fauna silvestre suxeitas a un especial réxime de protección.

2. A creación de refuxios de fauna silvestre tamén se poderá promover a instancia de entidades públicas e privadas cuxos fins sexan culturais, educativos, deportivos ou científicos, acompañando á solicitude unha memoria xustificativa da súa conveniencia e finalidade. Ditas entidades poderán participar dos convenios de colaboración no impulso e xestión de plans de conservación e de restauración de hábitats.

3. Corresponde á Consellería competente en materia de caza, a tramitación do procedemento para a creación dos refuxios de fauna. Sen prexuízo do seu ulterior desenvolvemento regulamentario, no procedemento de creación haberá de figurar en todo caso, un trámite de información pública. A creación dun refuxio de fauna efectuarase mediante Orde do titular da consellería competente en materia caza.

4. A modificación dos límites e calquera outras determinacións propias da creación do refuxio de fauna silvestre, ou a súa supresión, tramitarase polo procedemento establecido para a súa creación.

5. Os Terreos Cinexéticos Ordenados (TECOR) afectados pola declaración dunha parte do seu territorio como refuxio de fauna, non perderán tal condición se por causa desta, visen reducido o seu territorio por debaixo da superficie mínima esixida para a súa declaración como Terreo Cinexéticos Ordenado, nos termos establecidos no art. 23.3 da presente Lei, sempre e cando a superficie resultante do TECOR sexa superior a 1.000 ha.

Artigo 13. Zonas habitadas.

1. As zonas habitadas consideraranse zonas de seguridade, no que queda prohibido o exercicio da caza, para evitar danos ás persoas e os bens. Excepcionalmente poderase autorizar neles o exercicio da caza con medios ou artes que non poñan en risco ás persoas ou bens afectados.

2. Son zonas habitadas os núcleos de poboación urbanos e rurais, os parques e áreas de descanso destinadas ao uso público, os aeroportos e os lugares de acampada permanente, recintos deportivos, instalacións recreativas autorizadas, así como todas aquelas que así se declaren mediante resolución do órgano da Consellería competente en materia de caza.

3. Os límites de seguridade das zonas habitadas estenderanse ata unha distancia de:

a) 200 metros dende as últimas edificacións ou cercados perimétricos dos núcleos urbanos, urbanizacións, poboados, xardíns e parques de uso público e recintos deportivos, instalacións recreativas autorizadas, ou outras instalacións de uso público ou recreo semellantes.

b) 100 metros dende os extremos de vivendas illadas.

4. Queda prohibido circular con armas de caza cargadas e o seu emprego nas zonas de seguridade, así como disparar cara elas cando os proxectís poidan alcanzalas.

5. Serán dotados dunha sinalización permanente por parte do responsable dos aproveitamentos cinexéticos que o rodean.

Artigo 14. Áreas industriais e instalacións agropecuarias.

1. As áreas industriais consideraranse zonas de seguridade, no que queda prohibido o exercicio da caza, para evitar danos ás persoas e os bens.

2. Son áreas industriais os terreos ocupados polas industrias ou fábricas, polígonos industriais, instalacións gandeiras intensivas e forestais, núcleos zoolóxicos, granxas cinexéticas, os invernadoiros, as canteiras e calquera outro asentamento de carácter industrial ou instalación agro gandeira, e instalacións de xeración eléctrica, así como todas aquelas que así se declaren mediante resolución do órgano competente en materia de caza da Consellería competente en materia de caza.

3. Os límites de seguridade destas áreas estenderanse ata unha distancia de:

a) 200 metros a contar dos extremos de emprazamentos industriais, polígonos, canteiras, núcleos zoolóxicos, invernadoiros, instalacións forestais, apiarios profesionais, e instalacións semellantes.

b) 100 metros a contar dos extremos de emprazamentos de instalacións agro gandeiras intensivas e forestais illados, granxas, ou pequenas instalacións agro gandeiras, e instalacións semellantes de pequena capacidade, e instalacións de produción eléctrica tipo parque eólico, e liñas eléctricas de alta e media tensión.

4. Queda prohibido circular con armas de caza cargadas e o seu emprego nas zonas de seguridade, así como disparar cara elas cando os proxectís poidan alcanzalas.

Artigo 15. Áreas de interese patrimonial.

1. Nas áreas de interese patrimonial que se atopen no medio natural e abertas ao público, queda prohibido o exercicio da caza, para evitar danos ás persoas e os bens, considerándose zonas de seguridade.

2. A efectos desta lei son áreas de interese patrimonial as declaradas coma Bens de Interese Cultural, en base a normativa aplicable de protección do patrimonio, con relación a restos e xacementos arqueolóxicos, lugares de interese etnográfico, ou zonas paleontolóxicas, así como as áreas de influencia incluídas nos respectivos plans de protección. O trazado dos Camiños de Santiago oficialmente declarados.

3. Os límites de seguridade a efectos de caza destas áreas estenderanse ata unha distancia de 200 metros a contar dos extremos do ben declarado coma Ben de Interese Cultural e dos Camiños de Santiago.

4. Queda prohibido circular con armas de caza cargadas, ou aptas para o seu uso, e o seu emprego nas zonas de seguridade, así como disparar cara elas cando os proxectís poidan alcanzalas.

Artigo 16. Vías públicas

1. As vías públicas consideraranse zonas de seguridade, no que queda prohibido o exercicio da caza, e nos límites establecidos nesta lei e a súa regulamentación para evitar danos ás persoas e os bens.

2. A efectos desta lei considéranse vías públicas as vías férreas, autoestradas, autovías, vías rápidas, corredores, estradas convencionais sinalizadas, estradas asfaltadas, camiños de uso público, sinalizados ou non, polo que poida circular calquera tipo de vehículo motorizados de 4 rodas, ou de uso frecuente ao paso de persoas, maquinaria ou gando, próximos a núcleos de poboación, ou sendeiros pedestres marcados, ou camiños reais ou de uso histórico.

3. Os límites de seguridade das vías públicas estenderanse ata unha distancia de:

a) 200 metros a cada lado dende o borde do firme, beiravía, cuneta ou cercado de protección das estradas de alta capacidade, tales como, as autoestradas, autovías, vías rápidas, corredores, estradas nacionais, autonómicas e locais.

b) 100 metros a cada lado de camiños públicos asfaltados, vías férreas, ou pista con capa rodada polo que poida circular calquera vehículo de 4 rodas, ou de uso frecuente ao paso de persoas, maquinaria ou gando, próximos a núcleos de poboación, ou sendeiros pedestres marcados, ou camiños reais ou de uso histórico.

c) 50 metros a cada lado de camiños públicos de uso frecuente ao paso de persoas, maquinaria ou gando.

d) Nos camiños nas que non sexa posible a circulación dun vehículo de 4 rodas, que non cumpra con algún dos requisitos marcados nas letra b e c, pouco transitados ou mal estado de tránsito, poderase cazar sempre que as condicións de seguridade o permitan.

4. Queda prohibido circular con armas de caza cargadas e usalas nestas áreas sen respectar as distancias de seguridade establecidos no apartado 3, nunha franxa de 50 metros de ancho a ambos lados da zona de seguridade. En ningún caso poderase disparar en dirección a outros camiños de uso público ou vías férreas.

5. A colocación de postos de caza na modalidade de ganchos, batidas, monterías, ou cacerías semellantes, sempre que as condicións das mesmas permitan o exercicio seguro da caza, poderá ter lugar só durante a celebración do evento nas marxes das vías públicas as que se refiren as letras b, c, e d do apartado 3, sendo necesario cumprir cun protocolo de seguridade e sinalización, allea e persoal, dirixido polos responsables da cacería que se establecerá regulamentariamente.

Artigo 17. Outros terreos non cinexéticos.

1.A Consellería competente en materia de caza, por razón da seguridade das persoas ou dos seus bens ou do interese xeral, poderá declarar, de oficio ou a

petición dos interesados, como non cinexético os terreos que pola súa circunstancia o requiran. Estes terreos deberán ser debidamente sinalizados pola consellería competente en materia de caza.

2. Regulamentariamente determinarase o procedemento de declaración dun terreo como non cinexético a que se refire o apartado anterior

CAPÍTULO III. TERREOS CINEXÉTICOS

Artigo 18. Clases

Os terreos cinexéticos clasifícanse en:

1. Terreos sometidos a réxime común, zonas libres e de exclusión.
2. Terreos sometidos a réxime controlado
3. Terreos sometidos a réxime especial.

Artigo 19. Rexistro de Terreos e Espazos Cinexéticos.

A consellería competente en materia de caza elaborará e manterá actualizado un Rexistro dos Terreos e Espazos Cinexéticos de Galiza. Este Rexistro, que terá natureza pública, incluirá o listado, características e cartografía dos espazos cinexéticos declarados.

A cartografía destes espazos deberá estar integrada nun visor cartográfico de acceso público na rede de internet.

Artigo 20. Terreos cinexéticos sometidos a réxime común, zonas libres e de exclusión.

1. Os terreos sometidos a réxime cinexético común son aqueles espazos nos que o exercicio da caza pode realizarse por tódalas persoas cazadoras sen mais limitacións que as establecidas nesta lei.

2. Compréndense dentro destes terreos todos aqueles terreos cinexéticos que non estean sometidos ao réxime controlado e o especial previstos nesta lei.

3. Os terreos cinexéticos sometidos a réxime común, clasifícanse nas seguintes categorías:

- a) As Zonas Libres
- b) As zonas de Exclusión

4. As Zonas Libres, son aqueles terreos que presenten unha superficie superior a 500 has. continuas, nos que está permitido o exercicio da caza, sen mais limitacións que as establecidas nesta lei e nas disposicións que a desenvolven. A xestión cinexética destes terreos corresponde á Xunta de Galicia.

5. As Zonas de Exclusión son aqueles terreos que presenten unha superficie inferior a 500 has., nos que o exercicio da caza está prohibido, sen prexuízo de que por circunstancias especiais, o titular da dirección xeral competente en materia de caza

acorde a súa autorización para especies e en circunstancias determinadas, previa xustificación técnica e falta de alternativas satisfactorias, por motivos biolóxicos, ou danos recorrentes demostrados.

Artigo 21. Terreos cinexéticos sometidos a réxime controlado.

1. Os terreos sometidos a réxime controlado son aqueles que se constitúan sobre terreos incluídos dentro da rede de espazos naturais protexidos e Rede Natura 2000, reservas da biosfera, e que non sexan Parques Naturais, coa finalidade de integrar e coordinar as medidas de protección, conservación, fomento e ordenado aproveitamento da súa riqueza cinexética, así como da restauración dos seus hábitats, co resto de medidas de ordenación e xestión dos recursos naturais, particularmente da súa fauna e hábitats ameazados, sen prexuízo do resto de elementos ecosistémicos presentes recoñecidos baixo as diversas figuras de protección vixentes.

2. Quedan incluídas tamén as áreas denominadas como masas de auga superficiais, tipo lagoas, encoros, esteiros, marismas, fondos de ría, ou unidades fluviais de grande caudal, non incluídos en espazos naturais protexidos, que non sexan declarados refuxios de fauna, e que serán incluídos no inventario oficial de zonas húmidas.

3. A efectos cinexéticos estas zonas de réxime controlado regularanse para o seu aproveitamento mediante normas específicas integradas nos plans de conservación cos que conte dito territorio.

4. As zonas de caza controlada serán xestionadas sen ánimo de lucro, en base a un aproveitamento cinexético tradicional, directamente pola Consellería con competencias ou, por convenio con esta, polas entidades cinexéticas que tradicionalmente viñeran aproveitando eses territorios. Ditos aproveitamentos deberán integrarse dentro dos plans de conservación deses espazos.

5. Cando en Parques Naturais, ou ZEPAS se permita a actividade cinexética, segundo o contemplado no artigo 9.3 e 9.4 desta lei, esta regularase como terreo cinexético controlado segundo o disposto neste artigo, e integrándose dentro dos Plans de Ordenación dos Recursos Naturais, e dos Plans Reitores de Uso e Xestión

6. Para a constitución da zona de caza controlada, para cada unha destas áreas, deberase aprobar previamente polo órgano competente da Xunta un plan técnico de ordenación cinexética a integrar no plan de conservación do espazo, e contar con vixilancia. No caso de que se xestione por convenio con entidade cinexética, esta será responsable da boa aplicación do plan de ordenación de caza, deberá contar cun contrato de seguro de responsabilidade civil e un contrato de gardería cinexética. Este contrato de gardería será a xornada completa e durante todo o ano, se ben poderá compartirse o servizo con outras zonas que limiten.

7. As zonas de caza controlada terán unha vixencia máxima de 5 anos tras os cales se extinguirán se non se renovan de forma expresa.

8. A superficie mínima destas zonas será de máis de 2000 has. continuas. Para

superficies inferiores a 2000 has., queda prohibido o exercicio da caza.

9. As zonas de caza controlada incluírán unha zona de reserva dunha extensión mínima do 40% da superficie protexida do espazo; terán a consideración de refuxios de fauna, a efectos desta lei.

10. Queda prohibido o uso de munición que conteña chumbo durante o exercicio da caza dentro dos territorios declarados coma zonas controladas de caza.

11. No caso de incumprimento das obrigas contidas no plan técnico de ordenación cinexética, cando se trate dunha xestión por convenio con entidade cinexética, a administración competente extinguirá mediante resolución os aproveitamentos de caza convidados.

12. O organismo competente da Xunta, previa audiencia no seu caso do organismo que xestione o espazo natural protexido, ou entidade científica, entidade de protección ambiental, ou da entidade cinexética que a xestione, poderá vedar a totalidade ou parte da superficie do terreo, a caza dunha determinada especie, ou reducir o período hábil de caza, cando o aconsellen circunstancias especiais de orden biolóxico ou sanitario ou de protección da fauna silvestre, ou de conservación do espazo.

Artigo 22. Terreos cinexéticos sometidos a réxime especial.

1. Os terreos cinexéticos sometidos a réxime especial son aqueles nos que o exercicio da caza está limitado aos que ostentan a titularidade cinexética sobre estes, con exclusión de todos os demais. Para os efectos desta lei enténdese por titularidade cinexética aquela que reserva o aproveitamento da caza nun ámbito territorial determinado a unha persoa, xa sexa física ou xurídica que goza dun contrato de cesión dos dereitos cinexéticos para o seu aproveitamento.

2. O titular dos dereitos cinexéticos será o propietario do territorio no que se atopen as pezas de caza, ben a título privado ou ben en réxime de montes veciñais en man común, que como cedente poderá ceder a titularidade do seu aproveitamento cinexético a unha persoa física ou xurídica vinculada coa xestión cinexética, que actuará como cesionario en dito traspaso. A efectos desta lei a relación contractual a establecer entre o cedente e cesionario deberá contar cunha aceptación expresa mediante título que será preciso presentar para obter a autorización do aproveitamento cinexético. En todo caso, dita relación estará ao disposto na normativa civil vixente.

3. A cesión do aproveitamento cinexético comprende os privilexios e froitos relacionados exclusivamente coa actividade cinexética, así como das cargas ou prexuízos por danos ou outros que a fauna cinexética ou actividade cinexética poida causar a terceiros, incluídos os que afecten ás actividades propias do territorio cedido do que goza o propio cedente.

4. Unha vez rematado o tempo de cesión dos aproveitamentos cinexéticos, o contrato extinguírase e, se as partes queren continuar, procederáse a asinar un novo contrato.

5.Os terreos cinexéticos sometidos a réxime especial divídense nas seguintes categorías:

- a) Terreo cinexético ordenado (TECOR).
- b) Reservas galegas de caza.
- c) Explotacións cinexéticas comerciais.

Artigo 23. Terreo cinexético ordenado (TECOR).

1. TECOR é toda superficie continua de terreos, susceptible de aproveitamento cinexético especial, que fose declarada e recoñecida como tal, mediante resolución do titular da Consellería competente en materia de caza, e na que a poboación cinexética ha de estar protexida e fomentada, así coma os seus hábitats, aproveitándose de forma ordenada.

2. Nos TECOR, o exercicio do dereito de caza corresponderá aos titulares do aproveitamento cinexético dos terreos e ás persoas autorizadas por aqueles.

3. Para a constitución dun TECOR haberá de acreditarse a titularidade cinexética dunha superficie mínima e continua de dúas mil hectáreas, polo período polo que se solicite a duración do TECOR, que en ningún caso será menor de cinco anos.

4. Poderán establecerse TECOR que abrangan a denominada comarca cinexética. As comarcas cinexéticas constituiranse por unidades coherentes de xestión, de extensión variable, e continua, caracterizado pola súa homoxeneidade ambiental, a súa singularidade zoográfica e vexetación natural asociada, ou uns usos do solo e peculiaridades socioeconómicas e culturais distintos ás doutras comarcas veciñas. Con carácter xeral, a súa superficie non poderá ser inferior as 5.000 hectáreas.

5. O organismo da Xunta titular das competencias de caza fomentará a unión de TECOR limítrofes, que compartan as características do punto anterior, para a súa integración como TECOR de comarca cinexética. Na relación de medidas e axudas destinadas ao fomento da actividade cinexética, que regulamentariamente se establezan, este tipo de xestión dun TECOR terá preferencia sobre o resto. Nestas áreas o calendario de vedas, e sempre que se xustifique con criterios biolóxicos e técnicos, incorporándose no seu plan de ordenación de caza, poderase adaptar ás características naturais desa comarca cinexética.

6. A declaración e recoñecemento dun TECOR esixe a cesión do aproveitamento cinexético conforme ao disposto no apartado 2 e 3 do artigo 22. No documento de cesión estableceranse as obrigas contractuais negociadas entre ámbalas partes, así coma as condicións de resolución en caso de incumprimento. Esta cesión terá unha duración mínima de cinco anos e máxima de 15 anos. Ao cabo do período de cesión do aproveitamento cinexético, terán que renovarse de forma expresa establecendo un novo período de cesión e unhas novas condicións entre os propietarios da terra e os que realizan o aproveitamento conforme ao disposto no artigo 22.2 desta lei.

7. Os TECOR poderán ser de titularidade pública, societaria ou particular, segundo promovan a súa constitución as Administracións Públicas, as sociedades ou

asociacións de persoas cazadoras legalmente constituídas, as persoas físicas ou outras xurídicas de carácter particular. En función da quen corresponda a titularidade dos TECOR, poderán ser autonómicos, municipais, societarios e individuais.

8. A declaración dos terreos cinexéticos como TECOR leva inherente a favor do seu titular, a reserva do aproveitamento de caza de todas as especies cinexéticas, que se encontren neste e, consecuentemente, a titularidade dos dereitos e obrigas que, de conformidade coa presente lei, se deriven do devandito aproveitamento cinexético.

9. A fin de fomentar as poboacións cinexéticas, os TECOR manterán como vedado de caza unha superficie mínima do 10% dos seus terreos. Estes vedados de caza deberán manter os mesmos lindes, ó menos, durante dous anos consecutivos.

10. Para o exercicio da caza nos TECOR será necesario contar co permiso correspondente, expedido polo titular do propio TECOR.

11. O réxime cinexético especial dos TECOR manterase, non obstante a perda de aproveitamentos cinexéticos sobre determinados terreos que o integren, sempre que a superficie restante non sexa inferior á mínima sinalada no apartado 3. do presente artigo e non perda continuidade.

12. Calquera cambio na titularidade cinexética da totalidade ou parte dos terreos comprendidos no TECOR haberá de ser comunicado á Administración no prazo e condicións previstos regulamentariamente.

13. A Administración pública fomentará as unións territoriais de TECORES.

14. En todo caso, as medidas de protección, conservación e fomento da riqueza cinexética, así como da restauración dos seus hábitats, regularanse a través dos correspondentes plans de ordenación e de aproveitamento cinexético, que haberán de ser aprobados polo titular da xefatura territorial correspondente competente en materia de caza.

Artigo 24. Procedemento xeral de declaración dun TECOR.

1. A declaración dun TECOR iníciase por medio dunha solicitude do interesado á que haberán de acompañarse dos documentos contractuais de cesión do aproveitamento cinexético dos terreos e a especificación da súa superficie e os seus lindes, así como unha memoria coas directrices básicas do plan de ordenación cinexética.

2. De manifestarse a negativa á integración no TECOR de parte dos terreos afectados, e a superficie continua de estes fose inferior a 500 hectáreas, nos mesmos non poderá practicarse a caza e terán a consideración de zonas de exclusión.

3. Cando un TECOR inclúa terreos cinexéticos sometidos a réxime controlado en espazos naturais protexidos e masas de augas superficiais, segundo o disposto no

apartado 2 artigo 21, haberán de acompañar os documentos do convenio coa Consellería con competencias, polo que se cede a xestión do aproveitamento, amais dos documentos de cómo quedan integrados dentro dos plans de conservación deses espazos.

4. O procedemento de declaración dos TECOR incluirá, en todo caso, un trámite de información pública, por un prazo de dous meses, no cal os propietarios dos terreos afectados ou titulares doutros dereitos, que leven consigo o seu aproveitamento cinexético, poderán efectuar as alegacións que consideren pertinentes.

5. En tódolos procedementos de declaración de TECOR deberá demandarse informe do Comité Provincial de Caza correspondente ou, cando o seu ámbito territorial comprenda varias provincias, do Comité Galego de Caza.

6. Unha vez iniciado o procedemento de declaración dos TECOR e acreditado o cumprimento do previsto nos apartados anteriores do presente artigo, o titular da Consellería competente en materia de caza, outorgará unha aprobación provisional para que no prazo máximo de catro meses se adopten as medidas que se sinalen nesta. Se non se adoptasen esas medidas no citado prazo, quedará sen efecto a aprobación provisional.

7. Durante o prazo contemplado no apartado anterior non poderá realizarse aproveitamento cinexético ningún.

8. Unha vez presentado o plan de ordenación cinexética, así como o plan anual de aproveitamento cinexético, realizada a sinalización regulamentariamente esixida e adoptadas tantas medidas se sinalaran na resolución de aprobación provisional, o titular do servizo competente en materia de caza da xefatura territorial correspondente emitirá certificación do seu cumprimento e o titular da Consellería competente en materia de caza poderá declarar constituído o TECOR no prazo máximo de dous meses dende da emisión da certificación. Transcorrido o prazo citado, sen que tivese mediado declaración administrativa ao respecto, entenderase autorizada.

Ata que se dite resolución expresa declarando o TECOR ou, no seu defecto, ata que transcorra o prazo para entenderse autorizada a solicitude manterase a prohibición de realizar actividade cinexética algunha.

9. O plan de ordenación cinexético terá unha vixencia mínima de 5 anos. Non obstante, os TECORES que voluntariamente quixeran revisalo, poderán solicitar a súa revisión en calquera momento, supeditado a xustificación técnica, antes de que finalice o seu período de vixencia.

10. Ao vencemento do prazo de vixencia do TECOR, os titulares deste poderán iniciar o procedemento de renovación, segundo se estableza regulamentariamente.

11. O procedemento de renovación do TECOR haberá de constar polo menos dun trámite de información pública e do informe favorable do comité provincial de caza, a non ser que o seu ámbito territorial alcance a varias provincias, en cuxo caso será competencia do Comité Galego de Caza.

Artigo 25. Obrigas dos titulares dun TECOR.

Os titulares dun TECOR están obrigados a:

1. Cumprir as condicións establecidas nas resolucións de declaración do TECOR, coas normas que regulan a compatibilidade con outros usos do medio natural e dos aproveitamentos do monte, así como o do goce do terreo e os preceptos sobre admisión de socios e socias, taxas, e importe dos permisos.
2. O titular cinexético está obrigado ao pleno cumprimento do Plan Xeral de Ordenación de Caza de Galiza, o Plan de Ordenación Cinexética e os Plans de Aproveitamento Cinexético anuais, unha vez aprobados pola Consellería competente. Dito incumprimento, con independencia das sancións que supoña no seu caso, levará o inicio inmediato de expediente de anulación do TECOR de que se trate, ou anulación da adxudicación ou cesión de xestión da zona de caza controlada.
3. Proporcionar a información sobre a execución do contido dos plans, previsto no Título III desta Lei.
4. Dotar aos devanditos terreos da sinalización prevista na presente Lei.
5. O titular do aproveitamento cinexético non poderá explotalo sen ter un contrato de seguro de responsabilidade civil e un contrato de gardería cinexética; deberá visar ambos previamente ó comezo da explotación no órgano da Xunta correspondente.
6. O contrato de gardería será a xornada completa e durante todo o ano, se ben poderá compartirse o servizo con outros TECORES adxacentes. A Consellería competente determinará regulamentariamente o número máximo de hectáreas por cada garda, que poderá variar entre 20.000 hectáreas e 30.000 en función das características do terreo.
7. Colaborar coa Administración Pública na protección e fomento da fauna cinexética, e na restauración dos seus hábitats, no que deberá remitir os datos estatísticos, realizando os controis sobre as especies susceptibles de captura, poñendo en coñecemento da Consellería competente en materia de caza a aparición de epizootias e zoonoses adoptando as medidas sanitarias establecidas.
8. Teñen o deber de xestionar as poboacións de especies cinexéticas establecendo as medidas necesarias, dentro do seu plan técnico, tendentes a compatibilizar a súa presenza cos danos que puideran ocasionar nos cultivos.
9. Ante a presenza de especies de aves ou mamíferos alóctonos ou invasores, cando sexan motivo de ocasionar danos ou efectos sobre a fauna ou flora autóctona, os titulares dos TECORES ou adxudicatarios por convenio de zonas de caza controlada están obrigados a colaborar na aplicación das medidas necesarias de control, establecidas polo órgano competente en materia de protección de fauna, ou en materia de caza, cando os efectos prexudiciais tamén poidan afectar a

especies cinexéticas.

10. A Consellería competente adoitará as medidas necesarias para procurar o correcto estado sanitario das especies cinexéticas, e adoitará as medidas necesarias para evitar que a caza existente poida ser causa de difusión de epizootias e zoonoses.

11. Responder da organización e correcta execución das actividades cinexéticas que leven a cabo.

12. Solicitar con suficiente antelación e do modo que regulamentariamente se determine, a celebración das actividades cinexéticas, e velar para que se cumpran as condicións impostas na autorización.

13. Os titulares do TECOR deberán presentar un programa de inversións na mellora da protección, restauración e conservación que beneficie ao conxunto de especies naturais, así como das cinexéticas, e como complemento das actividades de aproveitamento cinexético, de acordo cos propietarios do terreo, e autorización da administración con competencias, e incluído no Plan de Ordenación cinexética, e como se desenvolverán anualmente, conténdose ditas medidas nos Plans de Ordenación Anual.

14. As inversións na solta de animais para caza, vixilancia, sinalización e noutras infraestruturas xerais ou para a práctica da caza non se consideran inversións en beneficio das poboacións silvestres. Só cando así se xustifique no Plan de Ordenación Cinexética, parte da inversión obrigatoria poderá ser destinada a labores de vixilancia.

15. A compra, por sociedades cinexéticas sen ánimo de lucro, de parcelas ou franxas de terreo destinadas a melloras de hábitat terá a consideración de inversións en beneficio das poboacións silvestres.

16. O incumprimento do deber de fomento ou insuficiente nivel real de melloras dará lugar á apertura de expediente de anulación do TECOR ou da adxudicación por convenio da zona de caza controlada.

17. Calquera outras establecidas ou que se establezan pola Consellería competente en materia de caza.

Artigo 26. TECOR de carácter autonómico

1. A Administración autonómica poderá ser titular dun TECOR co fin de garantir o ordenado aproveitamento das especies cinexéticas e de favorecer o acceso das persoas cazadoras galegas á actividade cinexética.

2. Os TECOR autonómicos constituiranse sobre terreos de titularidade cinexética da Comunidade Autónoma ou sobre terreos de aproveitamento cinexético común, ou réxime controlado segundo o artigo 21, ou comarcas cinexéticas, no modo en que regulamentariamente se estableza.

3. O aproveitamento cinexético dos TECOR autonómicos poderán ser xestionados directamente pola Administración autonómica competente en materia de caza ou por medio de sociedades ou asociacións de persoas cazadoras ás que se adxudique o devandito aproveitamento mediante convenio, establecéndose o seu procedemento de maneira regulamentariamente.

Artigo 27. TECOR de carácter local.

1. Os Concellos ou entidades locais menores poderán solicitar ao seu favor a declaración de TECOR, sempre que acrediten documentalmente polo menos a titularidade cinexética do 75% do terreo susceptible de aproveitamento cinexético dos terreos para os que se solicite a devandita declaración e non estean sometidos a outro réxime especial.

2. A superficie correspondente ás persoas propietarias que expresamente manifesten a súa negativa á constitución do TECOR na súa propiedade no período de información pública deberán quedar fóra da superficie do TECOR como zona de exclusión previsto no apartado 5 do artigo 20, tendo a obriga o TECOR de sinalizar o seu límites.

3. Dous ou máis municipios poderán agruparse e solicitar mancomunadamente a declaración ao seu favor dun TECOR de carácter local.

4. Cando a extensión do termo municipal non comprenda o mínimo de hectáreas necesario para a constitución dun TECOR, dous ou máis municipios poderán agruparse e solicitalo mancomunadamente.

5. Dous ou máis municipios poderán agruparse e solicitar ao seu favor a declaración de TECOR por comarca cinexética, sempre que a parte cuberta sexa representativa dunha comarca cinexética, establecéndose unha única unidade de xestión homoxénea, e representada xuridicamente por un único órgano de representación, co obxecto de fomentar o desenvolvemento de medidas de xestión integrada.

6. Os Concellos ou entidades locais menores solicitantes da declaración ao seu favor dun determinado territorio como TECOR haberán de acompañar a súa solicitude:

a. O contrato de cesión dos aproveitamentos cinexéticos, asinada polos seus titulares e con especificación das condicións, superficie do terreo, e o prazo de cesión establecido.

b. No caso de unión entre varias Concellos ou entidades locais para a constitución de TECOR por comarca cinexética, o acordo polo que se materializa a unión.

c. O plano de localización a escala adecuada para a localización do terreo e dos seus lindes.

d. A memoria coas directrices básicas do plan de ordenación cinexética.

7.O aproveitamento cinexético dos TECOR municipais poderá xestionarse directamente polo Concello, ou polo órgano de representación que se constitúa da agrupación de municipios, ou ben mediante unha sociedade ou asociación de persoas cazadoras legalmente constituída, á cal se lle ceda ou adxudique dito

aproveitamento.

8. Esta cesión do aproveitamento a unha sociedade ou asociación de persoas cazadoras realizarase de acordo coa lexislación de réxime local e por prazo non superior ao indicado na resolución de declaración do TECOR.

9. Os pregos de condicións de adxudicación destas cesións deberán conter, ademais dos requisitos esixidos pola súa lexislación específica, prescricións especiais relativas a:

a) O recoñecemento do dereito que lles corresponde a tódolos propietarios de terreos susceptibles de aproveitamento cinexético, para que de acordo cos estatutos da entidade que o xestione e cos plans de ordenación cinexética en vigor poidan exercita-la caza dentro do TECOR.

b) A obriga de reservar cando menos un 15% dos permisos diarios para as persoas cazadoras empadroados con veciñanza administrativa nos termos municipais incluídos no TECOR.

c) A obriga de reservar cando menos un 10% dos permisos diarios a favor de persoas cazadoras foráneas.

d) A obriga de reservar unha porcentaxe dos permisos diarios a favor dos propietarios de terreos que cedesen o seu aproveitamento cinexético a título gratuito.

10. As ditas prescricións serán aplicables igualmente en caso de xestión directa polo Concello.

11. A entidade que xestione o TECOR será a responsable do seu funcionamento.

Artigo 28. TECOR de carácter societario.

1. As sociedades ou asociacións de persoas cazadoras legalmente constituídas poderán solicitar ao seu favor a declaración de TECOR sempre que acrediten, polo menos, a titularidade cinexética do 75% dos terreos, para os que se pretenda a declaración. No caso de abranguer un territorio que se corresponda cunha unidade de xestión relativa á comarca cinexética a sociedade deberá acreditar mediante memoria xustificativa dita condición.

2. A superficie correspondente ás persoas propietarias que expresamente manifesten a súa negativa á constitución do TECOR na súa propiedade no período de información pública deberán quedar fóra da superficie do TECOR como zona de exclusión segundo o previsto no apartado 5 do artigo 20, tendo a obriga o TECOR de sinalizar o seu límite

3. Dúas ou máis sociedades ou asociacións de persoas cazadoras legalmente constituídas poderán solicitar ao seu favor a declaración de TECOR por comarca cinexética, establecéndose unha única unidade de xestión homoxénea, e representada xuridicamente por un único órgano de dirección, nos que queden representados as diferentes sociedades ou asociacións que participen da unión, co obxecto de fomentar o desenvolvemento de medidas de xestión integrada.

4. As asociacións ou sociedades de persoas cazadoras que soliciten a declaración ao seu favor dun determinado territorio como TECOR societario haberán de acompañar á súa solicitude:

- a) O contrato de cesión de dereitos cinexéticos, asinada polos seus titulares e con especificación das condicións, superficie do terreo, polígono, parcela e o prazo de cesión establecidos.
- b) No caso de unión entre varias sociedades ou asociacións, para a constitución de TECOR por comarca cinexética, os acordos polos que se materializa a unión.
- c) Os planos de localización a escala adecuada para a localización do terreo e dos seus lindes.
- d) A memoria coas directrices básicas do plan de ordenación cinexética. No caso de tratarse dunha comarca cinexética, dita condición, especificarse en dita memoria.
- e) A documentación acreditativa da constitución e o legal funcionamento da sociedade ou asociación.
- f) A copia autenticada dos Estatutos en vigor legalmente aprobados.

5. Reservarase unha porcentaxe de permisos diarios a favor dos propietarios de terreos incluídos no TECOR que cedesen o seu aproveitamento cinexético a título gratuito, no momento da constitución do TECOR, e de acordo co que establezan os estatutos en vigor legalmente aprobados a este respecto.

Artigo 29. TECOR de carácter individual.

1.As persoas físicas ou xurídicas que sexan titulares de aproveitamentos cinexéticos dunha superficie continua mínima de 2.000 hectáreas poderán solicitar a declaración desta como TECOR de carácter individual. No caso de abranguer un territorio que se corresponda cunha unidade de xestión característico dunha comarca cinexética deberá acreditar mediante memoria xustificativa dita condición.

2.Deberá acreditarse documentalmente a titularidade e cesión dos aproveitamentos cinexéticos sobre a totalidade do terreo, especificando que se ceden para un TECOR de carácter individual.

3. Na constitución dos TECOR de carácter individual será de aplicación as medidas establecidas no artigo 22 sobre a cesión de titularidade do aproveitamento cinexético.

Artigo 30. Modificación da base territorial dun TECOR.

1.A modificación do ámbito territorial dun TECOR só será efectiva a partir da tempada hábil xeral de caza, posterior á data de notificación da resolución administrativa correspondente.

2.As modificacións dos límites dun TECOR que se produzan con posterioridade a aprobación dun novo Plan de Ordenación Cinexético e que superen o 15% da súa base territorial, requirirán a aprobación dun novo plan de ordenación cinexético.

Artigo 31. Extinción dos TECOR.

O réxime dos TECOR extinguirase, logo da tramitación do correspondente expediente:

- a) Polo incumprimento das condicións, obrigas, limitacións ou prohibicións establecidas na autorización administrativa correspondente.
- b) Pola comisión de infraccións graves ou moi graves de conformidade co disposto nos artigos 97 e 98, sempre que estas afecten as condicións impostas nas autorizacións administrativas relativas á protección e ó ordenado aproveitamento das poboacións cinexéticas e dos ecosistemas dos que forman parte.
- c) Pola comisión de infraccións graves ou moi graves, nas zonas declaradas controladas, en conformidade co disposto nos artigos 97 e 98, sempre que estas afecten as condicións impostas nas autorizacións administrativas relativas á protección e ó ordenado aproveitamento das poboacións cinexéticas e dos ecosistemas dos que forman parte.
- d) Pola perda da titularidade cinexética de superficies incluídas dentro dos terreos cinexéticos, cando non se reúna a superficie mínima que se precisa segundo esta lei.
- e) Inviabilidade do exercicio ordenado e sostible da actividade cinexética.
- f) Nas zonas que por urxentes razóns de orde biolóxico e atendendo ó que regulamentariamente se determine, sexa preciso para protexer a fauna. A súa vixencia revisarase anualmente.
- g) Renuncia do titular.
- h) Resolución administrativa que asine recaída en procedemento de sanción.
- i) Polo transcurso do prazo de cesión dos terreos dos dereitos cinexéticos cando non se procedese á súa renovación.

Artigo 32. A facultade de exclusión.

1. Os titulares dos terreos que non cederon o dereito de aproveitamento cinexético de xeito expreso a favor do TECOR, conservan o seu pleno dereito a prohibir que se practique a caza nos devanditos terreos.
2. O exercicio da facultade de exclusión dun terreo para a práctica da caza, entenderase cando o beneficiario do aproveitamento cinexético non posúa o documento que acredite dita condición.
3. O beneficiario do aproveitamento cinexético limítrofe coa zona de exclusión será responsable da colocación de sinais perfectamente visibles dos límites dos terreos cinexéticos cando o propietario dos terreos demande a súa colocación pola recorrencia de molestias que se lle poidan xerar.

Artigo 33. As Reservas galegas de Caza.

1. A Consellería competente en materia de caza promoverá á creación de reservas galegas de caza en aqueles terreos de excepcionais posibilidades cinexéticas e onde, polas súas especiais características de orden físico e biolóxico, sexa preciso unha ordenación que prime, en sintonía coas circunstancias socioeconómicas do entorno, a conservación dos procesos ecolóxicos e a biodiversidade conxuntamente cunhas excepcionais posibilidades rurais .
2. A súa declaración farase mediante lei aprobada no Parlamento de Galiza.

3. En ditas reservas corresponderá á Consellería competente en materia de caza a protección, conservación e fomento das especies cinexéticas así como a xestión e administración do seu aproveitamento. A Dirección Xeral competente en materia de caza, asegurará o seu aproveitamento racional a través dun Plan de Ordenación e de Plans Anuais de Aproveitamentos Cinexéticos. Conxuntamente co resto de órganos da Xunta responsables do dinamizado das áreas rurais poderán fomentar estratexias de desenvolvemento.

4. Un regulamento específico regulará o réxime de administración, xestión e exercicio da caza de cada reserva galega de caza, e incorporárase, en todo caso, un director técnico e unha xunta consultiva na que estarán representados de forma equilibrada as persoas ou entidades con intereses afectados, asociacións e universidades que teñan como finalidade o estudo ou protección dos recursos naturais e patrimoniais.

5. Os propietarios dos terreos pola privación do aproveitamento cinexético destes, ao ser adscritos a unha reserva de caza, terán dereito a compensación, mediante o establecemento dun canon consistente nunha cantidade económica, que determinará a xunta consultiva da reserva.

Artigo 34. Vedados de caza.

1. Os vedados de caza son aquelas superficies de terreo, integradas dentro dun TECOR, que constitúen unha reserva da fauna cinexética, para fomentar determinadas especies e protexelas da acción da caza, nos cales con carácter xeral prohíbese o exercicio da caza.

2. A superficie mínima destes espazos será a dun dez por cento da superficie total do TECOR, que poderá repartirse en varios espazos menores, que terán unha superficie mínima de 200 ha e un período mínimo de vixencia de 2 anos. De forma xustificada e motivada por danos reiterados nos cultivos poderá estudarse a variación da superficie mínima e do período mínimo.

3. Os vedados cinexéticos poderán ser obxecto de xestión cinexética de forma extraordinaria por causas xustificadas de danos reiterados nos cultivos por especies cinexéticas e só nas especies que están a provocar os danos.

4. Queda prohibido circular con armas de caza cargadas e o seu emprego nas zonas de refuxio, así como disparar cara elas cando os proxectís poidan alcanzalas.

Artigo 35. As explotacións cinexéticas comerciais.

1. Para os efectos da presente Lei, terán a consideración de explotacións cinexéticas comerciais aquelas que se constituán por empresas mercantís a fin de destinalos á produción de pezas de caza ou á explotación comercial da actividade cinexética.

2. O seu réxime de explotación cinexética estará baseado en soltas periódicas de pezas de caza criadas en catividade en granxas cinexéticas autorizadas, ou nos cercados destas explotacións, doutros establecementos autorizados, tales como

parques de voo, cercados de aclimatación.

3. A Consellería con competencias determinará regulamentariamente as condicións en que poida desenvolverse esta actividade, en especial as referentes ás persoas físicas ou xurídicas autorizadas a promover a constitución, os controis xenéticos e sanitarios, as especies para as que é autorizable, os requirimentos das soltas, modalidades e períodos de caza e cantas outras se estimen pertinentes.

4. As explotacións cinexéticas comerciais que se refiran a especies de caza menor poderán ser abertas.

5. As explotacións cinexéticas comerciais que se refiran a especies de caza maior deberán estar totalmente cercadas con mallas permeables á fauna salvaxe.

Artigo 36. Declaración dunha explotación cinexética comercial.

1.A declaración de Explotación Cinexética Comercial corresponde ao titular da Consellería competente en materia de caza, previa solicitude do interesado, acreditado da titularidade cinexética dos terreos que sirvan de base territorial a esta e presentación dun Plan de viabilidade empresarial da explotación cinexética. Deberá someterse ao Comité Galego de Caza. O titular da Consellería competente en materia de caza dispoñerá dun prazo de seis meses, contados a partir da presentación da solicitude, para resolver a petición e en todo caso o silencio será negativo.

2.A Consellería competente poderá denegar a solicitude por razóns debidamente motivadas, cando razóns de índole técnico, sanitario, biolóxico ou social así o recomenden.

3.Para autorizar unha explotación cinexética comercial é imprescindible contar coa titularidade cinexética da totalidade dos terreos, en superficie continua, sobre os que pretende constituírse, conforme ao disposto no artigo 22 e 23 desta lei.

4.Quedan prohibidas as explotacións cinexéticas comerciais dentro dos espazos naturais protexidos. No caso de establecerse autorizacións que afecten a límites de espazos naturais protexidos, o promotor haberá de presentar un proxecto para os efectos de que o órgano ambiental decida en cada caso, de forma motivada, se os devanditos proxectos han de someterse ou non a unha avaliación de impacto ambiental.

5. Os cambios que se produzan na titularidade das explotacións cinexéticas haberán de ser autorizados polo titular da Consellería competente en materia de caza.

6. A superficie mínima para poder autorizar este tipo de explotacións é de 1000 hectáreas, se están dedicadas á caza menor, e de 2000 hectáreas cando o obxecto da explotación sexa a caza maior.

7. O aproveitamento das explotacións cinexéticas comerciais rexerese, ademais de pola presente Lei, pola lexislación mercantil e civil que lle resulte aplicable.

8. Os titulares das explotacións cinexéticas comerciais haberán de elaborar un Plan de Ordenación de Caza sen contravir o que dispoña o Plan Xeral de Ordenación de Caza de Galiza, e anualmente un Plan Anual de Aproveitamento Cinexético. Regulamentariamente determinaranse o procedemento para a presentación e aprobación dos devanditos Plans. Incluirán un programa detallado das actuacións de seguimento e control sanitario efectuados antes, durante e despois da soltas para cada unha das especies.

9. Os titulares das explotacións cinexéticas deberán xustificar anualmente ante o órgano administrativo competente en materia de caza o cumprimento da ordenación cinexética vixente en cada momento e a realidade da súa actividade económica, mediante unha memoria económica e a acreditado das contas anuais.

10. Os titulares destas explotacións sinalizaranas conforme á normativa regulamentaria, que para tal efecto se dite, e, en todo caso, están obrigados a sinalizar todo o perímetro da explotación.

11. As explotacións cinexéticas comerciais estarán obrigadas á subscrición dun seguro de responsabilidade civil que cubra os riscos derivados da súa actividade.

12. As explotacións cinexéticas comerciais deberán contar cunha gardería cinexética durante todo o ano, conforme ao disposto nos artigos 86 e 87 desta lei.

13. Os titulares de explotacións cinexéticas comerciais deberán nomear un organizador para cada cazaría colectiva que se realice dentro do seu ámbito de actuación, que terá a condición de responsable da cazaría para os efectos do art. 80 da presente Lei.

14. Por vía regulamentaria determinaranse as condicións ás que deberá suxeitarse a actividade das explotacións cinexéticas, así como o procedemento de extinción.

Artigo 37. Cercados.

1. Enténdese por cercado, para os efectos desta lei, o terreo que se encontre rodeado materialmente por muros, cercas ou valados de forma que en todo o seu perímetro non impidan o tránsito da fauna silvestre non cinexética, nin produza quebranto físico ós animais.

2. O cercado dos terreos levarase a cabo de tal forma que se garanta a conectividade ecolóxica do territorio, permitindo a permeabilidade efectiva e segura para a migración, a distribución xeográfica e o intercambio xenético entre poboacións de especies de fauna e flora silvestres dun modo natural. En concreto, o seu trazado non deberá afectar á función de conexión dos cursos fluviais, permanentes ou temporais, das vías pecuarias, das áreas de montaña, nin doutros elementos do territorio, lineais e continuos, ou que actúan como áreas de enlace.

3. O titular do terreo cinexético está obrigado a retirar os cercados cando, no cumprimento da normativa vixente, sexa requirido para elo pola Administración, debendo facelo no prazo que se determine regulamentariamente. A Administración

autonómica executará subsidiariamente a orde cando a mesma non sexa executada de forma voluntaria repercutindo ó titular o custe da retirada.

4. Os cercados impermeables á fauna cinexética de caza maior con fins de xestión cinexética só se autorizarán para os TECOR e explotacións cinexéticas comerciais previa presentación de memoria técnica conforme as normas ambientais e o contido nesta lei e que deberán desenvolver un programa especial de actuacións que non contraveñan os puntos anteriores deste artigo.

5. Os terreos cercados clasifícanse nas seguintes categorías:

- a) Cercados Cinexéticos.
- b) Zonas de Aclimatación.

Artigo 38. Cercados Cinexéticos.

1.Os Cercados Cinexéticos son aquelas instalacións que están integrados dentro dun TECOR ou dunha explotación cinexética comercial e que se destinan en todo o seu perímetro para impedir o tránsito das especies cinexéticas de caza maior ou a evitación de danos agrícolas ou forestais. O seu obxectivo non será albergar exemplares para a repoboación.

2.Os Cercados Cinexéticos poderán ser de aproveitamento e de protección, e o seu réxime virá determinado regulamentariamente. En todo caso deberán garantir o recollido no artigo 37.2 en canto a conectividade ecolóxica para as especies de fauna, ou de flora no caso de resultar afectada.

3.Quedan prohibidos os cercados e valados impermeables á fauna salvaxe non cinexética en todo o seu territorio, e o uso de materiais que poidan causar danos á fauna, que provoquen o atrapado polo tamaño de retícula da malla, o uso de calquera tipo de arame de espiño, valados electrificados, ou semellantes. En ningún caso, o cerramento material do terreo poñerá en risco ou perigo ás persoas ou animais silvestres ou cinexéticos.

4.Amais estes valados deberán situarse a máis de 3 metros de distancia dos camiños públicos, empregárase unha malla cinexética metálica de 2,5 metros de altura máxima, unha separación entre arames verticais de 30 centímetros, e dos arames horizontais de abaixo a arriba progresivo, cun mínimo de 12 centímetros. Levarán incluídos, para evitar o choque de aves, chapas rectangulares no borde superior dos valados, cunhas dimensións que poden variar entre un máximo de 30x20 centímetros e un mínimo de 20x15 centímetros e de cor brancos. Colocarase ó menos un sinal cada 10 metros lineais de valado. Empregaranse postes de madeira tratada en autoclave, de altura máxima 2,5 metros embutidos no terreo 40 ou 50 centímetros e recubridos con morteiro. Soamente realizaranse limpeza de vexetación para apertura de gabias, cun máximo de 1,5 metros cadrados por poste.

5. Quedan prohibidos os valados de carácter cinexético dentro de espazos naturais protexidos.

6. Os Cercados Cinexéticos terán unha superficie mínima de 500 hectáreas e terán

exclusivamente a consideración de cercados cinexéticos, non permitíndose a conversión de cercados gandeiros, ou doutros cercados non cinexéticos, a cercados cinexéticos nun tempo non inferior a 10 anos dende a súa colocación. As especies cinexéticas de caza maior recluídas entre estes cercados estarán baixo as normas reguladoras de sanidade animal.

7.A construción dun Cercado Cinexético non exime o interesado da obriga de respectar as servidumes de paso ou de calquera outra natureza, xa sexan estas públicas ou privadas.

8. Regulamentariamente desenvolverase o procedemento de autorización, as características e requisitos dos Cercados Cinexéticos, en conformidade co disposto neste artigo e no anterior, así como os casos en que proceda a supresión destes co obxecto de promover maiores unidades de aproveitamento e mellorar as condicións de vida dos animais.

Artigo 39. Zonas de Aclimatación.

1. As Zonas de Aclimatación son aqueles terreos cercados, que están integrados dentro dun TECOR ou dunha explotación cinexética comercial, e que se destinan a impedir o tránsito das especies cinexéticas de caza maior e menor co único obxecto de preparalas para a súa repoboación.

2. Queda prohibida a caza, e o uso de cans, dentro das zonas de aclimatación.

3. A instalación dunha Zona de Aclimatación non exime o interesado da obriga de respectar as servidumes de paso ou de calquera outra natureza, xa sexan estas públicas ou privadas.

4. En ningún caso, o cercado material da Zona de Aclimatación poñerá en risco ou perigo ás persoas ou animais silvestres, e deberán garantir o recollido no artigo 37.2 en canto a conectividade ecolóxica para as especies de fauna, ou flora de darse o caso.

5. No caso de que os cercados se atopen dentro de espazos naturais protexidos precisarase dunha memoria técnica a engadir como anexo no Plan de Ordenación de Caza ou no seu plan anual. De interferir no mantemento da conectividade ecolóxica do territorio, afectando a calquera tipo de espazo, onde se atopen especies de flora e fauna incluídos en catálogos de especies ameazadas, quedaran prohibidos estes cercados.

6. Queda prohibido circular con armas de caza cargadas e o seu emprego nas Zonas de Aclimatación, así como disparar cara elas cando os proxectís poidan alcanzalas.

7. Regulamentariamente desenvolverase o réxime de autorización, dimensións e funcionamento das Zonas de Aclimatación.

CAPÍTULO IV. O EXERCICIO DA CAZA NAS ZONAS DE SEGURIDADE

Artigo 40. As zonas de seguridade.

1. Son zonas de seguridade aquelas áreas nas que deban adoptarse medidas precautorias especiais co obxecto de garantir a integridade física e a axeitada protección das persoas e bens.

2. Considéranse zonas de seguridade:

a) As marxes e zonas de servidume, que se encontren cercadas, das vías e camiños de uso público e as vías férreas, ampliados nunha franxa de cincuenta metros de ancho a ambos os dous lados do peche.

b) As demais vías de circulación de uso público e as vías férreas non cercadas ampliadas nunha franxa a ambos os dous lados de cincuenta metros dende o eixe da vía de circulación.

c) O dominio público marítimo-terrestre e o dominio hidráulico, masas de augas superficiais, incrementado este último nunha franxa de 5 metros en cada unha das súas marxes.

d) Os perímetros dos núcleos urbanos e rurais e doutras zonas habitadas ampliado nunha franxa de cen metros en todas direccións.

e) Os perímetros das poboacións, edificios habitables illados, xardíns e parques públicos, áreas recreativas, elementos patrimoniais e xacementos arqueolóxicos catalogados coma bens de interese cultural, os Camiños de Santiago, zonas de acampada, recintos deportivos, fábricas e establecementos industriais, explotacións agrarias prioritarias, ampliados nunha franxa de cen metros, en todas direccións.

f) Calquera outro lugar que polas súas características sexa declarado como tal polo titular da dirección xeral competente en materia de caza.

3. Nos sendeiros e camiños rurais pouco transitados, polos que non poda circular un vehículo de 4 rodas, destinados ao paso a pé e ao uso agrícola ou forestal, poderase cazar sempre que as condicións de seguridade o permitan. Estes límites non serán de aplicación cando a persoa cazadora poida ver 250 metros en cada sentido do camiño.

4. En todas as zonas de seguridade se prohíbe circular con armas cargadas, usalas ou disparar en dirección a elas.

5. Calquera persoa física ou xurídica, pública ou privada, poderá solicitar, fundadamente, á Consellería competente en materia de caza a declaración como zona de seguridade dun determinado lugar. As devanditas zonas, en caso de ser declaradas así, deberán ser sinalizadas pola administración.

6. De forma excepcional, cando non existan outras medidas satisfactorias, previa xustificación técnica, poderase autorizar a realización de accións cinexéticas concretas en zonas de seguridade para evitar perigos para as persoas ou danos na agricultura, gandería, masas forestais ou fauna silvestre.

CAPÍTULO V. ZONAS DE ADESTRAMENTO E DE CAZA PERMANENTE E A SINALIZACIÓN DOS ESPAZOS CINEXÉTICOS

Artigo 41. As zonas de adestramento de cans e cetrería.

1. Co fin de que os cans de caza e as aves de cetrería destinadas á caza poidan ser adestrados, nos Plans de Ordenación Cinexética poderán delimitarse as zonas, épocas e condicións en que se poderán levar a cabo a devandita actividade.

2. A tenza de cans e aves para a cetrería con fins cinexéticos estará respectivamente ao disposto nos artigos 61 e 62 desta lei.

3. A zona terá unha axeitada e doada delimitación e quedará separada dos núcleos habitados pola zona de seguridade, e igualmente quedará separada dos lindeiros do TECOR por unha distancia mínima de 500 m salvo que medie acordo entre os titulares dos TECOR adxacentes.

4. Con carácter xeral non se poderán establecer dentro de espazos naturais protexidos. De maneira excepcional estes espazos acollerán zonas de adestramento, cando a superficie do TECOR incluída dentro do espazo natural protexido supere o 60% da súa superficie total, e para o que será preciso entregar unha memoria técnica na que se establezan o tipo de medidas preventivas a desenvolver cara a non afectación da fauna ou flora ameazada presente no espazo natural.

5. Non se poderán establecer zonas de adestramento de cans naqueles hábitats nos que se atope presente poboacións de cría, niños, goridas, tobeiras, ou semellantes, de especies incluídas no catálogo de especies ameazadas, e no caso de mamíferos ou aves tamén as recollidas en listas vermellas de especies protexidas.

6. As zonas de adestramento permanecerán vedadas durante a tempada hábil de caza, sen que poidan incluírse na superficie que o TECOR debe destinar a vedados de caza.

7. Non se poderá adestrar cans ou aves de cetrería destinadas á caza durante a época de maior sensibilidade na cría das especies silvestres, tanto cinexéticas coma non cinexéticas, presentes, na zona. En todo caso estarase ao disposto respectivamente aos artigos 61 e 62.

8. O adestramento de cans e aves de cetrería destinadas para a caza, así como as súas épocas, regulárase regulamentariamente.

Artigo 42. A sinalización dos espazos cinexéticos

1. Os titulares dos terreos cinexéticos sometidos a réxime especial están obrigados a sinalizar tódolos seus límites, con carteis e sinais indicadores da súa condición cinexética, conforme ao que se determine regulamentariamente. Deberán sinalizar as superficies non incluídas dentro da constitución do TECOR conforme ao disposto no artigo 24.2 desta lei.

2. A Consellería competente en materia de caza está obrigada a sinalizar as zonas libres nas que estea permitida a caza, as zonas de seguridade conforme ao disposto no artigo 40, e outros terreos non cinexéticos declarados como zonas de seguridade conforme ao disposto no artigo 17 desta lei.

3. Está prohibido destruír, alterar ou cambiar os carteis e sinais indicadores da condición cinexética dun terreo.

4. Regulamentariamente establecerase o réxime de aplicación á sinalización nos terreos Cinexéticos, pero de forma que unha persoa situada nunha delas teña ao alcance da súa vista as dúas máis inmediatas, sen que a separación entre carteis contiguos exceda de 600 metros nin a dos sinais de 200 metros .

TÍTULO III. A ORDENACIÓN E APROVEITAMENTO CINEXÉTICOS

Artigo 43. A ordenación da caza.

1.A ordenación da caza quedará sometida con carácter xeral ao que digan as normas, decretos e ordes de caza, e no seu defecto a aquelas medidas, no que lles afecte, do resto de normas relacionadas coa ordenación dos recursos naturais e dos recursos forestais e outros aproveitamentos do monte que contén cun plan de ordenación vixente. Son instrumentos de ordenación cinexética:

- a) A orde anual de vedas.
- b) O Plan Xeral de Ordenación da Caza de Galiza.
- c) Os Plans técnicos de ordenación cinexética.

2. A ordenación de caza mediante estes instrumentos ten por obxecto identificar as comarcas cinexéticas características do territorio galego, e dentro delas as distintas unidades cinexéticas, mediante os plans técnicos de ordenación.

Nos que se identifiquen cada un dos recursos cinexéticos susceptibles de xestión e aproveitamento, a súa relación de dependencia e conectividade co territorio natural no que están presentes, o seu estado de conservación, a súa capacidade e intensidade para poder ser aproveitados cinexeticamente.

3. Os instrumentos de ordenación cinexética permitirán determinar as alternativas de xestión e as limitacións que deban establecerse, á vista do estado de conservación e das poboacións das especies cinexéticas, para o conxunto do territorio.

Artigo 44. A Orde de vedas.

1.A Consellería titular das competencias de caza, escoitado o Comité Galego de Caza, publicará anualmente, coa suficiente antelación, unha orde na que se determinarán as limitacións e épocas hábiles de caza das distintas especies, así coma os réximes especiais necesarios e a normativa de aplicación nos terreos cinexéticos.

2.A orde de vedas terán necesariamente, como mínimo, o seguinte contido:

- a) Os días hábiles para o exercicio da caza.
- b) Os horarios hábiles para o exercicio da caza.
- c) As especies cuxa caza se autoriza, con diferenciación entre as especies de caza maior e menor, e dentro de esta en listas diferenciadas as aves migratorias e as

acuáticas.

d) A regulación específica para cada especie cinexética que se determine na orde, que garantirá, en todo caso, a viabilidade das súas poboacións e a súa supervivencia.

e) As modalidades de caza autorizadas, e as medidas específicas para caza maior.

f) As normas específicas de protección á fauna que se consideren necesarias para esa temporada de caza.

g) As normas específicas previstas para as especies cinexéticas, e as unidades cinexéticas, incluídas dentro dos terreos cinexéticos sometidos a réxime común, zonas libres, e terreos cinexéticos sometidos a réxime controlado, previstos nos artigos 20 e 21 desta lei.

h) A actualización das contías das sancións conforme ás variacións do índice de prezos ao consumo de Galiza.

Artigo 45. O Plan Xeral de Ordenación da Caza de Galiza.

1. A Consellería titular das competencias de caza elaborará un Plan Xeral de Caza de Galiza, o cal pola súa transcendencia ambiental deberá ser sometido ao preceptivo proceso de información e participación pública, e requirirá ademais o informe previo do Comité Galego de Caza, sendo aprobado mediante Acordo do Consello da Xunta.

2. O Plan Xeral de Caza de Galiza terá como finalidade manter unha información completa das especies cinexéticas, a súa evolución xenética no conxunto do territorio galego, así como a súa distribución en cada unha das comarcas cinexéticas, que por características zooxeográficas, se establezan, e a súa relación de conectividade entre ditas comarcas.

3. O Plan Xeral de Caza de Galiza establecerá os criterios orientadores sobre a adecuación dos aproveitamentos cinexéticos ao conxunto das peculiaridades do territorio, contribuindo á identificación de comarcas cinexéticas, e das redes ecolóxicas compostas polos diferentes tipos de territorios cinexéticos, a súa conectividade cos espazos naturais de alto valor e resto de espazos do territorio, que permita ter unha análise dos movementos e a dispersión das poboacións de especies cinexéticas, a efectos de garantir a funcionalidade dos ecosistemas, control de densidades, e posibles perturbacións sobre outras especies e cultivos.

4. O Plan Xeral de Caza de Galiza establecerá os criterios orientadores para integrar os distintos plans de ordenación cinexéticas permitindo que a actividade cinexética que se practica en cada un dos territorios se realice dunha maneira coordinada e baixo pautas semellantes en cada unha das comarcas cinexéticas establecidas, no tocante aos aproveitamentos de cada unha das especies, e con especial atención para as de caza maior.

5. O Plan Xeral de Caza de Galiza incluírá unha análise da influencia das actividades socioeconómicas da zona, a súa repercusión na protección da natureza, e sobre os aproveitamentos ordenados forestais e do monte, e a determinación de zonas de concentración de puntos de interacción e perturbación fronte a outros bens que se precisen protexer, tales como afectación á cultivos vexetais, ou detección de puntos de sinistros en materia de seguridade viaria. Ditas zonas serán responsabilidade da Consellería titular das competencias en caza.

6. As zonas identificadas no apartado anterior, no que exista recorrencia de danos, e non concorran irresponsabilidade na forma de aplicar o plan de ordenación de caza por parte do titular do aproveitamento cinexético, estarán cubertas cun fondo de compensación que faga fronte aos prexuízos económicos xerados. O fondo de compensación por danos constituirase polas achegas das taxas das licencias e matrículas de caza e os que faga a Consellería competente en materia de caza, que anualmente establecerá a contía de compensación, a prioridade das áreas cubertas por este fondo, os criterios de asignación e reparto, previo sometemento no Comité Galego de Caza.

Para aqueles áreas non incluídas en zonas de concentración de danos, ou nos que concorran irresponsabilidade por parte do titular do aproveitamento cinexético, será responsabilidade do titular do aproveitamento cinexético facer fronte aos danos reclamados.

7. O plan xeral de caza aprobarase nun prazo máximo de dous anos dende a entrada en vigor desta lei. Terá unha vixencia máxima de seis anos. Anualmente someterase para a súa aprobación ao Comité Galego de Caza un informe técnico elaborado, a partir da información proporcionada polas oficinas técnicas de cada comarca cinexética, dos titulares dos aproveitamentos cinexéticos, e polo órgano competente da Consellería, que conteña as actualizacións encamiñadas a:

- a) Axustar o estado de conservación para cada unha das especies cinexéticas, así como a demografía das súas poboacións, en particular as de caza maior.
- b) Revisión das zonas de concentración de danos.
- c) Revisión do grado de cumprimento da integración dos plans de caza dentro dos plans de conservación ou ordenación dos espazos naturais protexidos.
- d) Revisión do grado de cumprimento no desenvolvemento e aplicación dos Plans de Ordenación de Caza, os Plans Anuais de Aproveitamento e das súas memorias.

Artigo 46. Plan de Ordenación Cinexético.

1. Os terreos sometidos a réxime común e réxime especial contarán cun Plan de Ordenación Cinexético que analizará a situación das poboacións animais e establecerá as condicións para o seu aproveitamento, co fin de garantir a biodiversidade e o uso sostible dos recursos cinexéticos. Deberán ser coherentes co disposto no Plan Xeral de Ordenación de Caza, adecuándose a todas aquelas prescricións obrigatorias dende o momento da aprobación do Plan Xeral e mentres que estea vixente.

No caso dos terreos sometidos a réxime común poderán contar cunha memoria técnica mediante un procedemento abreviado, cuxas características se determinarán regulamentariamente, e que se adecúen ao Plan Xeral de Caza de Galicia.

2. O Plan de Ordenación Cinexética para os terreos sometidos a réxime controlado, segundo o disposto no artigo 21 desta lei, ademais de incluír os aspectos recollidos

neste artigo, deberá adecuarse e integrarse no instrumento de ordenación e conservación co que conte o espazo protexido, como anexo, quedando en todo caso sometido ás consideracións do plan de conservación do espazo, do catálogo de especies ameazadas e os seus plans de conservación, de maneira que se manteña a coherencia dos fins polos que estes espazos están protexidos.

3. O Plan de Ordenación Cinexética deberán adecuarse ás medidas e obxectivos que recolla o plan de ordenación de montes nos que teña lugar o aproveitamento. Dito plan de ordenación de caza informará das medidas de adecuación e coherencia con respecto ao Plan de Ordenación do Monte.

4.O Plan de Ordenación Cinexética será realizado por técnico universitario con experiencia acreditada en materia cinexética, e aceptado polo representante titular do aproveitamento cinexético. Presentarase para o seu análise técnico á oficina técnica comarcal ou ao órgano provincial onde se atope a maioría do territorio do terreo cinexético. No caso de atoparse en máis dunha provincia remitirase aos servizos da dirección xeral con competencias.

5. Os servizos provinciais, ou a dirección xeral, con competencias, poderán devolver o Plan presentado ao titular do aproveitamento cinexético, sinalando as modificacións ou concrecións que deban realizarse.

A tal efecto concederase un prazo non superior a seis meses para a corrección das deficiencias advertidas.

6.Unha vez que se conte coa valoración técnica favorable por parte dos servizos provinciais, ou da dirección xeral, con competencias, o documento remitirase para a súa aprobación ao Comité provincial de caza, ou o Comité galego de caza no caso de atoparse en máis dunha provincia.

7.En ningún espazo, e con independencia da titularidade pública ou privada do mesmo, poderá practicarse ningunha clase de aproveitamento cinexético, mentres este non se atope suxeito a un plan de ordenación cinexética.

8.O Plan terá unha vixencia máxima de cinco anos, tras os cales deberá presentarse outro para optar a continuar co aproveitamento ata o fin da vixencia do terreo cinexético. No caso de que se produzan danos graves e repetidos nos cultivos agrícolas ou forestais, gandería, ou fauna e flora silvestres, deberá modificarse o plan antes do fin da súa vixencia.

9. Unha vez aprobados, e durante o seu período de vixencia, o exercicio da caza rexerese polo Plan de Ordenación de Caza, sen prexuízo do que dispoña o Plan Xeral de Caza de Galiza, as ordes xerais de vedas, ou calquera outra medida que se adoiten de acordo co previsto nesta Lei e nas disposicións que a desenvolvan.

9. O Plan de Ordenación Cinexética conterá os datos do estado cinexético, dentro do cal deben figurar, polo menos, a definición e descrición das unidades de aproveitamento e inventario e a estimación dos parámetros das poboacións como abundancia e produtividade das especies obxecto de aproveitamento, así como unha avaliación da capacidade de carga do hábitat, e as medidas de recuperación

de hábitats.

Incluiranse neste:

- a) O establecemento dos obxectivos de ordenación, de acordo coa información recollida na fase de inventario.
- b) A estimación da extracción sostible en función da evolución prevista das poboacións cinexéticas.
- c) A zonificación da área, un sistema de seguimento da propia planificación e unha previsión de mecanismos correctores, con previsión do desaxuste a que se refire o art. 47.4 da presente Lei.
- d) As accións de conservación e/ou de recuperación das especies cinexéticas, así como, se procede, doutras especies silvestres. En todo caso, de existir especies incluídas no catálogo galego de especies ameazadas detallaranse as accións de conservación precisas para que a actividade cinexética, durante todo o ano, non interfira coas medidas de protección establecidas para elas.
- e) As accións e modalidades complementarias tales como o adestramento de cans, a solta- captura e outras similares, desenvolvidas en espazo e tempo.
- f) As accións de prevención de danos de cultivos e na rede viaria das especies cinexéticas presentes no TECOR.
- g) A xestión dos vedados de caza.
- h) O estudo dos hábitats e das especies e a súa compatibilidade coa acción cinexética.
- i) As accións de mellora na restauración e conservación que beneficie ao conxunto de especies naturais, así como das cinexéticas, e como complemento das actividades de aproveitamento cinexético, segundo o disposto no artigo 23.9 desta lei.
- l) Calquera outro aspecto que regulamentariamente se determine.

10. Os titulares dos TECOR están obrigados a comunicar á Consellería competente en materia de caza calquera dato que lles sexa requirido en relación ao desenvolvemento e execución do Plan de Ordenación Cinexética.

11. Anualmente a Dirección Xeral titular das competencias escollera por sorteo un plan de ordenación cinexética por cada provincia de entre os terreos cinexéticos especiais, e do mesmo modo de entre os terreos cinexéticos controlados, para sometelos a valoración dun comité científico externo, con especialistas procedentes das universidades, co obxecto de avaliar a calidade técnica dos documentos e a súa eficiencia, idoneidade e desviacións na súa aplicación, e suxestións xerais, presentándose un informe diante do Comité Galego de Caza coas conclusións e facéndose público.

Artigo 47. Memoria e Plan Anual de Aproveitamento Cinexético.

1. Todos os terreos cinexéticos presentarán anualmente unha memoria sobre a xestión efectuada na anualidade anterior, na que se contemplará de maneira detallada as actuacións de mellora acometidas, e un plan de xestión para a seguinte temporada que conteña o desenvolvemento e execución, e a súa adecuación, ás previsións contidas no Plan de Ordenación de Caza, e as revisións efectuadas do Plan Xeral de Caza de Galicia nesa temporada.

2. A Memoria e o Plan Anual de Aproveitamento Cinexético entregarase antes da data que regulamentariamente se estableza, por parte dos titulares do aproveitamento cinexético, á oficina técnica cinexética comarcal ou a xefatura territorial correspondente da Consellería competente en materia de caza, ou a súa Dirección Xeral, no caso de atoparse os terreos en máis dunha provincia, ou ser zonas de caza controlada. Estes datos serán empregados para a revisión anual do Plan Xeral de Caza de Galiza.

3. Non poderá practicarse aproveitamento ningún mentres que a memoria e o plan anual de xestión no estean aprobados pola Consellería competente en materia de caza. Transcorrido o prazo de seis meses dende a súa presentación sen resolución expresa, entenderanse aprobados.

4. A memoria e o plan anual de xestión detallarán e xustificarán, os posibles desaxustes entre as previsións do Plan de Ordenación Cinexética ou do Plan Anual de Aproveitamento Cinexético e a realidade do aproveitamento cinexético. A oficina técnica cinexética comarcal, previa autorización da xefatura territorial correspondente da consellería competente en materia de caza, poderá requirir ó titular do TECOR para que no prazo de tres meses proceda á revisión do plan ou plans que se vexan afectados polo devandito desaxuste, podendo o xefe territorial suspender a actividade cinexética en tanto non se aproben a revisión ou revisións que procedan.

Reglamentariamente determinaranse os criterios que determinen cando o desaxuste referido no apartado anterior poderá orixinar a obriga de revisión da ordenación cinexética dun TECOR.

5. Sen prexuízo da Memoria, os titulares dos TECOR están obrigados a comunicar aos órganos da Consellería competente en materia de caza calquera dato que lles sexa requirido en relación ao desenvolvemento e execución do Plan de Ordenación Cinexética.

A non comunicación de datos poderá supoñer a denegación da aprobación do Plan Anual de Aproveitamento Cinexético da tempada seguinte a aquela da cal non se proporcionasen datos na forma legalmente establecida.

Artigo 48. A xornada hábil de caza.

1. A xornada hábil de caza iniciarase unha hora antes da saída do sol e finalizará unha hora despois do seu ocaso, salvo autorización expresa en contrario.

2. A actividade cinexética considérase finalizada:

a) Cando se cobre a cota establecida. Non obstante, cando se advirta que unha peza quedou ferida poderase seguir o seu rastro, co fin de cobrala mentres dure a xornada hábil e coa arma descargada.

b) Cando se cometese unha infracción grave polos participantes que afecte ao desenvolvemento normal da cazaría e que, a xuízo dos axentes con competencia na vixilancia das cazarías, se estime conveniente dala por concluída.

c) Cando así o dispoña o responsable da cazaría.

3. Non serán días hábiles as xornadas chamadas como días de fortuna; entendendo estes como aqueles nos que como consecuencia de incendios, nevadas, epizootias, inundacións, secas ou outras causas, as pezas de caza se ven privadas das súas facultades normais de defensa ou obrigadas a concentrarse en determinados lugares.

4. Non serán días hábiles cando pola néboa, nevadas, fumes ou outras causas se reduza a visibilidade de forma que poida resultar perigoso para as persoas ou os seus bens. En todo caso, prohíbese cazar cando a visibilidade sexa inferior a 250 metros.

TÍTULO IV. DA PROTECCIÓN E CONSERVACIÓN DA CAZA, DAS SÚAS MODALIDADES E PROHIBICIÓNS

CAPÍTULO I. DA PROTECCIÓN E CONSERVACIÓN

Artigo 49. Da integración das medidas de protección e conservación.

1. A actividade cinexética desenvolverase de xeito que permita a súa mellor integración no conxunto de actividades que teñen lugar no medio natural e rural. Toda actividade cinexética adecuarase ao disposto nas diferentes medidas sectoriais de protección da natureza, e da xestión dos recursos do monte, de xeito que contribúa coma unha actividade complementaria, compatible e sostible coa promoción do resto de actividades que teñan lugar neses territorios.

2. As directrices de ordenación cinexética incluídas no Plan de Ordenación de Caza de Galiza poderán establecer recomendacións técnicas dos usos agrícolas, as de pastoreo e os tratamentos silvícolas de modo que tamén poidan redundar no fomento e beneficio da riqueza cinexética e dos seus hábitats.

3. A Consellería competente en materia de caza establecerá as disposicións que garantan a compatibilidade entre a conservación da riqueza cinexética, e do seu aproveitamento, con outros recursos naturais como a recolección de cogomelos e outros produtos naturais, de modo que non se produzan situacións de risco en canto a seguridade ou molestias entre ámbolos aproveitamentos.

4. Co obxecto de favorecer as medidas de protección a Consellería titular das competencias fomentará e contribuirá ao establecemento de comarcas cinexéticas, mediante a fusión de dous ou máis TECOR que compartan unidades de xestión cinexéticas de características homoxéneas segundo o disposto nos apartados 4 e 5 do artigo 23.

5. Para acadar este obxectivo estableceranse:

- a) Medidas de protección das especies.
- b) Medidas de protección dos hábitats das especies cinexéticas.
- c) Medidas de protección na xestión dos usos múltiples do monte.

Artigo 50. Das medidas de protección das especies.

1. A protección das especies cinexéticas constituirá unha das principais

responsabilidades dos titulares do aproveitamento cinexético debendo, en todo momento, velar polo adecuado cumprimento desta lei e de todas aquelas normas de protección do medio natural.

2. Toda a actividade cinexética, que os titulares do aproveitamento realicen durante todo o ano, tanto as consistentes na acción activa de cazar como as preparatorias ou pasivas de mantemento das boas condicións durante o resto da temporada, deberán ser compatibles coa protección das especies cinexéticas, e das súas poboacións, e a súa relación co resto de especies silvestres, e sen que se chegue alterar en ningún momento os principios elementais necesarios para o mantemento do equilibrio ecolóxico entre ambas.

3. Toda a actividade cinexética, tanto activa como pasiva, dentro de territorios onde estean presentes de maneira constante especies ameazadas en perigo de extinción, segundo os catálogos oficiais de especies ameazadas, deberán adecuar todas aquelas medidas necesarias que se prescriban nos respectivos plans de conservación de ditas especies, incluíndo propostas de zonas vedadas.

4. Co obxecto de recuperar as poboacións das especies de fauna en xeral, e cinexéticas en particular, nos territorios queimados non se poderá realizar ningunha acción de cazar, nin de actos preparatorios, no tempo disposto pola lexislación de montes. No caso dos considerados grandes incendios, cun impacto severo ou crítico sobre as especies faunísticas ou o seu hábitat a prohibición estenderase a un mínimo de 3 anos.

5. Os titulares dos aproveitamentos cinexéticos promoverán, fomentarán e divulgarán pautas de respecto de tódalas especies, silvestres e cinexéticas, sen causarlles molestias e perturbacións non necesarias, actuando de xeito responsable, e entregando aos servizos de recuperación de fauna aqueles exemplares feridos que se poidan atopar no exercicio da actividade cinexética.

6. A efectos de protexer e garantir poboacións de especies cinexéticas que polo seu grado de interese biolóxico, pureza xenética, ou circunstancias especiais para a protección, o órgano titular en materia de caza da Consellería poderá vedar toda ou parte da superficie na que se desenvolvan ditas especies, ou reducir o período hábil de caza.

7. As actuacións públicas ou privadas que poidan alterar as condicións do medio, afectando ás especies cinexéticas en ditas áreas, deberán contar cun informe previo da Consellería con competencias en materia cinexética.

8. En caso de incumprimento grave dos aspectos contidos no apartado anterior, a Consellería titular con competencias en materia de caza poderá suspender a actividade cinexética de maneira permanente ou ata que se corrixa os danos causados.

Artigo 51. Das medidas de protección dos hábitats das especies cinexéticas.

1. A fin de protexer e conservar o hábitat natural das diferentes especies cinexéticas, os titulares do aproveitamento cinexético promoverán actuacións en

beneficio destas áreas, contribuíndo ao mantemento do equilibrio das funcións ecolóxicas do entorno natural, sendo obxectivos principais, mantelos no mellor estado natural posible, e favorecendo a conexión ecolóxica dos distintos territorios, e as axeitadas condicións para o desenvolvemento normal de tódalas especies presentes.

2. Os titulares dos aproveitamentos cinexéticos incorporarán nos seus Plans de Ordenación Cinexética unha relación detallada da contribución de protección, recuperación e conservación conforme ao disposto no artigo 23.9 desta lei.

3. A fin de fomentar este tipo de medidas nos terreos cinexéticos a Xunta de Galiza acordará regulamentariamente as oportunas medidas de axudas para o logro de dito obxectivo e cantas outras de carácter limitativo, correctoras ou restauradoras persigan idéntica finalidade.

4. A Consellería titular das competencias de caza poderá declarar determinadas áreas ou hábitats coma zonas de especial interese cinexético, por presentar excepcionais características para o mantemento da xenética das especies cinexéticas, ou por convivir as especies cinexéticas con outras especies naturais ou en hábitats de extrema fragilidade. Estas áreas estarán sometidas ao previsto para os terreos cinexéticos sometidos a réxime controlado segundo o disposto no artigo 21 desta lei.

5. As actuacións públicas ou privadas que poidan alterar as condicións do medio, afectando ás especies cinexéticas en ditas áreas, deberán contar cun informe previo da Consellería con competencias en materia cinexética.

Artigo 52. Das medidas de protección na xestión dos usos múltiples do monte.

1. Toda actividade cinexética desenvolverase de modo que sexa compatible coa promoción e conservación dos diferentes e múltiples usos do monte, tanto cun valor económico coma polo súa mera importancia ecosistémica para o conxunto da sociedade.

2. A xestión cinexética nunca poderá ser un impedimento para o desenvolvemento doutros usos do monte promovidos por Comunidades de Montes en Man Común, e en todo caso, terán un carácter complementario a outro tipo de aproveitamentos.

3. O aproveitamento cinexético e a súa xestión deben contribuír á conservación e mantemento dos usos múltiples do monte, adecuando as súas actuacións de mellora dos hábitats e das especies de xeito que repercuta tamén nun beneficio do valor do monte.

Artigo 53. Do estado sanitario das especies de caza.

1. A Administración autonómica velará polo estado sanitario das especies cinexéticas e adoptará, no ámbito das súas competencias, as medidas necesarias, para previr, detectar, comprobar, diagnosticar e eliminar calquera brote ou foco infeccioso, incluso a captura, o abatemento ou a prohibición do exercicio da caza, para previr e eliminar as posibles epizootias e zoonoses.

2. Os titulares do aproveitamento cinexético deberán comunicar inmediatamente ao coñecemento da existencia de posibles epizootias e zoonoses que afecten ás especies cinexéticas ante as oficinas técnicas cinexéticas comarcais.

3.As inspeccións sanitarias realizaranse na forma e condicións que regulamentariamente se determinen.

Artigo 54. Control de velenos.

1.Os plans de ordenación cinexética incluírán unha cláusula de condicionalidade no seu compromiso de salvagardar os terreos cinexéticos da presenza ou aparición de velenos.

2. O titular do aproveitamento cinexético apoiará, coa vixilancia efectuada pola súa gardería, amais dos seus técnicos xestores, o traballo de investigación e loita realizado polo persoal especializado dependente da Consellería con competencias en materia de loita e prevención contra os velenos. No caso de aparición de animais envelenados informará inmediatamente ás forzas de seguridade do estado e ao órgano da Consellería con competencias en materia cinexética.

3. A Consellería con competencias en materia de caza, conxuntamente cos órganos responsables en materia de conservación da natureza, porá en marcha a Estratexia galega contra o uso de cebos envelenados no medio natural.

4.Regulamentariamente establecerase o protocolo de recollidas de mostras e laboratorios de referencia para a súa análise.

5. A Consellería con competencias en materia cinexética fará públicos anualmente, ou en prazos de tempo máis curtos, de considerarse necesario, os casos rexistrados e a súa localización. Igualmente darase publicidade nas zonas onde se rexistre a presenza de velenos, e informará ás partes interesadas que así o requiran. De oficio abrirá un expediente de investigación sobre os feitos, e nos que deberá contar cun informe escrito da versión dos feitos por parte dos titulares do aproveitamento cinexético, a súa non colaboración será motivo de apertura de sanción.

6. A presenza recorrente de episodios de veneno nun terreo cinexético, e para os que o titular do aproveitamento cinexético, non teña denunciado con antelación ou non ofrezca unha resposta clarificadora dos feitos, será motivo do peche inmediato do aproveitamento cinexético ata que se esclarezan os feitos. En todo caso, o peche provisional do TECOR será mínimo de seis meses dende o momento da aparición do veneno ou de exemplares envelenados.

Artigo 55. Das repoboacións cinexéticas.

1. A introdución de especies ou subespecies cinexéticas nos terreos cinexéticos en réxime especial estará sometida á autorización expresa da Dirección Xeral competente en materia de caza. Nos terreos de aproveitamento cinexético común, controlado, refuxios de fauna e terreos non cinexéticos, ditas repoboacións soamente poderán ser realizadas pola Consellería con competencias.

2. Queda prohibida a introdución de especies ou subespecies de caza que poidan desprazar ou competir polo hábitat coas especies silvestres naturais, alterar a súa pureza xenética ou os equilibrios ecolóxicos.
3. A Consellería competente en materia de caza determinará regulamentariamente as especies ou subespecies susceptibles de introdución en cada Comarca Cinexética, para reintrodución ou reforzamento, así como a forma de acreditar que os exemplares liberados non alteren a pureza xenética das especies autóctonas.
4. Os exemplares a liberar nas repoboacións deberán proceder dunha granxa cinexética ou unha explotación cinexética autorizada, no que se acredite mediante certificado as garantías sanitarias dos mesmos.
5. Cando proveñan de capturas en terreos abertos, estas deberán contar con autorización expresa da Consellería con competencias e deberase acreditar a súa procedencia e a legalidade da súa captura e, en calquera caso, o seu correcto estado sanitario mediante certificación por técnico universitario competente que acredite tal condición.
6. No traslado de especies para a súa introdución estarase ao disposto na normativa reguladora de sanidade animal.
7. As especies de caza maior deberán someterse a un período de corentena antes da súa solta. Os criterios de traslado, período de corentena, e soltas determinaranse regulamentariamente.

Artigo 56. Anelamento e marcado.

A Consellería titular das competencias de caza poderá ditar normas para a práctica do anelamento ou marcado de especies cinexéticas sen prexuízo do que establezan outras disposicións ao respecto.

2. Quen atope ou capture algunha peza portadora de anelas ou marcas empregadas para a identificación de animais deberán comunicalo á Consellería facendo chegar á mesma aqueles sinais e datos sobre o lugar e tempo da aprehensión.

CAPÍTULO II. DAS MODALIDADES DE CAZA

Artigo 57. Das modalidades de caza.

1. As modalidades autorizadas para a caza menor son as seguintes:

- a. En man: consiste nun grupo de persoas cazadoras que, con ou sen a axuda de cans, colocados en liña e separados entre si por unha distancia variable, avanza cazando nun terreo.
- b. Olleo: consiste en bater un determinado terreo por olladores sen cans para que a caza pase por unha liña de persoas cazadoras apostados en lugares fixos.
- c. Ao salto: consiste en que a persoa cazadora en solitario ou con can, percorre o

terreo para disparar sobre as pezas de caza que encontre.

d. Ao paso ou en posto fixo ou espera: consiste en que o cazador, dende un posto fixo, espera a que as pezas pasen polo lugar ou acudan a el espontaneamente ou con axuda de reclamos.

e. Zapeo: Modalidade usada exclusivamente para o coello e o raposo, consistente en bater un determinado terreo por persoas cazadoras con ou sen axuda de cans, para que os coellos ou raposos escorrentados pasen por onde están apostados as outras persoas cazadoras do grupo. O número máximo de persoas cazadoras nos postos deberá ser inferior a 10.

2. As modalidades autorizadas para a caza maior son as seguintes:

a. Montaría: consiste en bater con axuda de cans unha mancha ou extensión de monte pechada polas persoas cazadoras distribuídos en armadas e colocados en postos fixos. Neste caso as persoas batedoras só poderán portar armas brancas para o remate das pezas. O número de persoas cazadoras en postos será entre 20 e 50 e o de cans, ata 5 grupos de cans, con 22 cans máximos por grupo de cans.

b. Batida e Gancho: Son unha modalidade de caza colectiva para a caza maior e a caza do raposo, na que participarán un mínimo de 10 persoas cazadoras e un máximo de 30 en postos, que non poderán variarse durante o desenvolvemento da actividade. No caso da batida os postos serán fixos sen que as persoas cazadoras se poidan mover del. No caso dos ganchos, permitirase o movemento entre postos, só cando sexa autorizado mediante aviso por emisora por parte da persoa designada coma xefe da cazaría, unha vez comprobado que o cambio pode realizarse con seguridade.

Poderanse utilizar ata 30 cans, en dous grupos como máximo, sen prexuízo dunha posterior confusión. Os cans poden ser acompañados por persoas cazadoras, no exercicio da caza. Nesta modalidade non hai auxiliares de caza. A acción consistente no rastrexo polas persoas cazadoras da zona da batida con cans atados con trela para localizar o encame das pezas considérase acción preparatoria da caza.

c. Axexo: consiste en que o cazador, co ánimo de abatela, busca a peza con axuda dun garda ou dun guía.

d. Agardo ou espera: consiste en que o cazador espera apostado nun lugar a que a peza acuda espontaneamente a el.

3. Regulamentariamente determinaranse as condicións e requisitos para a práctica das modalidades de caza.

Artigo 58. Competicións cinexéticas.

1. Teñen a consideración de competicións cinexéticas as probas cualificadas como tales pola Federación Galega de Caza, cuxa práctica haberá de ser conforme ás disposicións da presente Lei e as súas normas de desenvolvemento.

2. As competicións cinexéticas só poderán realizarse en terreos cinexéticos sometidos a réxime especial e previa autorización do titular da xefatura territorial

correspondente da consellería competente en materia de caza cando o ámbito sexa unha provincia e o director xeral competente en materia de caza cando o ámbito sexa autonómico.

3. Dentro dos terreos cinexéticos sometidos a réxime especial non se poderá desenvolver as competicións en terreos vedados.

4. As competicións cinexéticas deberanse adecuar as cotas de captura establecidos nos Plans de Ordenación Cinexética e os seus respectivos Plans Anuais de Aproveitamento, para cada unha das especies que poidan ser obxecto da competición, debéndose acompañar na solicitude de autorización informe por técnico universitario competente no que se acredite o seu cumprimento. En todo caso, non se poderá superar o número de pezas establecido na cota de captura de captura.

Artigo 59. A caza con fins científicos.

1. Cando existan razóns de orde técnica ou científico que o aconsellen, e de non haber outra solución satisfactoria, o titular da xefatura territorial correspondente da consellería competente en materia de caza poderá autorizar a captura de determinados exemplares da fauna cinexética.

2. Estas autorizacións serán persoais e intransferibles e por prazo determinado a favor de persoal cualificado, e requirirán informe previo favorable da institución directamente relacionada coa actividade investigadora do petionario.

3. As autorizacións conterán polo menos as seguintes especificacións:

- a) A finalidade da actividade cinexética e o destino das especies obxecto de captura.
- b) As especies e número de exemplares que poden ser obxecto de captura.
- c) Días e horas hábiles para a caza.
- d) Métodos ou medios autorizados.
- e) Terreos nos que pode practicarse a caza científica.
- f) Prazo polo que se outorga a autorización.

4. Finalizado o prazo concedido para a caza científica, as persoas autorizadas deberán presentar ante o órgano autorizante memoria descritiva do desenvolvemento da actividade, con expresión dos días e horas nos que se desenvolveu, medios de captura utilizados, número de exemplares capturados por especies e conclusións da experiencia científica.

Artigo 60. Uso e tenza de cans de caza.

1. Os cans só poderán ser empregados para o exercicio da caza naqueles lugares e épocas na que as persoas que vaian ao seu coidado estean facultados para facelo; ditas persoas serán responsables das accións destes animais en canto se vulnere a presente Lei ou as normas que se diten para a súa aplicación; durante a época de reprodución e crianza da fauna deberán extremarse as precaucións para que os cans estean sempre ao alcance dos seus donos ou coidadores, estando obrigados a

impedir que estes persigan ou danen ás pezas de caza, ás súas crías e aos niños, ou de calquera outra especie.

2. O adestramento de cans dentro dos terreos cinexéticos estará ao disposto no artigo 41 desta lei.

3. Os donos dos cans empregados para o exercicio da caza quedan obrigados a cumprir as prescricións xerais ditadas polas autoridades competentes sobre tenza e identificación, sanidade, benestar, transporte e desinfección dos vehículos que en cada momento lles afecte.

4. Os cans deben manterse en todo momento baixo o control das persoas que vaian ao seu coidado; considerarase que están fora do seu control cando estean a máis de 50 metros de dita persoa, en terreo despexado, ou de 15 metros noutro terreo, agás no exercicio da caza. Queda prohibido o tránsito de cans polo monte sen dono. Se os cans vagan fóra de control o seu coidador será responsable da correspondente infracción, que terá distinta graduación segundo se produzan os feitos durante a tempada hábil de caza ou fóra dela.

5. Os que practiquen a caza con can, aínda que non porten armas ou outros medios para cazar, precisan estar en posesión da licenza de caza correspondente.

6. Enténdese por manda toda agrupación composta por un mínimo de 15 cans e 25. Para o emprego de mandas será necesario estar en posesión de licenza expedida polo organismo competente. O solicitante deberá acreditar previamente a posesión da correspondente autorización como núcleo zoolóxico. O contido e modelo da licenza especial para mandas establecerase mediante orde da Consellería competente en materia de caza.

Artigo 61. Cetrería.

1. A cetrería abarca a tenza, utilización e adestramento de aves rapaces para a captura de especies cinexéticas. Para a tenza de aves de cetrería estarase ao previsto nas normas autonómicas, estatais e internacionais que sexan de aplicación.

2. Para poder practicar a cetrería haberá que ter cumpridos os seguintes requisitos:

a) Ser maior de 16 anos.

b) Estar en posesión da correspondente licenza de caza, ademais da licenza de cetrería.

c) Estar en posesión do carné da persoa cetreira, expedido pola Consellería titular das competencias de caza que ademais realizará as probas de aptitude, que deberán ser superadas para obter dita licenza. As probas de aptitude celebraranse unha vez ao ano e serán realizadas pola Asociación de Cetrería e pola Federación Galega de Caza, que comunicarán á Dirección Xeral competente en materia de caza, e cuxo responsable expedirá aquelas licencias aptas e cunha validez de 5 anos.

d) Estar en posesión dos permisos de tenencia das aves de cetrería coas que se pretende realizar dita actividade, que acrediten a legalidade de procedencia das

aves.

3. A Consellería titular das competencias de caza realizará unha inspección das instalacións onde se atopen as aves, comprobando que reúnen as condicións axeitadas en función das necesidades etolóxicas e fisiolóxicas da especie, así como as necesarias condicións hixiénicas e sanitarias, e a orixe legal das aves.

4. A Dirección Xeral titular das competencias en materia de caza creará un Rexistro Galego de tenza de aves de cetrería, na que se identificarán os datos das persoas en posesión da licenza de cetrería, e os documentos acreditativos de cada unha das aves, así como a súa idade e sexo.

5. A Consellería con competencias en materia de caza expedirá autorización para a utilización da cetrería con fins distintos ao aproveitamento cinexético, tales como o seu uso na seguridade do tráfico aéreo; para o control de determinadas poboacións animais en vertedoiros, núcleos de poboación, que poidan supoñer un risco sanitario.

6. A ordenación da cetrería dentro dos terreos cinexéticos no tocante ao seu adestramento estará ao disposto no artigo 41 desta lei. Os terreos cinexéticos especiais poderán solicitar ante a Dirección Xeral con competencias en caza áreas de adestramento de voo para aves de cetrería durante todo o ano, recolléndose as súas características no Plan de Ordenación Cinexética. Os criterios polos que se establecen as áreas de adestramento definiranse regulamentariamente.

7. A caza mediante cetrería só se poderá exercer nos períodos hábiles para caza menor, establecidos na orde de vedas, en terreos sometidos a réxime especial, que a inclúsen entre as modalidades de caza autorizadas. Durante o resto da temporada poderán voar e adestrar as aves baixo o seguinte condicionado:

a) Nos terreos de aproveitamento común os domingos e festivos con pombos e perdiz común marcadas para a modalidade de altanería, e coello marcado para o resto de baixo voo, quedando prohibida a caza doutras especies silvestres. Nos terreos de aproveitamento especial sen límite de días hábiles, nas mesmas condicións que o anterior.

b) Con reclamos artificiais en toda clase de terreos durante todo o ano, agás nos espazos protexidos.

Artigo 62. Caza con arco.

1. Esta modalidade é a que se realiza mediante o uso dun arco para exercer o aproveitamento cinexético. Só se permite esta modalidade de caza en terreos cinexéticos sometidos a réxime especial, que a inclúsen entre as modalidades de caza autorizadas, e determinándose o seu aproveitamento no Plan de Ordenación de Caza.

2. A caza con arco regularase regulamentariamente pola Dirección Xeral con competencias en materia de caza; para a práctica desta modalidade de caza será necesaria unha licenza especial de caza, que se obterá tras superar unhas probas de aptitude.

Artigo 63. Naturalización de exemplares cinexéticos.

1. A naturalización poderase realizar exclusivamente sobre pezas cinexéticas cobradas conforme a esta lei, sempre e que se dispoña ou se acredite da legal adquisición e tenza da peza. O propietario do trofeo ou peza de caza, ou a persoa que a represente, está obrigado a facilitar ao taxidermista os seus datos persoais e os de procedencia das pezas que entregue para a súa preparación, debendo este de absterse de recibir e preparar o trofeo ou peza de caza, no caso de que non veña acompañado dos documentos, precintos, distintivos ou anelas da orixe que regulamentariamente se establezan.

2. As condicións exixibles á actividade de taxidermia estableceranse regulamentariamente, e incorporándose toda a información no Rexistro de Talleres Taxidermistas de Galiza, que figura no artigo 55 da Lei 9/2001 de Conservación da Natureza de Galiza.

3. O autorizado para desenvolver esta actividade está obrigado a levar un libro de rexistro onde conste a procedencia do animal. Anualmente estará obrigado a remitir copia do libro de rexistro á Dirección Xeral titular das competencias en materia de caza.

4. Para o resto de actividades de naturalización non contemplados neste artigo estarase ao disposto no artigo 55 da Lei 9/2001 de Conservación da Natureza de Galiza.

CAPÍTULO III. DAS PROHIBICIÓNS.**Artigo 64. Prohibicións en beneficio da caza.**

1. Prohíbese a caza en época de veza.

2. Prohíbese cazar fóra do período comprendido entre unha hora antes da saída do sol e unha hora despois do seu ocaso, agás nas modalidades de caza nocturna expresamente autorizadas.

3. Prohíbese cazar en tempo e lugares no que, como consecuencia de incendios, epizootias, envelenamentos, inundacións, secas, fortes xeadas, vagas de frío ou outras causas, os animais se vexan esgotados nas súas posibilidades normais de defensa ou obrigados a concentrarse en determinados lugares. Non será necesaria unha declaración expresa da autoridade para a vixencia desta prohibición. A tal fin, a Consellería con competencias establecerá un protocolo.

4. Prohíbese cazar en días de neve, en tódolos casos, cando esta cobra de forma continua o solo ou cando por causa da mesma queden reducidas as posibilidades de defensa das pezas de caza.

5. Prohíbese cazar cando por circunstancias meteorolóxicas e calquera outra circunstancia estea reducida a visibilidade a menos de 250 metros, de forma que poidan producirse perigos para as persoas ou os seus bens.

6. Prohíbese cazar servíndose de animais ou de calquera vehículo como medio de ocultación.
7. Prohíbese a caza dende vehículos automóbiles, así como calquera tipo de embarcación ou aeronave.
8. Prohíbese cazar en liña de retranca, tanto que se trate de caza maior como menor. Consideraranse liñas e postos de retranca os situados a menos de 250 metros da liña máis próxima de escopetas na caza menor e a menos de 500 metros na caza maior.
9. Prohíbese cazar en refuxios de fauna, en zonas de seguridade, terreos vedados temporal ou permanentemente en razón a plans cinexéticos legalmente aprobados ou en estacións biolóxicas ou zoolóxicas, agás que se estea en posesión dun permiso especial.
10. Prohíbese entrar en terreos sometidos a regulamentación cinexética especial de maneira intencionada, sen o oportuno permiso, levando armas, cans ou artes dispostas para cazar.
11. Prohíbese cazar combinando a acción de dous ou máis grupos de persoas cazadoras ou facendo uso de medios que persigan o cansazo ou esgotamento das pezas, agás nos casos de batidas e monterías debidamente autorizadas.
12. Prohíbese cazar a menos de 500 metros da mancha onde se estea realizando unha batida.
13. Prohíbese cazar ao olleo sen autorización expresa.
14. Prohíbese cazar con armas de fogo a quen careza dos requisitos esixidos para elo ou non dispoñan dos oportunos permisos.
16. Prohíbese disparar con ningunha clase de armas aos olleadores, batedores, secretarios ou os que están ao cargo dos cans que asistan en calidade de tales aos olleos, batidas ou monterías.
17. Prohíbese cazar sen estar provisto da documentación preceptiva ou sen levala consigo.
18. Prohíbese cazar, ter ou transportar especies non cinexéticas ou pezas de caza cuxa idade ou sexo, sempre que sexan notorios, non concorden ou non cumpran os requisitos legalmente permitidos.
19. Prohíbese o uso de animais, útiles, artes ou produtos aplicables, tales como, o uso de furóns, ou uso de reclamos vivos ou naturalizados, incluídos os machos de perdices, e calquera tipo de ave frinxílida, para capturar ou atraer, a calquera peza animal, cinexética ou non, agás as excepcións de autorización que se poidan contemplar nesta lei.

20. Prohíbese destruír tobeiras e niños, aínda estando baleiros, así como a recollida de crías ou ovos e a súa circulación e venda.

21. Calquera práctica que tenda a atraer ou espantar a caza existente en terreos alleos.

22. Prohíbese posuír en cativeiro individuos de especies cinexéticas de caza maior sen a oportuna autorización.

23. Prohíbese disparar ás pombas nos bebedeiros habituais ou a menos de 1.000 metros dun pombal autorizado, cando se mostre por parte da persoa cazadora que existe coñecemento da súa presenza en base aos usos e costumes do lugar. Así mesmo disparar as pombas mensaxeiras e as deportivas ou que ostenten marcas regulamentarias.

24. Prohíbese cazar en terreos que carezan de plan de ordenación cinexética ou de plan de aproveitamento cinexético anual e que teñan a obriga legal de telos.

25. Prohíbese cazar en hortas, viñedos, campos de froiteiras, cultivos de regadío. No caso de montes de repoboación recente, queda condicionada a súa autorización ao permiso que conceda a Consellería competente en materia de caza e conforme ao que estableza o Plan de Ordenación do Monte vixente para ese territorio.

26. Prohíbese a caza en láminas de auga superficial, quedando sometida a súa regulación ao disposto para os refuxios de fauna do artigo 11, os terreos cinexéticos sometidos a réxime controlado do artigo 21, ou ás zonas de seguridade do artigo 40.

27. Prohíbese cazar baixo a influencia de estupefacientes, alcol, sustancias psicotrópicas ou calquera outra droga que altere sensiblemente as facultades normais do cazador ou a súa capacidade de reacción. Con relación ás taxas de consumo establecidas para a prohibición da caza empregaranse coma referencia as dispostos na lei vixente relativa ao tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria.

28. Prohíbese cazar en calquera outras condicións ou circunstancias que non estean establecidas en disposicións legais e regulamentarias. Regulamentariamente desenvolveranse os procedementos que detallen os medios e métodos prohibidos nos apartados anteriores deste artigo.

Artigo 65. Prohibicións de procedementos masivos ou non selectivos de caza.

1. Queda prohibidas a tenencia e utilización de tódolos procedementos de caza masivos ou non selectivos, así como aqueles que puidesen causar localmente a desaparición dunha especie cinexética ou indirectamente dunha especie incluída nalgún dos catálogos de especies ameazadas, ou alterar de xeito significativo a estabilidade das súas poboacións e dos ecosistemas da que forman parte.

2. Entre os procedementos masivos prohibidos están: gravadores e magnetófonos, silenciadores, aparatos electrocutantes, dispositivos eléctricos e electrónicos que

poden matar ou atordar, fontes luminosas artificiais, espellos, dispositivos para iluminar os brancos, dispositivos de visor que inclúan un convertedor de imaxe ou un amplificador de imaxe electrónica para tiro nocturno, armas semiautomáticas ou automáticas cuxo cargador poida conter máis de dous cartuchos.

3. Entre os procedementos non selectivos prohibidos están: trampas non selectivas no seu principio ou nas súas condicións de emprego, redes, lazos, cepos, trampas – cepo, todo tipo de redes ou artefactos con malla ou rede, velenos, cebos envelenados ou non, ligas, explosivos, sistemas de asfixia con gas ou fume, paralizantes, tranquilizantes, atraentes, repelentes, baestas, ou anzois.

4. En circunstancias ou condicións excepcionais, e a falta dunha alternativa satisfactoria, a Consellería con competencias en caza poderá ser autorizada a utilización dalgúns destes medios a persoal técnico cualificado por razóns de control de poboacións. As autorizacións conterán polo menos as seguintes especificacións:

- a) A finalidade da actividade cinexética e xustificación das circunstancias ou condicións excepcionais.
- b) Acreditado do persoal técnico responsable da execución de dita actuación.
- c) As especies e número de exemplares que poden ser obxecto desta excepción.
- d) Días e horas hábiles para a caza.
- e) Métodos ou medios autorizados.
- f) Terreos nos que terá lugar a actuación e uso do método masivo ou non selectivo.
- g) Prazo polo que se outorga a autorización.

Artigo 66. Armas.

A tenza e o uso de armas rexeranse pola súa lexislación específica.

Artigo 67. Armas prohibidas para o exercicio da caza.

1. Prohíbese cazar con arma longa raiada, agás que expresamente se autorice.
2. Prohíbese cazar con pistola e armas de aire ou outros gases comprimidos.
3. Prohíbese cazar con armas que disparen en ráfagas ou con armas automáticas ou semiautomáticas provistas de cargador que poida conter máis de dous cartuchos, así como as dotadas de silenciador, visor para o disparo nocturno ou munición non autorizada.
4. Prohíbese cazar con armas de inxección anestésica.
5. Prohíbese cazar con armas que dispoñan de mira telescópica, agás para as modalidades de caza maior.
6. Prohíbese cazar con armas de fogo curtas e armas de guerra.
7. Prohíbese cazar con armas cuxo uso estea prohibido conforme á normativa de armas vixente.
8. Prohíbese cazar con armas ou medios que precisen de autorización especial sen

estar en posesión do correspondente permiso.

Artigo 68. Transporte de armas.

1. Queda prohibido o transporte en calquera tipo de vehículo de armas desenfundadas cargadas ou descargadas ou calquera outro medio de caza listo para o seu uso en calquera época do ano.
2. Prohíbese portar armas de caza desenfundadas ou dispostas para o seu uso cando se circule polo campo en época de veda.
3. Prohíbese transportar armas, aínda enfundadas, en tractores ou calquera outro tipo de maquinaria agrícola durante a realización das tarefas do campo, así como durante os desprazamentos cara os lugares onde se realicen tales tarefas.
4. Queda prohibido circular con armas de caza cargadas, ou aptas para o seu uso, e o seu emprego nos refuxios de fauna, zonas habitadas, Áreas industriais e instalacións agropecuarias, áreas de interese patrimonial, vías públicas, vedados de caza, zonas de aclimatación, e todas aquelas zonas de seguridade que se recollen nesta lei.

Artigo 69. Municións.

1. Prohíbese a tenza ou uso de cartuchos con munición de postas e balas explosivas, así como calquera tipo de proxectil ou cartucho no que se teñan producido manipulacións con posterioridade a súa fabricación.
2. Prohíbese empregar cartuchos de bala ou postas para especies de caza menor ou empregar municións de perdigóns ou postas para a caza maior.
3. Queda prohibida a tenza e o emprego de cartuchos con perdigóns de chumbo en tódolos espazos naturais protexidos e nas zonas húmidas.
4. Queda prohibido o abandono dos cartuchos baleiros, vaíñas ou calquera outro resto ou material utilizado durante a práctica da actividade cinexética, así como calquera outro residuo usado nas prácticas cinexéticas.
5. Regulamentariamente poderase prohibir o uso de calquera outro tipo de munición non salientada neste artigo.

Así mesmo, regulamentariamente especificaranse as medidas de seguridade que debe adoptarse no uso da munición na práctica da caza.

Artigo 70. Autorizacións excepcionais.

1. Poderán quedar sen efecto as prohibicións previstas nesta Lei, logo de autorización da Dirección Xeral competente en materia de caza, cando a falta de alternativa satisfactoria que se deberá xustificar en base a criterios científicos ou técnicos, concorra algunha das circunstancias seguintes:

- a) Cando da súa aplicación se derivasen efectos prexudiciais para a saúde e seguridade das persoas.
- b) Cando da súa aplicación se derivasen efectos prexudiciais para especies protexidas ou os seus hábitats.
- c) Para previr prexuízos importantes aos cultivos, o gando, os bosques, a propia caza, a pesca ou a calidade das augas, así como para outros usos da propiedade.
- d) Para combater enfermidades ou epizootias que afecten ás especies cinexéticas.
- e) Cando sexa necesario por razón de investigación, educación, repoboación ou reintrodución, ou cando se precise para a cría en catividade.
- f) Para previr accidentes en relación coa seguridade aérea.
- g) *Por razóns imperativas de interese público de primeira orde.*

2. A autorización administrativa a que se refire o apartado anterior deberá ser motivada e especificar:

- a) O obxecto ou razón da acción.
- b) A especie ou especies a que se refira.
- c) Os medios, os sistemas ou métodos a empregar e os seus límites, así como o persoal cualificado, no seu caso.
- d) As condicións de risco e as circunstancias de tempo e lugar.
- e) Os controis que se exercerán, se é o caso.
- f) Xustificación das alternativas estudadas e motivo polo que foron desbotadas.

3. A utilización dun medio ou método autorizado farase de forma proporcionada á fin que se persiga.

4. Se por razóns de urxente necesidade non puidese obterse a previa autorización administrativa en calquera dos supostos citados, darase conta inmediata da acción realizada á xefatura territorial competente en materia de caza, que abrirá un período de información previa para determinar a urxencia alegada e a xustificación do medio empregado, podendo, como resultado das devanditas actuacións informativas, ordenar a incoación do correspondente procedemento de sanción.

5. A Dirección Xeral competente en materia de caza informará aos Comités de Caza das autorizacións especiais concedidas e dos seus resultados, ao mesmo que se farán informes trimestrais que serán publicados na páxina web da consellería competente en materia de caza.

Artigo 71. Prohibición da captura de aves silvestres.

1. As medidas de carácter excepcional previstas no artigo anterior non poderán ser de aplicación para a práctica da modalidade coñecida coma silvestrismo ou captura de aves silvestres, do tipo frinxílicos, destinadas a canaricultura para a cría en catividade e hibridación.

2. As especies de frinxílicos, entre outros, verderolos, xiríns, pimpíns, canarios, liñaceiros ou cardeais, quedan fóra da regulación da caza coma especies cinexéticas polo que quedará prohibida a súa captura con fin algún, en base ás normas de protección vixentes relativas á conservación das aves silvestres.

3. Soamente será autorizado con carácter excepcional cando sexa xustificada a súa necesidade para garantir o stock xenético dos individuos en cativeiro. Neste caso as autorizacións concederanse en condicións estritamente controladas, mediante métodos selectivos de captura, retención ou calquera outra que permita unha explotación prudente de determinadas especies e non incluídas no Listado de Especies en Réxime de Protección especial, en pequenas cantidades e coas limitacións precisas para garantir a súa conservación.

4. No caso de autorizacións excepcionais nas que concorran as circunstancias contempladas no apartado anterior, a Consellería con competencias en materia de caza en coordinación coa de conservación da biodiversidade establecerán os mecanismos necesarios para garantir, baseándose en datos científicos rigorosos, que o nivel máximo de capturas, para cada especie, se axusta ao concepto de pequenas cantidades.

5. Igualmente, se establecerán as cotas máximas de captura que poderán concederse para cada especie, así como os sistemas de control do cumprimento de ditas medidas que deberán ser exercidas antes e durante o período autorizado para efectuar a captura, retención ou explotación prudente, sen prexuízo dos controles adicionais que deben tamén establecerse unha vez transcorrido dito período.

TÍTULO V O EXERCICIO DA CAZA

CAPÍTULO I. O CAZADOR, REQUISITOS, LICENZAS E RESPONSABILIDADE

Artigo 72. Definición de persoa cazadora.

1. É persoa cazadora quen exercita a acción de cazar, reunindo os requisitos legais para iso.

2. As persoas acompañantes, olladoras, batedoras ou auxiliares que asistan en condición de tales a calquera modalidade de caza non poderán cazar nin portar ningún tipo de armas.

3. Ningunha das persoas acompañantes establecidas no apartado anterior, poderán portar armas, aínda que sexan enfundadas, e tan só os batedores poderán portar e utilizar armas brancas para o remate das pezas, nas montarías.

Artigo 73. Requisitos para o exercicio da caza.

1. Para poder practicar a caza é preciso cumprir os seguintes requisitos:

a) Ter a idade referida no artigo 74.

b) Dispor do certificado de ter superado as probas de aptitude do exame do cazador referidas no artigo 76.

c) Ser titular dunha licenza de caza en vigor expedida no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galiza

d) As persoas cazadoras noveis que expidan por primeira vez a licenza de caza, maiores de idade, deberán superar unha proba de aptitude teórica de caza.

e) A licenza de caza deberá ser renovada cada 10 anos, para o que se terá que

superar unha proba de aptitude de renovación, e estar ao día na licenza do permiso de armas.

e) Ter concertado un contrato de seguro de responsabilidade civil da persoa cazadora en contía mínima que se determine regulamentariamente que cubra os danos e prexuízos dimanantes do uso da arma e do exercicio da caza en xeral.

Para practicar a caza con arco, o seguro de responsabilidade civil da persoa cazadora deberá incluír expresamente o arco como arma de caza.

f) Portar o documento oficial acreditativo da identidade da persoa cazadora.

e) Levar consigo a licenza de armas e guía de pertenza, en caso de empregar armas, ou as correspondentes autorizacións que sexan esixibles no suposto de utilizar outros medios de caza, de conformidade coa lexislación sectorial aplicable.

g) Ter a autorización do titular do aproveitamento cinexético, se é o caso.

h) Calquera outro permiso ou autorización que por razón do lugar, dos métodos ou das especies esixise a Lei ou a normativa aplicable.

i) Non estar inhabilitado por resolución firme en vía administrativa ou por sentenza firme en vía xudicial, para practicar a caza ou para obter licenza de caza durante o prazo que dure a inhabilitación.

2. Durante o desenvolvemento da actividade de caza, a persoa cazadora deberá estar en posesión dos seguintes documentos:

a) Documento Nacional de Identidade, pasaporte ou permiso de condución.

b) Licenza de caza.

c) Autorización do titular do aproveitamento cinexético ou carné da entidade cinexética titular dese aproveitamento.

d) Seguro obrigatorio de responsabilidade civil da persoa cazadora en caso de portar armas.

3. Os documentos referidos no apartado anterior deberán estar en vigor e ser exhibidos a requirimento dos axentes de autoridade.

Artigo 74. Dos menores de idade para cazar.

1. Aquelas persoas que teñan cumprido os 16 anos de idade, teñan superado as probas de aptitude teóricas denominadas de nivel básico, expediráselles unha autorización especial de caza para realizar prácticas de formación elemental, que serán determinadas regulamentariamente pola Consellería titular das competencias de caza e segundo o disposto no artigo 75.

2. Será preciso a autorización escrita de quen o represente legalmente.

3. Unha vez superada a proba de aptitude teórica de nivel básico expediráselle un permiso de formación elemental da práctica da caza, por dous anos, ou ata o cumprimento da maioría de idade, que permita ó menor de idade adquirir os coñecementos suficientes para unha práctica cinexética segura. Durante este período de formación o menor de idade deberá ir acompañado nas sesións cinexéticas pola figura do mestre cinexético, que guiará a formación do menor de idade, no recoñecemento das especies, nas artes da caza, e no manexo e utilización de armas, responsabilizándose da súa seguridade e os seus actos no exercicio da caza. En todo caso o menor de idade non terá permiso para cazar só.

4.O mestre cinexético poderá ser calquera titular dunha licenza cinexética, cunha experiencia superior aos cinco anos, e que estea en posesión dun curso homologado de ensinanza para a práctica cinexética para noveis e menores de idade. Deberá estar en posesión da licenza de armas do tipo D, E ou F e se teña comprometido a acompañar e vixiar ao menor portados de armas en cada cacería ou acto deportivo.

5.Cumprido o período de formación de 2 anos o menor de idade deberá superar, a mesma proba de aptitude teórica de caza que se precisa para calquera interesado maior de idade en obter a licenza de caza, determinada regulamentariamente pola Consellería titular das competencias de caza.

6. Os maiores de 16 anos poderán empregar determinadas armas, exclusivamente para a caza ou competicións deportivas en cuxos regulamentos se teña recoñecida a categoría júnior, sempre que se atopen en posesión legal do permiso de formación elemental, vaian acompañados dunha persoa maior de idade no caso de actos deportivos, ou do mestre cinexético no caso da caza, que se teñan comprometido a acompañalos e vixialos, e dunha autorización especial de uso de armas para menores con licenza do tipo D, E ou F. O uso das armas queda exclusivamente limitado aos actos deportivos e nas sesións de aprendizaxe de caza, sen poder portar ou posuír fóra destas circunstancias ningún tipo de arma. Non poderán posuír armas longas raiadas para a caza maior ou, no seu caso armas de fogo raiadas para tipo deportivo de calibre 5,6 de percusión anular da categoría 3.1.

7. En determinadas competicións deportivas para a práctica de tiro, nas que non se empreguen animais, poderán participar maiores de 14 anos, na que se autoriza o uso de armas da categoría 3.2, escopetas e demais armas longas de ánima lisa, ou que teñan canón con raias para facilitar o plomeo, que os bancos de probas recoñecidos teñan marcado con punzón de escopeta de caza, non incluídas entre as armas de guerra, obtendo unha autorización especial de uso de armas para menores.

8. En todo caso en relación ao uso de armas por menores quedarán suxeitos á normativa regulamentaria sobre o permiso especiais de armas para menores vixente en cada momento.

9. As autorizacións especiais de uso de armas para menores terán validez ata a maioría de idade dos seus titulares, sen necesidade de obter renovacións, e será competente para concedelas o Director xeral da Garda Civil.

Artigo 75. Licenza. Vixencia e clases.

1. A licenza de caza da Comunidade Autónoma é o documento persoal e intransferible que acredita a habilitación do seu titular para practicar a caza en Galicia. A licenza de caza será expedida pola Consellería competente en materia de caza.

2. O menor de idade en período de formación práctica contará cunha autorización

especial para aprendizaxe da caza conforme aos requisitos establecidos no artigo 74.

3. A validez da licenza poderá ser de un a cinco anos a partir da data da súa expedición, e estas clasifícanse en:

- a) Autorización especial de aprendizaxe para menores de idade en período de formación práctica elemental, entre os 16 e 18 anos.
- b) Licenza de clase A, que autorizan para o exercicio da caza con armas de fogo.
- c) Licenza de clase B, que autorizan para o exercicio da caza con outros medios ou procedementos permitidos, distintos dos anteriores, tales como a cetrería para a caza, arco, baesta.
- d) Licenza de Caza Maior, que autorizan para o exercicio da caza maior, e que pode ser con arma de fogo, aplicándose recargo da básica A, ou sen arma de fogo, aplicándose recargo da básica B.
- e) Licencias de clase C, que autorizan a tenencia ou utilización de medios ou procedementos especiais, tales como cetrería con fins non cinexéticos, do tipo C1.
- f) Licencias de Medios Auxiliares de Caza , do tipo C2, para propietarios de mandas de cans.
- g) Licencias de Medios Auxiliares de Caza, do tipo C3, para os acompañantes, olladores, responsables de grupo de cans e secretarios.

4 Regulamentariamente estableceranse para cada unha das modalidades de licenza os distintos tipos de taxas, o seus prazos de validez e renovación, e os procedementos de expedición destas.

5. A Comunidade Autónoma, no exercicio das súas competencias, poderá establecer convenios coas Administracións doutras Comunidades Autónomas, co fin de arbitrar procedementos que faciliten a obtención das respectivas licencias de caza.

Os convenios de reciprocidade con outras Comunidades Autónomas para a obtención de licencias, basearanse na equivalencia dos requisitos necesarios para obtelas.

5. Para obter por primeira vez a licenza de caza estarase ao disposto no artigo 76 sobre o exame da persoa cazadora.

6. Recoñeceranse como válidos para obter a licenza de caza de Galicia as licencias de caza ou os certificados de aptitude expedidos por calquera outra Comunidade Autónoma, así como a documentación de caza equivalente ás persoas cazadoras estranxeiras, sempre que exista equivalencia dos requisitos necesarios para obtelas.

7. Os posuidores das licencias de caza acompañantes, olladores, e responsables de grupos de cans e secretarios necesitarán licenza de caza e seguro de responsabilidade civil.

Artigo 76. Exame da persoa cazadora.

1. Para a obtención da licenza, así como da súa renovación transcorrido 10 anos, a persoa cazadora, maior de idade, deberá ter superado as probas de aptitude

teóricas de caza.

2. No caso de persoas cazadoras menores de idade deberán superar as probas de aptitude teóricas de nivel básico de caza, un período de prácticas de formación elemental, e una vez rematado as probas de aptitude teóricas de caza recollidas no apartado anterior.

3. A Consellería con competencias en materia de caza, oída a Federación de Caza de Galiza e o Comité Galego de Caza, establecerá as probas de aptitude teórica de caza para a primeira licenza e para a de renovación, así como as probas de aptitude teórica de nivel básico de caza e o procedemento práctico da formación elemental que se establecen no caso de menores.

4. A formación da persoa cazadora novel ou menor de idade realizarase por medio dos cursos que imparta a Federación Galega de Caza ou, por delegación desta, as entidades ou organismos coa que teña establecido acordos nos que se lle recoñeza a súa capacidade para impartir dita formación. Esta formación será homologada pola Consellería titular das competencias en materia de caza e sometido ao Comité Galego de Caza. Tanto para a formación teórica a nivel básico de caza como a correspondente ás probas de aptitude teóricas de caza versarán sobre o coñecemento da lexislación cinexética e normativa ambiental vinculada coa protección dos hábitats e da biodiversidade, distinción das diversas especies animais incluíndo as consideradas legalmente en perigo ou ameazadas, armas e artes, materiais empregados na caza, ética e comportamento da persoa cazadora e todas aquelas materias que se establezan regulamentariamente. Inclúense nestes cursos de formación a modalidade para obter o recoñecemento de mestre cinexético.

5. A Dirección Xeral mediante as súas respectivas xefaturas territoriais dependentes da Consellería titular das competencias en materia de caza efectuarán as probas teóricas de aptitude, así como para obter o recoñecemento de mestre cinexético, determinándose anualmente conxuntamente coa orde de vedas as quendas para poder realizar ditas probas.

6. Superadas as probas, a Dirección Xeral con competencias en materia cinexética expedirá ao interesado o correspondente certificado de aptitude válido para a obtención da licenza de caza.

7. Recoñeceranse como válidos para obter a licenza de caza na Comunidade Autónoma de Galiza, os certificados de aptitude expedidos por outras Comunidades Autónomas, ou a documentación equivalente no caso das persoas cazadoras estranxeiras.

8. Regulamentariamente estableceranse as bases e criterios de formación teórica, así como o modelo de probas de aptitude a realizar, como do necesario para o recoñecemento do mestre cinexético.

Artigo 77. Das persoas Inhabilitadas para obter a licenza.

Non poderán obter a licenza nin terán dereito a renovación:

a) Os que non reúnan as condicións e requisitos que se establecen para a súa

obtención.

- b) Os inhabilitados para obtela en virtude de sentenza firme.
- c) Os infractores da presente Lei ou normas que a desenvolvan, aos cales por resolución administrativa firme recaída no expediente de sanción instruído para o efecto se lles impuxese a sanción de inhabilitación ou retirada de licenza.
- d) Os infractores da presente Lei ou normas que a desenvolvan, que non acrediten documentalmente o cumprimento da sanción imposta por resolución firme, recaída no expediente instruído.

Artigo 78. Retirada e suspensión de licenza.

1. A licenza de caza poderá ser retirada por tempo determinado, como consecuencia dunha resolución firme en vía administrativa dun expediente de sanción, nos supostos establecidos na presente Lei. Nestes casos, o titular da licenza deberá entregar o documento acreditativo e absterse de solicitar unha nova, en tanto dure a inhabilitación.

2. A Consellería competente en materia de caza suspenderá cautelarmente a licenza ao incoarse un expediente de sanción por falta grave ou moi grave.

3. En caso de retirada por sanción moi grave, para recuperar a licenza, o infractor deberá someterse ás mesmas probas de aptitude, que resulten necesarias para obter a licenza por primeira vez.

Artigo 79. Deberes do cazador.

1. Os animais obxecto de caza serán abatidos ou capturados nas condicións menos cruentas e dolorosas posibles. Para iso, as persoas cazadoras están obrigados a tomar as medidas oportunas para garantir o axeitado trato do animal, antes, durante, e mesmo tras a súa morte ou captura. En concreto o cazador, no exercicio da caza con armas, queda obrigado a:

- a) Empregar munición e armas apropiadas e permitidas para procurar unha morte rápida e co menor sufrimento posible.
- b) Disparar só cando sexa recoñecida a especie. A obriga do recoñecemento da peza esténdese ao sexo ou a idade cando a autorización de caza refira algo nestes extremos.
- c) Abater as pezas de caza con intención de apropiarse delas ou os seus trofeos e destinalas ao aproveitamento da súa carne ou produtos secundarios ou por outra causa xustificada, pero nunca matar por matala e deixala abandonada ou sen pretender aproveitala para algúns dos usos mencionados.
- d) Procurar o cobramento das pezas mortas ou feridas e absterse de disparar ante situacións de imposible cobramento.
- e) Proporcionar unha morte rápida e apropiada aos exemplares abatidos e feridos.
- f) Dar un trato axeitado aos animais que participen na cazaría.

2. O cazador, tanto nos espazos cinexéticos coma nos traxectos de ida e volta destes queda obrigado a facilitar a acción dos axentes encargados de inspeccionar a actividade cinexética.

3. O cazador está obrigado a coñecer as peculiaridades da arma e munición empregada en canto ás prestacións e alcance destas, absténdose de disparar cando a traxectoria efectiva de impacto da munición empregada poida poñer en perigo as persoas, animais ou bens. Así mesmo, está obrigado a descargar a arma ante a presenza próxima de persoas alleas á caza, así como nos momentos de descanso ou reunión entre as persoas cazadoras.

Artigo 80. A responsabilidade das persoas cazadoras.

1. As persoas cazadoras serán responsables das contravencións á presente Lei polos seus actos individuais, incluído o cumprimento das instrucións que para o bo desenvolvemento da cazaría lles dese o responsable da cazaría cando participen en modalidades colectivas.

2. Toda persoa cazadora estará obrigado a indemnizar polos danos e prexuízos que ocasione por consecuencia do exercicio da caza, agás cando o feito causante fose debido a culpa ou negligencia do prexudicado ou por causas de forza maior.

3. Cando non sexa posible determinar o grado de participación das distintas persoas cazadoras que interviñeran na comisión dunha infracción ou cando o cumprimento das obrigas establecidas nas normas corresponda a varias persoas conxuntamente, a responsabilidade será solidaria entre todas as persoas cazadoras participantes da mesma.

4. A persoa responsable da cazaría, con carácter xeral, responde do cumprimento dos requisitos e medidas concernentes á preparación e desenvolvemento daquelas, especialmente no que se refire á identificación e aptitude dos participantes, colocación das persoas cazadoras nos seus postos e adopción das medidas de seguridade necesarias para o desenvolvemento da actividade.

5. A mesma consideración que os responsables das cazarías terán as persoas organizadoras nomeados polos titulares das explotacións cinexéticas no desenvolvemento da súa actividade.

6. As persoas titulares dos TECORES serán en todo caso, responsables da obtención das autorizacións necesarias para o exercicio da caza dentro de ámbito de actuación.

Artigo 81. A responsabilidade patrimonial por danos causados nas vías de circulación polas especies cinexéticas.

1. A Consellería competente en materia de caza, no caso de accidente motivado por atropelo de especies cinexéticas, tramitará o correspondente expediente administrativo para determinar as posibles responsabilidades que poderán recaer sobre:

a) A persoa condutora do vehículo accidentado, cando se lle poida imputar incumprimento das normas de circulación por non adoitar as precaucións necesarias para evitar o atropelado da especie cinexética.

b) Os titulares dos aproveitamentos cinexéticos, en terreos suxeitos a réxime

cinexético especial, responderán polos danos, que causen as especies cinexéticas, que procedan dos devanditos terreos, cando o accidente sexa consecuencia directa da acción de cazar ou dunha demostrada falta de dilixencia na conservación do terreo cinexético ordenado.

c) Na Administración competente en materia de caza, nos supostos que o accidente sexa consecuencia das disposicións de ordenación do aproveitamento cinexético que dependan desa Administración, tales como as que teñan lugar en zonas libres, zonas controladas de caza, ou nos espazos naturais ou calquera outro onde non se permita o exercicio da caza, ou naqueles TECOR nos que non exista incumprimento nas súas obrigas de xestión e que así o verifique os informe técnicos que poida facer as oficinas técnicas cinexéticas comarcais e a Dirección Xeral con competencias de caza pertencente á Administración.

d) No titular da explotación da vía pública na que se produza o accidente, sempre e cando este motivado pola falta de conservación en relación coas medidas de protección fronte a invasión da vía por animais, cuxo mantemento sexa responsabilidade do titular da explotación da vía, ou por ausencia de sinalización axeitada de paso de fauna cinexética.

2. O resto de danos causados pola fauna cinexética nos accidentes de tráfico indemnizaranse por quen resultasen responsables conforme á lexislación civil.

3. Para determinar que unha especie cinexética procede dun determinado terreo considerarase cando o animal teña neste o seu hábitat como tal necesario para a súa reprodución, invernada ou refuxio; subsidiariamente, e agás salvo proba en contrario, entenderase como tal o terreo que, non sendo do dominio público, aparece como máis próximo ao da causación do evento danoso. En ningún caso poderá terse como lugar de procedencia dunha especie cinexética as franxas de dominio público asociadas a estradas, vías ou camiños de titularidade pública, nin outros terreos non cinexéticos previstos nesta Lei. A proba da procedencia corresponde a quen reclama.

4. Para o caso de danos en accidentes de estrada causados por especies cinexéticas, regularase unha axuda para apoiar economicamente as entidades titulares de aproveitamento cinexético para o establecemento dun mecanismo asegurador, que cubra a eventual responsabilidade dos titulares dos aproveitamentos cinexéticos de Galiza. Entre as entidades beneficiadas destas axudas priorizarase a aquelas onde a recorrencia de danos se manifeste maior, ou na que se demostre unha boa dilixencia e responsabilidade na conservación do terreo cinexético ordenado.

5. En todo caso a responsabilidade polos danos causados polas especies cinexéticas que irrompen nas vías de circulación rexerese polo disposto na lexislación de tráfico.

Artigo 82. A responsabilidade patrimonial por danos causados nas explotacións agrarias polas especies cinexéticas.

1. A Consellería competente en materia de caza responderá polos danos agrarios, causados polas especies cinexéticas procedentes dos terreos de aproveitamento cinexético común, TECOR autonómicos e zonas de caza controlada da súa

administración, reservas de caza, refuxios de fauna e calquera outro terreo nos que a administración e xestión correspondan á devandita Consellería.

2. Os titulares dos aproveitamentos cinexéticos, en terreos suxeitos a réxime cinexético especial, responderán polos danos agrarios causados polas especies cinexéticas procedentes dos devanditos terreos cando teña lugar un incumprimento do seu plan técnico de ordenación, se aprecien deficiencias nas medidas contidas para reducir o exceso de carga cinexética de ditos terreos, ou non teñan adaptado aos seus plans técnicos as medidas de mellora en beneficio da redución de danos aos cultivos previstas para as Comarcas Cinexéticas anualmente de acordo co establecido no Plan Xeral de Ordenación da Caza de Galiza. Nestas circunstancias os titulares do aproveitamento cinexético serán responsables de tódolos danos ocasionados e da totalidade das indemnizacións que teñan lugar.

3. Os Distritos Forestais ou as Oficinas Agrarias Comarcais da Consellería competentes en materia rural contarán cunha oficina de xestión técnica en materia de caza. Para dito cometido disporá dos recursos suficientes que lle permitan atender satisfactoriamente estas funcións, e que entre outras serán:

- a) A acción de xestionar as reclamacións e da tramitación, así como da inspección dos danos agrarios causados polas especies cinexéticas para cada unha das Comarcas Cinexéticas.
- b) Dar publicidade, dentro do seu territorio de implantación, e en particular aos sectores relacionados coas actividades agrarias e gandeiras, e cinexéticas, de todas aquelas medidas e programas que desenvolvan en beneficio de atender as demandas e preocupacións das explotacións agrarias afectadas polos danos da fauna cinexética, fomentando a reciprocidade de información en beneficio dos intereses comúns a protexer.
- c) Comprobar as obrigas de xestión e ordenación dos titulares dos terreos cinexéticos implicados.
- d) Informar sobre a recorrencia de danos e do estado de aplicación dos respectivos plans técnicos de ordenación de caza ante o órgano da Consellería competente en materia de caza, para que adoite as medidas activas oportunas cara a redución dos danos.
- e) Actualizar as estatísticas de danos e de medidas que se incorporarán anualmente ao diagnóstico de revisión do Plan Xeral de Ordenación de Caza de Galiza
- f) Dispor dos recursos suficientes para atender estas funcións e darlles publicidade no seu territorio de implantación.

4. En cada Comarca Cinexética nada máis comprobarse que se está producindo o comezo do dano, ou incluso antes, os agricultores ou organizacións que os representan, os titulares do aproveitamento cinexético implicado, e os técnicos da oficina unidade de xestión cinexética da Xunta de Galiza colaborarán nas medidas técnicas preventivas que se estimen máis oportunas, conforme a legalidade, para impedir ou minimizar os danos que se poidan producir.

5. Establecerase un sistema de responsabilidade compartida entre:

- a) As explotacións agrarias e gandeiras afectadas, que deberán estar en disposición dun seguro agrario para facer fronte aos danos e/ou responsabilizarse da vixilancia

no manexo das súas explotacións, mediante un esforzo razoable, empregando os mecanismos suficientes de protección e ou elementos disuasorios legalmente permitidos;

b) Os titulares dos aproveitamentos cinexéticos que contribuirán, coas taxas das súas licencias e matrículas do TECOR, ao Fondo de Corresponsabilidade, e responsabilizándose do cumprimento das súas obrigas de ordenación do aproveitamento cinexético;

c) A Consellería con competencias en materia de caza será a responsable da creación e xestión do Fondo de Corresponsabilidade, ao que achegará igualmente unha cantidade anual específica de fondos, que xunto cos anteriores, empregará coma fondo común para cubrir os custes dun seguro agrario autonómico destinado aos danos causados pola fauna cinexética.

6. Unha parte dos recursos do Fondo de Corresponsabilidade serán destinados anualmente coma liña de axuda para o fomento de medidas activas, como a adquisición e instalación de mecanismos disuasorios, de prevención, e protección, dos cultivos fronte aos danos xerados.

7. A Consellería con competencias en materia de caza establecerá regulamentariamente os criterios que rexerán o funcionamento do Fondo de Corresponsabilidade; o modo de repartir a provisión de gastos entre a indemnización do seguro agrario e as medidas activas; e as áreas prioritarias de acción conforme a recorrencia de danos localizados nas Comarcas Cinexéticas. Previamente para o seu establecemento, serán escoitados os representantes agrarios e os representantes dos aproveitamentos cinexéticos, así coma os Comités provinciais e o propio Comité Galego de Caza.

Artigo 83. A seguridade nas cazarías

1. Sempre que se avisten persoas ou grupos de persoas alleos á cazaría que marchen en sentido contrario ou que exista perigo de que se crucen entre elas, será obrigatorio descargar todas as armas cando se encontren a menos de cincuenta metros uns doutros e mentres se manteñan de fronte respecto ao outro grupo.

2. Nas modalidades colectivas de caza que se organicen prohíbese ter cargadas as armas antes de chegar á postura ou despois de abandonala, e non poderán dispararse as armas ata tanto non se dese o sinal convido para iso, nin o facer despois que se dese por rematada a cazaría, cuxo momento e forma deberá sinalarse polo responsable da cazaría en forma axeitada.

3. Nas montarías e batidas colocaranse os postos de forma que queden sempre fóra da fileira ou protexidos dos disparos das demais persoas cazadoras, procurando aproveitar, para tal efecto, os accidentes do terreo. En todo caso, cada cazador queda obrigado a establecer acordo visual e verbal cos máis próximos para sinalar a súa posición.

4. Prohíbese o cambio ou abandono dos postos polas persoas cazadoras e os seus auxiliares durante a cazaría, agás nas batidas, debendo facelo unicamente coa autorización expresa e clara do responsable desta.

5. No caso de practicarse olleos de caza menor e nas tiradas de aves autorizadas, os postos deberán quedar á vista uns doutros sempre que se encontren ao alcance dos disparos. Non se permitirá unha separación entre postos inferior a cincuenta metros, e será obrigatoria a colocación de pantallas a ambos os dous lados de cada posto á altura conveniente para que queden a cuberto os postos inmediatos.

6. Nas batidas, montarías e zapeos de raposo, todos os participantes deberán levar obrigatoriamente chalecos reflectores homologados que permitan ou favorezan a mellor visualización do cazador.

7. O responsable da cazaría colectiva deberá adoptar as medidas de seguridade indicadas e calquera outra complementaria ás anteriores, que se deriven da especificidade do lugar ou cazaría concreta, debendo poñer estas en coñecemento de todos os participantes previamente ao comezo da cazaría e no punto de encontro indicado e sendo de obrigado cumprimento.

8. O responsable da cazaría colectiva deberá acompañar un programa da cazaría, na que figuren os detalles e o plan a executar, co número e relación de participantes, a área da cazaría, das medidas de seguridade a aplicar, da localización dos postos e tipo de sinalización e medios de comunicación a empregar, así coma un esbozo dos postos. A Consellería con competencias en materia de caza disporá dun modelo de fichas que porá a disposición dos TECORES no que se recolla dito programa da cazaría. Dita ficha deberá ser entregada previamente nas oficinas técnicas comarcais de xestión de caza ou no órgano que dispoña a Consellería responsable en materia de caza. No momento da cazaría deberá acompañar unha copia da mesma a mostrar no caso de ser requirido polos corpos e institucións da Administración Pública que, con carácter xeral, teñan encomendadas funcións de custodia dos recursos naturais.

9. Nas montarías e batidas será obrigatorio sinalizar os camiños e accesos ás manchas que se internen na zona onde se desenvolva a actividade, na forma en que se determine regulamentariamente, así como as zonas próximas a liñas de tiro e postos fixos para a caza.

10. Prohíbese a caza baixo a influencia de estupefacientes, alcohol, substancias psicotrópicas ou calquera outra droga que poida alterar ou altere sensiblemente as facultades normais do cazador pola súa capacidade de reacción.

As persoas cazadoras que sexan sorprendidos cazando con síntomas de encontrarse baixo a influencia de estupefacientes, alcohol, substancias psicotrópicas ou calquera outra droga deberán someterse ás oportunas probas de detección, cando sexan requiridos para iso polos membros dos corpos e forzas de seguridade do Estado. Por vía regulamentaria determinarase o procedemento, as dilixencias a levar a cabo e, en xeral, as regras a que deberá axustarse esta actuación.

11. Regulamentariamente poderán sinalarse as medidas que preceptivamente deberán ser aplicadas naqueles casos e circunstancias en que a seguridade das persoas cazadoras e dos seus colaboradores aconsellen a adopción de precaucións.

Artigo 84. Protección de cultivos, gando, instalacións e sinais no exercicio da caza.

Prohíbese cazar nos terreos cultivados nos que a colleita estea pendente de recoller; avanzar entre as explotacións forestais de menos de cinco anos. Igualmente prohíbese disparar en dirección a instalacións e sinais susceptibles de ser danadas, ou en dirección ao gando ou nas súas proximidades.

CAPÍTULO II. A VIXILANCIA E O COIDADADO DA CAZA

Artigo 85. A vixilancia da actividade cinexética

1. A vixilancia da actividade cinexética e o cumprimento dos preceptos da presente Lei serán desempeñados polos axentes facultativos ambientais dependentes da Consellería competente en materia de caza, e polos demais corpos e institucións da Administración Pública que, con carácter xeral, teñan encomendadas funcións de custodia dos recursos naturais.

2. No exercicio das súas funcións, os axentes facultativos ambientais desempeñarán funcións de policía administrativa en materia cinexética, para tódolos efectos legalmente procedentes. Os seus actos gozarán de presunción de veracidade de acordo co previsto no artigo 137.3 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

3. Os axentes da autoridade, no exercicio das funcións de vixilancia, inspección e control poderán:

a) Acceder e entrar libremente, en calquera momento e sen previo aviso, en todo tipo de terreos e instalacións suxeitos a inspección e a permanecer neles, con respecto, en todo caso, á inviolabilidade do domicilio. Ao efectuar unha visita de inspección, deberán comunicar a súa presenza á persoa inspeccionada ou ao seu representante, a menos que considere que a devandita comunicación poida prexudicar o éxito das súas funcións.

b) Requerir que se lles amosen vehículos, remolques, medios de caza ou equipamentos auxiliares cando poida ter relación coa actividade regulada na presente lei.

c) Solicitar a exhibición da documentación obrigatoria para o exercicio da caza.

d) Proceder a practicar calquera dilixencia de investigación, exame ou proba que consideren necesaria para comprobar que as disposicións legais se observan correctamente.

e) Tomar ou sacar mostras de substancias e materiais, realizar medicións, obter fotografías, vídeos, gravación de imaxes, e levantar esbozo e planos, sempre que se notifique ao titular ou ao seu representante, salvo casos de urxencia, nos que a notificación poderá efectuarse con posterioridade.

f) Terá validez coma proba pericial a recollida de mostras que posteriormente sexan analizadas ou verificadas en laboratorio ou por peritos, tales como velenos, lazos, trampas, ou outros medios non selectivos, aínda que non se teña axustada dita recollida aos protocolos de actuación previamente establecidos, sendo suficiente que garde coherencia cos principios básicos pretendidos polos protocolos estandarizados existentes.

4. Calquera cidadán poderá solicitar a intervención dos axentes da autoridade cando detecte actuacións prohibidas ou advirta circunstancias perigosas para a fauna silvestre.

5. Para o mellor desempeño das súas funcións e en atención ás peculiaridades das mesmas, os axentes recibirán a oportuna formación nas materias relacionadas coa actividade cinexética e os seus horarios poderán adaptarse ás funcións previstas nesta lei e as normas que a desenvolvan.

Artigo 86. Os gardas de caza.

1. Os TECOR deberán dotarse de vixilancia privada para o coidado e control da actividade cinexética. A función de vixilancia poderá ser individual ou compartirse entre varios TECOR. Pode desempeñarse con persoal propio ou por medio de empresas.

2. Para acceder á condición de garda de caza deberanse cumprir os seguintes requisitos:

- a) Ser maior de idade.
- b) Non ter sido condenado por resolución firme por infracción á normativa relacionada co medio ambiente.
- c) Superar as probas de aptitude establecidas para o efecto.

3. A Consellería competente en materia de caza outorgará o título de garda de caza ás persoas que cumpran os requisitos que se establezan regulamentariamente.

Para acadar o título de garda de caza deberán superar unha proba de aptitude de coñecementos en materia de caza, fauna galega, medio natural en xeral, e zoonosanitarias, así como coñecementos noutras materias requiridas para o nomeamento de gardas xurados conforme as normas que rexen a seguridade privada. Con este título poderán colaborar no cumprimento do disposto na presente Lei cos axentes forestais e cos demais corpos e institucións da Administración que, con carácter xeral, teñan encomendadas funcións de custodia dos recursos naturais.

4. Os gardas de caza serán nomeados polo titular da dirección xeral competente en materia de caza.

5. A condición de garda de caza habilita para realizar nos terreos cinexéticos as seguintes funcións:

- a) Vixilancia da caza e dos seus hábitats.
- b) Colaboración na execución e seguimento dos plans de ordenación e de aproveitamento cinexéticos e, en particular, na práctica da caza selectiva e no control de poboacións.
- c) Cantos outros labores a favor da caza puideran encomendárselle.

6. O exercicio da súa actividade está restrinxido ao ámbito territorial dos terreos cinexéticos para os que fosen contratados, sendo incompatible co exercicio da

actividade cinexética nestes. Aos gardas de caza non lles está permitido o exercicio da caza durante o exercicio das súas funcións.

7. De toda incidencia que poida ser grave ou resultar de interese para o mellor coñecemento e conservación da natureza, o garda de caza elevará un parte ao titular do terreo cinexético, que no caso de ser grave obrigatoriamente poñerá a disposición da Administración competente. Amais estarán obrigados a denunciar, nun prazo máximo de corenta e oito horas, todos aqueles feitos que se produzan cando se presuma que constitúan infraccións graves ou moi graves á presente Lei, nas oficinas técnicas de xestión cinexética que teñan asignada.

8. Os gardas de caza, terán a obrigaón de colaborar coas forzas e corpos de seguridade do Estado e cos axentes facultativos ambientais de Galicia, para o efectivo cumprimento da normativa cinexética dentro do territorio desta Comunidade Autónoma.

9. As denuncias interpostas dentro do TECOR por parte dos gardas de caza gozarán de presunción de veracidade sempre que estas veñan avaladas polo axente facultativo ambiental da súa zona.

10. Os gardas de caza serán considerados como parte interesada nos expedientes, remitíndoselles copia das fases do mesmo incluíndo a resolución final.

11. Os gardas de caza poderán auxiliar e colaborar cos axentes facultativos ambientais cando se trate de denuncias por infraccións contra a lexislación forestal ou de conservación da natureza, así como colaborar con eles en materia de investigación de incendios forestais.

12. Periodicamente os gardas de caza participarán en reunións cos axentes facultativos ambientais e os técnicos das Comarcas Cinexéticas onde exerzan a súa función fomentando a coordinación e información entre ambas figuras.

13. Para exercer as súas funcións deberán estar contratados polos titulares de terreos cinexéticos, polas súas asociacións ou federacións, sendo necesario poñer en coñecemento do Servizo Provincial competente en materia de caza, a formalización dos contratos.

14. O incumprimento das súas funcións producirá a cancelación da habilitación, que será acordada polo Director Xeral competente en materia de caza, en resolución motivada e previa audiencia do interesado.

15. Os gardas de caza, no exercicio das súas funcións, deberán portar a documentación que os acredite como tales, e no seu caso, facer uso do uniforme e distintivos previstos que se determinen regulamentariamente. Os gardas de caza da Comunidade Autónoma de Galicia terán o mesmo uniforme e distintivo do cargo en todo o territorio de Galicia.

17. De constatare a recorrencia de incumprimentos graves ou moi graves dentro dun territorio cinexético sen que nin o garda de caza coma o propio TECOR teñan posto de manifesto ou denunciado ditas circunstancias ante os órganos da

Administración con competencia en materia de caza, esta última poderá abrir un expediente de investigación e no que, conforme ao réxime de sancións previstos nesta lei, retirar ou inhabilitar por un prazo certo ou definitivo ao garda de caza responsable, e suspender a actividade do aproveitamento cinexético por un tempo que se determinará en función da gravidade do feito conforme ao réxime de sancións.

Artigo 87. Certificación de calidade cinexética.

1. Os titulares de terreos cinexéticos poderán obter unha Certificación de Calidade Cinexética de Galiza, denominada a tripla C, no caso de comprometerse voluntariamente a cumprir unha xestión que fomente o conxunto dos seguintes aspectos:

a) Unha xestión dos terreos cinexéticos baseada na excelencia de calidade polo seu compromiso e responsabilidade cara os recursos do medio natural e a dinamización do rural.

b) O mantemento da calidade das especies pola súa contribución á preservación da xenética dos ecotipos locais das especies presentes, valorada coma unha fonte de riqueza da biodiversidade.

c) Acordar unha política e declaración do seu compromiso por unha xestión sostible, que deberá incluír o deseño dun alcance de obxectivos que van máis alá do cumprimento das medidas dispostas nas diferentes normativas de protección do medio ambiente, coma por exemplo prácticas de fomento de medidas sostibles ou na acción fronte ao cambio climático.

d) Asumindo un programa detallado na recuperación de hábitats e das especies cinexéticas ou non e a biodiversidade en xeral.

e) A posibilidade de establecer programas de recuperación de espazos degradados ou incendiados anteriormente aproveitados cinexeticamente.

2. Regulamentariamente estableceranse os criterios de calidade, o procedemento de certificación e os requisitos que deberán cumprir as entidades certificadoras.

TÍTULO VI. OS ÓRGANOS TÉCNICOS E DE CARÁCTER CONSULTIVO

Artigo 88. Asesoría técnico-cinexética.

1. A Consellería titular das competencias de caza disporá dunha rede de oficinas de distribución comarcal para a asesoría técnico-cinexética relacionada coa actividade ambiental e cinexética e os danos xerados polas especies de caza. Ditas oficinas estableceranse en cada un dos Distritos Forestais ou nas Oficinas Agrarias Comarcais, ou en organismos semellantes dependentes da Consellería en materia de asuntos de rural, medio ambiente ou caza.

2. Estarán dotados do persoal técnico e medios suficientes para dar soporte técnico aos titulares dos TECORES, titulares de aproveitamentos e a outras Administracións Públicas nas cuestións relacionadas coa caza. Contribuirán á elaboración, control e revisión, das incidencias da caza e dos seus recursos en cada Comarca Cinexética coa finalidade de adecuar anualmente as recomendacións do Plan Xeral da Caza en Galiza. Así como tódolos asuntos previstos en materia de danos e prevención en accidentes de tráfico e ou a cultivos e gandería que garden relación coas especies cinexéticas, do modo que se recolle nos artigos 81 e 82 desta lei.

3. Fomentarán a colaboración e establecemento constante de canais de diálogo e participación cos diferentes axentes locais sobre os que a actividade da caza poida influír que permita mellorar a toma de medidas e solucións inmediatas preventivas ou correctivas para circunstancias que así o precisen.

Artigo 89. Medidas de fomento da actividade cinexética.

1. Poderán establecerse axudas de carácter económico polos seguintes conceptos:

- a) Para a contratación de gardarías de caza.
- b) Para a elaboración dos Plans de Ordenación Cinexética e desenvolvemento das medidas adoptadas nos mesmos.
- c) Para establecer medidas de control dos danos producidos polas especies cinexéticas.
- d) Dirixidas aos titulares do aproveitamento cinexético dos TECOR, para cubrir a súa responsabilidade económica fronte aos danos causados polas especies cinexéticas ás explotacións agropecuarias ou forestais.
- e) Dirixidas aos titulares do aproveitamento cinexético dos TECOR, para que poidan afrontar o custe do seguro da súa responsabilidade para os danos producidos en vías de circulación conforme ao artigo 81 da presente Lei.
- f) Para actividades de formación do colectivo de persoas cazadoras, ou de divulgación e educación ambiental dos valores dos recursos naturais en relación á importancia dos aproveitamentos cinexéticos para o público en xeral.

Artigo 90. Os órganos consultivos e asesores.

1. A función de asesoramento á Administración e de representación das organizacións de persoas cazadoras, organizacións que teñan por fin a conservación da natureza, organizacións de propietarios, sindicatos agrarios, asociacións de persoas usuarias de recursos naturais e institucións dedicadas á investigación, cuxo fin sexa a conservación da natureza e dos intereses socioeconómicos relacionados coa actividade cinexética, realizarase a través do Comité Galego de Caza e os comités provinciais de caza.

2. Ambos os dous comités, de carácter consultivo, analizarán e farán proposta de cantas materias sexan de interese para a caza, no seu respectivo ámbito territorial, e de modo particular, debaterán sobre as propostas de ordes xerais de vedas, os expedientes de declaración dos TECOR e calquera outra cuestión de interese cinexético. Ambos comités emitirán informe preceptivo no seu respectivo ámbito territorial sobre ditos análises e propostas.

3. A composición dos comités de caza, incluírá no seu ámbito unha representación ampla das entidades relacionadas co mundo da caza e das administracións públicas.

4. Regulamentariamente determinaranse a composición e funcións do Comité Galego de Caza e dos comités provinciais de caza, que necesariamente deberá contar pola parte da participación pública, amais das organizacións cinexéticas, as organizacións referidas no apartado 1 deste artigo.

Artigo 91. A Xunta de Homologación de Trofeos de Caza.

1. A Xunta de Homologación de Trofeos de Caza é un órgano adscrito á Consellería

competente en materia de caza cuxa función principal é a homologación dos trofeos de caza, conforme ás fórmulas e baremos establecidos polos organismos nacionais e internacionais.

2. A súa composición e réxime de funcionamento determinarase regulamentariamente.

TÍTULO VII. RÉXIME SANCIONADOR

CAPÍTULO I. ACTUACIÓNS PREVIAS

Artigo 92. As denuncias dos axentes da autoridade.

1. Aos efectos de caza os axentes da autoridade quedarán sometidos ao mesmo réxime que o disposto na normativa de montes, polo que ostentan a condición de axente da autoridade pertencente ás Administracións Públicas, tendo encomendada, entre outras funcións, as de policía e custodia dos bens xurídicos de natureza forestal, incluídos os vinculados aos recursos cinexéticos, e a de policía xudicial en sentido xenérico conforme ao establecido da Lei de Enxuízamento Criminal.

2. Nos procedementos de sanción que se instrúan con ocasión de infraccións tipificadas na presente Lei, as denuncias formuladas polos axentes da autoridade, que presenciasen feitos que vulneren por acción u omisión voluntaria das prescricións contidas na presente Lei, ou abrirán dilixencias de investigación, acompañadas dos elementos probatorios dispoñibles e previa ratificación, sempre que exista unha petición ao respecto do inculpado sobre extremos concretos desta, constituirán base abondo, salvo proba en contrario, para adoptar a resolución que proceda.

CAPÍTULO II. MEDIDAS PROVISIONAIS

Artigo 93. Inicio do procedemento e a provisionalidade das medidas.

1. Cando os axentes de autoridade que denunciaren e presenciasen unha infracción grave ou moi grave en conformidade coas prescricións desta Lei, darán inicio a un procedemento de sanción, e poderán adoitar as medidas de carácter provisional que xulguen necesarias, incluídos os comisos e incautacións das armas, útiles, instrumentos, substancias e precinto de vehículos ou embarcacións empregados para a comisión dalgún dos feitos tipificados como infraccións graves ou moi graves.

2. As medidas provisionais do apartado anterior deberán ser confirmadas, modificarse ou levantarse de maneira xustificada nos primeiros 15 días dende a iniciación do procedemento. En todo caso, a Administración está obrigada a ditar resolución expresa en tódolos procedementos e a notificala calquera que sexa a súa forma de iniciación conforme ao réxime xurídico que rexe ás Administracións Públicas.

3. Unha vez iniciado o procedemento de sanción, o instrutor do procedemento ou o

órgano competente para resolvelo, poderá adoptar, de oficio ou a instancia de parte, mediante acordo motivado, as medidas preventivas que xulgue oportunas para asegurar a eficacia da resolución que puidese recaer, se existen elementos de xuízo abondo, incluída a suspensión preventiva da licenza de caza nos casos de presunta comisión dunha infracción grave ou moi grave. Cando exista recorrencia de infraccións moi graves a suspensión preventiva será obrigatoria.

4. Na resolución do procedemento de sanción o órgano competente determinará o destino definitivo das armas, útiles, instrumentos, substancias ou outros elementos comisados, que deberá axustarse as seguintes prescricións:

- a) Cando o seu uso fose declarado como ilícito, serán destruídos, levantándose a correspondente acta.
- b) Cando o seu uso fose declarado lícito depositaranse na Consellería competente en materia de caza para dirixilo a algún dos destinos que se fixen na resolución do procedemento: devolución, rescate ou venda en pública poxa. No caso de infracción moi grave non cabe devolución ou rescate ao infractor.

Artigo 94. Comisos.

1. Toda infracción administrativa, en materia de caza, poderá levar consigo o comiso da caza, viva ou morta, que fose ocupada ao infractor, independentemente da súa cualificación como pezas de caza. A infraccións administrativa grave ou moi grave levará consigo o comiso de cantas artes, medios ou animais, vivos ou mortos, que, de forma ilícita, servisen para cometer o feito. Aos bens ocupados daráselles o destino que se sinale regulamentariamente.

2. As pezas capturadas que se encontren vivas e con posibilidade de seguir vivindo serán postas en liberdade e devoltas ao seu medio natural unha vez adoptadas as medidas necesarias para a súa correcta identificación, se iso fose preciso. Ás pezas que estiveran feridas proporcionaráselles os coidados necesarios para a súa recuperación nun centro oficial de recuperación de fauna. Os exemplares mortos serán entregados en centros de beneficencia.

3. Cando se trate de cans ou aves de cetraría vivos cuxa tenza estivese autorizada, ou calquera outro animal, o axente da autoridade interviniente poderá proceder ao seu comiso e posterior traslado a un centro zoolóxico, ou poder quedar en depósito do denunciante, e o decomiso será substituído polo abono da cantidade que se determine regulamentariamente.

4. A caza morta útil para o consumo será entregada nun centro benéfico.

5. Os trofeos serán postos a disposición da xefatura territorial competente en materia de caza.

6. En todos os casos o axente denunciante expedirá recibo do comisado ao denunciado, no que constará o seu destino e posta a disposición da autoridade correspondente.

7. A negativa á entrega das artes ou medios empregados, cando o presunto infractor sexa requirido para elo, dará lugar a denuncia ante o Xulgado competente ós efectos previstos na lexislación penal, e se terá como circunstancia agravante no procedemento administrativo de sancións.

Artigo 95. Retirada e devolución de armas.

1. O axente da autoridade denunciante procederá á retirada das armas e do seu correspondente guía, só naqueles casos en que fosen utilizadas para cometer a presunta infracción, por disparo directo, despois de producir a morte de animais non cazables ou o seu uso en lugar ou tempo non autorizados. En todo caso, darase recibo en que conste a clase, marca, número e posto da Garda Civil onde quedará depositada.

2. O uso ou tenza durante o exercicio da caza de armas ou medios non autorizados dará lugar á súa retirada polo axente denunciante. As armas serán depositadas no posto da Garda Civil máis próximo a onde se producisen os feitos denunciados.

3. A negativa á entrega da arma ou medios, cando o presunto infractor sexa requirido para iso, poderá dar lugar a denuncia ante o Xulgado competente para os efectos previstos na lexislación penal.

4. As armas ou medios retirados, se son de lícita tenza e utilización conforme a esta Lei, serán devoltos por algúns dos seguintes procedementos:

a. De forma gratuíta, cando por resolución recaída no expediente fose absolutoria ou se proceda ao sobresemento deste.

b. Gratuitamente, por disposición expresa do instrutor do expediente, no suposto de infracción leve, unha vez tipificada por este a infracción, logo de solicitude de devolución polo interesado e sempre que este non teña pendente de pagamento sancións por infraccións da presente Lei.

c. Logo de rescate na contía establecida, cando se fagan efectivas as sancións e indemnizacións impostas nos supostos de infracción grave ou moi grave. Non obstante, o instrutor do expediente poderá acordar, unha vez ditada a proposta de sanción, a devolución da arma se o presunto infractor presenta aval bancario que garanta o importe total da sanción e indemnización propostas.

d. Ás armas comisadas daráselles o destino establecido na lexislación do Estado na materia. Os demais medios materiais non rescatados serán alleados ou destruídos.

CAPÍTULO III. INFRACCIÓNS

Artigo 96. Infraccións leves

1. Exercer a práctica da caza sendo menor de idade e sen estar acompañado do mestre cinxético encargado da vixilancia do menor segundo o establecido no artigo 74 desta lei.

2. Cazar sen levar consigo a documentación preceptiva, ou sen renovar a licenza no prazo legalmente establecido.

3. Abater ou intentar abater unha peza que fose levantada e sexa perseguida por outra ou outras persoas cazadoras e os seus cans, en tanto dure a persecución.
4. Non abrir ou descargar a arma cando se aproxime ao cazador persoas ou grupos de persoas allea á cazaría, así como o os momentos de descanso ou reunión entre as persoas cazadoras.
5. Cazar pombas nos seus bebedoiros habituais ou a menos de 1.000 metros dun pombal debidamente sinalizado.
6. Non impedir que os cans propios vaguen sen control por terreos cinexéticos evitando que danen, molesten ou persigan ás pezas de caza, as crías ou os seus niños en calquera época do ano.
7. Incumprir o establecido no artigo 7 desta lei sobre a entrada e o cobramento de pezas en terreos de titularidade allea.
8. Incumprir as normas que regulen o adestramento de cans nas zonas que se establezan para o efecto.
9. A utilización de cans con fins cinexéticos en terreos onde por razón de especie, lugar ou época estea prohibido facelo.
10. Infrinxir o disposto nesta lei sobre control e custodia de cans.
11. Non cumprir as normas sobre caza en camiños e augas públicas que atravesen ou linden con terreos cinexéticos.
12. Participar como persoa cazadora, olladora, batedora ou secretaria en cacerías nas modalidades de olleo, batida ou montaría sen levar pezas de alta visibilidade que permitan ou favorezan a mellor visualización do cazador.
13. Calquera práctica que tenda a atraer ou espantar a caza en terreos alleos ou zonas protexidas.
14. Infrinxir o disposto no artigo 7 desta lei respecto á entrega de pezas de caza feridas ou mortas que entren en terreos cinexéticos doutra titularidade, cando o petionario de acceso acredite que a peza foi ferida en terreo onde lle estaba permitido cazar.
15. Infrinxir as limitacións ou prohibicións que regulen o exercicio da caza en terreos sometidos a réxime cinexético especial, cando o infractor estea en posesión do correspondente permiso para exercitar a caza nestes.
16. Portar armas ou calquera outro medio de caza, polas persoas secretarias, acompañantes, olleadoras, batedoras ou auxiliares de caza, salvo os batedoras nas montarías aos cales se autoriza o uso de armas brancas para o remate das pezas de caza.
17. Estar en posesión de armas ou municións non permitida para a modalidade de

caza que se estea a practicar.

18. Abandonar os cartuchos baleiros, vaíñas, así como calquera outro residuo usado nas prácticas cinexéticas.

19. Incumprir as responsabilidades que lles atribúe o artigo 80 desta lei por parte dos responsables da cacería, dos organizadores nomeados polos titulares de explotacións cinexéticas ou, de ser o caso, dos titulares dos TECOR.

20. Incumprir as condicións que se fixen nas autorizacións para celebrar batidas ou incumprir as indicacións do Xefe de Cuadrilla naqueles aspectos que non afecten directamente á seguridade das persoas.

21. Incumprir por parte do titular cinexético a obriga de dar conta no prazo previsto do resultado das cazarías así como da información prevista no artigo 25 desta lei.

22. Non presentar a memoria descritiva do desenvolvemento da actividade, con expresión dos días e horas nos que se desenvolveu, medios de captura utilizados, número de exemplares capturados por especies e conclusións da experiencia científica que se establece no artigo 59 desta lei.

23. Incumprir as persoas cazadoras as limitacións contidas no Plan de Aproveitamento Cinexético oficialmente aprobado ou no Plan de Ordenación cinexética, salvo que estivese tipificado como infracción específica de maior gravidade na presente Lei.

24. O incumprimento das obrigas reguladas nesta lei que afecten aos titulares cinexéticos que non estean expresamente como outro tipo de infracción.

25. Cercar con mallas que non permitan o libre tránsito das especies cinexéticas de caza menor, agás cando se utilicen en zonas de aclimatación e nos biotopos artificiais.

26. Portar en calquera medio de transporte armas descargadas e desenfundadas ou calquera outro medio de caza listo para o seu uso en día hábil de caza.

27. A vulneración das prohibicións ou o incumprimentos de obrigas previstas nesta lei e que non estivesen tipificadas como infraccións nesta lei.

28. O incumprimento dos deberes establecidos do titular do TECOR ou do seu aproveitamento cinexético, sempre que non estean tipificados de maior gravidade.

Artigo 97. Infraccións graves

1. Afastarse e non vixiar eficazmente as actividades cinexéticas do menor en prácticas o cazador maior de idade encargado desa vixilancia e que exerza o papel de mestre cinexético.

2. Cazar as crías ou as femias seguidas de crías así como os machos sen corna, salvo autorización expresa.

3. Cazar, comerciar, posuír ou transportar pezas de caza, vivas ou mortas, cuxa idade ou sexo, no caso de que sexan notorios, non concorden coas legalmente permitidas.
4. Cazar especies non cinexéticas. Se os danos causados superan os 100.000 euros, considerarase moi grave.
5. Circular con armas de caza, usalas ou disparar en dirección ás zonas de seguridade, salvo que se dispoña de autorización para iso.
6. Non cumprir as normas sobre caza nas zonas de seguridade.
7. Portar en terreos cinexéticos gases, substancias velenosas, aparellos electrocutantes, substancias paralizantes, tranquilizantes, atraentes ou repelentes, produtos para crear rastros de olor ou explosivos listos para empregar.
8. No exercicio da caza menor, usar munición de bala, salvo autorización expresa.
9. No exercicio da caza maior, usar cartuchos con munición de perdigón.
10. Usar ou portar cartuchos con perdigóns de chumbo nas zonas húmidas incluídas na Lista do Convenio de Ramsar relativo a humedais de importancia internacional e nos espazos naturais protexidos e nos espazos naturais protexidos.
11. Incumprir as condicións que se fixen nas autorizacións para celebrar batidas ou incumprir as indicacións do responsable da cazaría naqueles aspectos que afecten directamente á seguridade das persoas. Enténdese en calquera caso que a contravención do disposto no artigo 80 da presente Lei afecta directamente á seguridade das persoas.
12. Transportar en calquera medio de transporte armas descargadas e desenfundadas ou calquera outro medio de caza listo para o seu uso en día inhábil de caza.
13. Transportar en calquera medio de transporte armas cargadas e desenfundadas, en día hábil.
14. Cazar ou portar medios dispostos para a caza sen autorización ou sen cumprir os requisitos establecidos en tempo de veda, épocas, horas, lugares ou circunstancias prohibidas.
15. Usar ou portar por terreos cinexéticos armas accionadas por aire e outros gases comprimidos.
16. Portar en terreos cinexéticos sen autorización ou identificación lazos, anzois, trampas, cepos, costelas, perchas, fosos, nasas ou *alares*, *arbolillo*, *varetas*, *rametas*, *barracas* ou *paranys*, e outro tipo de trampas non selectivas nas súas condicións de emprego.

17. Cazar o persoal de vixilancia ou gardaría durante o exercicio das súas funcións.
18. Cazar en zonas de exclusión.
19. Utilizar como reclamo, animais vivos, mutilados, mortos ou naturalizados, así como todo tipo de reclamos eléctricos incluídas as gravacións, así como a liga, sustancias pegañentas ou produtos similares sen autorización expresa ou en contra das disposicións establecidas nesta.
20. Impedir á autoridade ou aos seus axentes o acceso a terreos suxeitos a réxime cinexético especial.
21. O incumprimento por parte do titular cinexético das condicións establecidas nas resolucións de declaración do TECOR.
22. Incumprir por parte do titular cinexético o establecido nos Plans de ordenación e de aproveitamento cinexéticos, unha vez aprobados estes polos órganos competentes.
23. Non sinalizar debidamente os terreos cinexéticos, cando unha resolución administrativa impoña a súa obrigatoriedade.
24. Explotar comercialmente a caza sen autorización ou incumprir as condicións fixadas nesta.
25. Cazar con furóns sen autorización, así como vulnerar as condicións de autorización outorgada para a utilización destes animais.
26. Cazar ou estar en posesión de pezas de caza vivas ou mortas con infracción da normativa de caza.
27. Posuír, en época de veda, pezas de caza morta cuxa procedencia non se poida xustificar debidamente.
28. O exercicio da caza en terreos sometidos a un réxime cinexético especial cando o infractor non estea en posesión do correspondente permiso para exercitar a caza nestes.
29. Pechar ou cercar terreos con fins cinexéticos sen autorización ou sen cumprir os requisitos establecidos nesta, así como danar ou alterar os que estean autorizados.
30. Cazar con armas de fogo sen cumprir as medidas de seguridade que regulamentariamente se especifiquen.
31. Cazar en liña de retranca en caza maior facendo uso de armas de fogo.
32. Abrir portelos en cercas ou valados ou construír artificios, trampas, barreiras ou calquera outro dispositivo que sirva ou poida servir para beneficiarse da caza, así como destruír ou danar as instalacións destinadas á protección e fomento da caza.

33. Cazar con armas automáticas ou con armas semiautomáticas provistas de cargador que poida conter máis de dous cartuchos ou rifle anestésico sen autorización.

34. Cazar con armas ou medios que precisen de autorización especial sen estar en posesión do correspondente permiso.

35. Destruír, alterar ou cambiar os sinais indicadores da condición cinexética dun terreo.

36. Destruír ou danar as instalacións destinadas á protección ou fomento da caza.

37. Alterar os precintos e marcas regulamentarios das pezas cobradas.

38. Atribuírse indebidamente a titularidade de terreos sometidos a réxime cinexético especial.

39. Incumprir as condicións dunha autorización de caza científica ou de control dunha especie.

40. Cazar aproveitándose de maquinaria agrícola ou forestal ou empregando calquera medio de locomoción.

41. Cazar servíndose de animais ou vehículos como medio de ocultación.

42. Practicar a caza a cabalo cando non se dispoña de autorización para iso.

43. Falsear datos nos POC de maneira a declarar censos de fauna superiores aos reais para poder seguir cazando onde a escaseza de individuos recomendaría a suspensión da actividade cinexética.

44. Incumprir os preceptos relativos á sinalización do TECOR, ou colocar, suprimir ou alterar os carteis ou sinais indicadores de condición cinexética do seu terreo, para inducir a error sobre ela, así como non manter o TECOR nas debidas condicións de limpeza.

45. Non ter autorización ou non estar rexistrado para exercer a actividade de naturalizado de trofeos como taller de taxidermistas, ou non acreditar a procedencia de ditas especies.

Artigo 98. Infraccións moi graves

1. Usar en terreos cinexéticos sen autorización ou identificación lazos, anzois, trampas, cepos, costelas, perchas, fosos, nasas ou *alares*, *arbolillo*, *varetas*, *rametas*, *barracas* ou *paranys*, e outro tipo de trampas non selectivas nas súas condicións de emprego.

2. O uso de calquera substancia coa que se pretenda inducir un envelenamento da fauna e que sexa susceptible de producir a morte ou graves danos e sufrimento a calquera especie animal.

3. Usar con fins de cazar en terreos cinexéticos gases, tranquilizantes, atraentes ou repelentes, ou produtos para crear olor e os explosivos.
4. Usar ou portar en terreos cinexéticos sen autorización artefactos que requiran para o seu uso o funcionamento de mallas, redes abatibles, redes néboa ou verticais ou redes canón.
5. Usar ou portar en terreos cinexéticos sen autorización calquera tipo de bala, cartucho ou proxectil que fose manipulado ou balas explosivas.
6. A tenza para a caza ou a utilización de postas, entendendo por tales aqueles proxectís múltiples cuxo peso sexa igual ou superior a dous gramos e medio ou cuxo diámetro sexa igual ou superior a dous gramos e medio ou cuxo diámetro sexa igual ou superior a catro milímetros e medio.
7. Levar en calquera medio de transporte armas cargadas e desenfundadas en día, período, lugar ou circunstancias prohibidas.
8. Cazar especies ameazadas.
9. Cazar especies cinexéticas que polo estado das súas poboacións estean clasificadas en situación de risco ou en perigo segundo o artigo 6 desta lei.
10. Cazar ou capturar especies para as que sexa necesaria unha autorización nominal, sen contar con esta.
11. Cazar mediante a destrución do hábitat de especies ameazadas, ou hábitats protexidos, en particular do lugar de reprodución, hibernación, invernada, repouso, área de campo ou alimentación.
12. Abater animais domésticos, sen a debida autorización.
13. Comercializar, baixo calquera forma, especies ameazadas.
14. Obstruír os labores de investigación do paradoiro de pezas de caza ilegalmente cobradas.
15. Practicar a caza maior en época de celo, incumprindo as modalidades e condicións na que se teña autorizado a caza.
16. Cazar en época de veda, agás que se trate de zonas de caza comercial ou zonas de adestramento de cans de caza.
17. Cazar especies con aparatos electrocutantes ou paralizantes capaces de matar ou atordar.
18. Cazar con armas ou outras artes autorizadas en terreo cercado, ou con prohibición permanente de cazar, non acollido a outro réxime cinexético especial, cando existan nos seus accesos sinais ou carteis que prohiban a caza no seu interior.

19. Cazar en espazos naturais protexidos onde o exercicio da caza estivese expresamente prohibido sen estar en posesión dunha especial autorización, aínda que non se cobrase peza algunha, ou en refuxios de fauna ou reservas de caza.

20. Introducir exemplares de fauna silvestre alóctona ou manipulada xeneticamente sen autorización.

21. Importar, exportar, transportar ou soltar caza viva, así como ovos de aves cinexéticas, sen a pertinente autorización, ou sen cumprir as normas que se diten en cada caso.

22. A recollida de crías ou ovos de aves cinexéticas, e calquera ave non cinexética ou os seus ovos para a súa cría, reprodución, demostración, intercambio ou comercialización sen contar con autorización administrativa de acordo co artigo 70 desta lei.

23. Cazar servíndose do lume.

24. Agredir ou ameazar aos axentes da autoridade cando se encontren no exercicio das súas funcións.

25. Negarse á exhibición de documentación os axentes da autoridade cando esta sexa solicitada.

26. A obstrución ou resistencia á labor inspectora e vixiante dos axentes da autoridade no exercicio das súas funcións relacionadas coa caza.

27. Negarse á inspección polos axentes da autoridade de bornais, cestos, sacos, armas ou outros aparatos ou medios, cando sexan requiridos para iso.

28. Negarse a mostrar, en calquera clase de terreo, o contido da mochila ou bolso, a munición empregada, ou o interior dos vehículos, remolques, medios de caza ou equipamentos auxiliares e instalacións relacionadas coa actividade regulada na presente lei.

29. Cazar baixo a influencia de estupefacientes, alcohol, substancias psicotrópicas ou calquera outra droga que poida alterar ou altere sensiblemente as facultades normais do cazador ou a súa capacidade de reacción. A estes efectos considerárase estar baixo os efectos do alcohol presentar unha taxa de alcohol en sangue superior ó establecido na normativa de seguridade viaria para conducir automóviles.

30. Non se someter durante o exercicio da caza ás probas para a comprobación da influencia de estupefacientes, alcohol, substancias psicotrópicas ou calquera outra droga, cando estas sexan requiridas por os membros dos corpos de seguridade.

31. Negarse á entrega da arma ou outros medios de caza cando o presunto infractor fose requirido para iso por un axente da autoridade.

32. Instalar cercados electrificados con fins cinexéticos.

33. Cazar empregando faros, lanternas, espellos e outras fontes luminosas artificiais, salvo nas esperas nocturnas autorizadas.

34. Cazar dende aeronaves de calquera tipo, vehículos terrestres motorizados ou embarcacións en movemento, salvo autorización expresa.

35. Carecer as explotacións cinexéticas do correspondente seguro de responsabilidade civil.

36. Incumprir a obrigaón de manter o contrato de vixilancia cinexética.

37. Cazar sen ter contratado o seguro obrigatorio do cazador.

38. Usar ou portar por terreos cinexéticos armas de fogo curtas, armas de guerra, armas de fogo longas raiadas de calibre 5,6 mm. (22 americano) de percusión anular ou armas con munición non autorizada ou prohibida cuxo uso non este contemplado como infracción específica nesta lei.

39. Usar ou portar os dispositivos auxiliares que se relacionan nos artigos 65, 67 e 69 desta lei.

40. O incumprimento grave dos plans de ordenación ou de seguimento cinexético ou a comprobación de que a xestión cinexética desenvolta nun terreo afecta negativamente á renovación ou uso sostible dos recursos.

41. O incumprimento das condicións esixidas para o establecemento dun TECOR, así como o falseamento dos seus límites ou superficies ou titularidade do aproveitamento.

42. Infrinxir as prohibicións de subarrendar os aproveitamentos cinexéticos do terreo cinexético, ou ceder por calquera título os aproveitamentos cinexéticos das zonas de caza controlada dispostas no artigo 21 e establecidos por convenio coa Administración con competencias.

43. Non poñer en coñecemento da autoridade administrativa competente os titulares ou xestores de terreos sometidos a un réxime cinexético especial as epizootias ou envelenamentos que coñeza e afecten á fauna existente nestes, ou incumprir as medidas que se diten para a súa prevención ou erradicación.

44. Incumprir as persoas ou entidades titulares de terreos ou aproveitamentos cinexéticos as medidas que se ordenen para previr ou combater as epizootias e zoonose.

45. Instalar zonas de caza industrial ou zonas de adestramento de cans de caza ou zonas de actividades cinexéticas sen autorización da Administración competente en materia de caza.

46. Cazar sen obter a licenza anteriormente, non sendo titular de licenza no último ano, falsear os datos da solicitude da licenza, ou estar privado de obtela por

sentencia xudicial ou resolución administrativa firme.

47. Cazar de noite sen autorización expresa da Consellería con competencias en caza.

48. Cazar cando se poña en perigo a vida ou a integridade física de terceiros.

49. Atopar ou posuír especies ameazadas naturalizadas ou listas para naturalizar en talleres de taxidermistas sen contar con autorización expresa.

Artigo 99. Prescrición das infraccións.

1. As infraccións previstas nesta Lei prescribirán nos seguintes prazos:

- a) Ao ano as infraccións leves.
- b) Aos tres anos as infraccións graves.
- c) Aos cinco anos as infraccións moi graves.

2. O prazo de prescrición comezará a contar dende o día en que se cometese a infracción.

3. Nas infraccións derivadas dunha actividade continuada, o momento inicial do cómputo será o da finalización da actividade ou do último acto no que se consume a infracción.

4. Interromperá a prescrición da infracción a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento sancionador.

5. En caso de concorrencia de infraccións leves, graves e moi graves nun mesmo procedemento sancionador ou cando unha desas infraccións sexa medio necesario para cometer outra, o prazo de prescrición é o correspondente á infracción máis grave cometida.

6. O deber de restaurar o medio natural ao estado anterior á comisión da infracción non prescribe nunca.

Artigo 100. Participación nas infraccións.

1. Cando non sexa posible determinar o grado de participación das distintas persoas que teñan intervido na comisión da infracción, a responsabilidade será solidaria, sen prexuízo do dereito a repetir fronte ós demais participantes por parte de aquel ou aqueles que fixeren fronte ás responsabilidades.

2. As persoas xurídicas serán sancionadas polas infraccións cometidas polos seus órganos ou axentes e asumirán o custe das medidas de reparación que se impoñan.

3. Os titulares da patria potestade ou da custodia serán responsables respecto dos danos e prexuízos que causen os menores de idade ou os incapacitados ó seu cargo.

CAPÍTULO IV. SANCIONES

Artigo 101. Sancións aplicables.

1. As infraccións tipificadas na presente Lei poderán ser sancionadas polas autoridades competentes coas sancións seguintes:

- a) Multa de 500 a 5000 euros para as infraccións leves.
- b) Multa de 5001 a 200.000 euros para as infraccións graves, podendo levar aparellada a retirada da licenza de caza e inhabilitación para obtela dun ano e un día a cinco anos. A retirada da licenza e a inhabilitación para a súa obtención aplicaranse necesariamente naqueles supostos en que se aplique a sanción no seu grao máximo.
- c) Multa de 200.001 a 2.000.000 de euros para as infraccións moi graves e retirada da licenza de caza e inhabilitación para obtela de cinco anos e un día a dez anos.

Sancionaranse con multa na súa parte media superior as infraccións recollidas nos apartados, 2, 8, 9, 11, 13, 16, 19, 21, 22, 41 e 47 do artigo 98, cando a valoración dos danos derivados supere os 50.000 euros, e o resto das infraccións moi graves, así como as dos apartados 4, 7, 16, 37, 44 e 45 do artigo 97, se a valoración de danos supera os 100.000 euros.

2. Así mesmo, a comisión das infraccións tipificadas nesta lei poderá dar lugar ás seguintes sancións non pecuniarias:

- a) Suspensión da actividade cinexética ou inhabilitación para ser titular de terreos sometidos a réxime cinexético especial dun a cinco anos de acordo coa gravidade da infracción.
- b) A extinción do TECOR no caso de comisión de infraccións moi graves.

3. Nos supostos de infraccións moi graves por parte do titular cinexético, a sanción poderá levar aparellada, se é o caso, a suspensión ou anulación da actividade cinexética por un período dun a cinco anos ou a inhabilitación para ser titular de terreos sometidos a réxime cinexético especial dun a cinco anos, de acordo coa gravidade da infracción.

A suspensión ou anulación referida poderá consistir na declaración de vedado temporal, anulación do réxime especial dos terreos ou da declaración da explotación cinexética, inhabilitación temporal para comercializar pezas de caza ou clausura de instalacións.

4. Nas sancións moi graves que afecten a un TECOR no seu conxunto, deberá solicitarse informe do Comité Galego de Caza.

Artigo 102. Criterios para a graduación das sancións.

1. As sancións pecuniarias teñen tres graos mínimo, medio e máximo, que se aplicarán en función da mediación de circunstancias modificativas da responsabilidade.

2 Para a graduación das sancións teranse en conta os seguintes criterios:

- a. A intencionalidade de facer dano e os seus actos preparatorios.
- b. A eficacia destrutiva indiscriminada dos medios empregados.
- c. A capacidade de incidencia do número de medios empregados para provocar efectos de destrución masiva e xeneralizada a calquera animal.
- d. A transcendencia social e o prexuízo causado aos recursos naturais, e en especial a especies ameazadas en perigo de extinción, ou aos seus hábitats.
- e. A transcendencia social e o prexuízo causado aos recursos cinexéticos ou aos hábitats.
- f. O prexuízo causado a hábitats prioritarios e protexidos.
- g. A situación de risco creada para as persoas ou os bens.
- h. O ánimo de lucro e o beneficio obtido.
- i. A natureza e volume dos medios ilícitos empregados.
- l. A reincidencia pola comisión da mesma infracción nun período dun ano contado dende que a anterior resolución sancionadora fora firme en vía administrativa. Se se apreciase esta circunstancia o importe da multa poderá incrementarse nun 50%.
- m. A natureza e irreversibilidade dos prexuízos causados.
- n. O prazo de recuperación do hábitat danado.
- ñ. A agrupación ou organización para cometer a infracción.
- o. A afectación de zonas de cría ou de reprodución.

3. En atención ás circunstancias específicas do caso, cando a sanción resulte excesivamente onerosa ou cando o infractor procedese a corrixir a situación creada pola comisión da infracción ou restaure o dano causado durante a tramitación do procedemento de sanción, de forma motivada, poderase reducir a contía da sanción e/ou excluír a inhabilitación da correspondente sanción ou reducir o seu prazo. Este efecto minorador da culpabilidade poderá implicar que o órgano que sanciona aplique unha sanción correspondente a categorías infractoras de inferior gravidade á infracción cometida.

Artigo 103. Reparación do dano e indemnizacións.

1. Sen prexuízo das sancións penais ou administrativas que en cada caso procedan, o infractor deberá reparar o dano causado na forma e condicións fixadas polo órgano que sanciona, así como restaurar a legalidade atacada, no modo no que se determine na resolución que poña fin ao procedemento.
2. A Administración competente poderá proceder á reparación a costa da persoa obrigado.
3. Os danos ocasionados ao ecosistema cinexético e o prazo para a súa reparación determinátese segundo criterio técnico debidamente motivado na resolución do procedemento. Cando non se poida determinar nesta resolución, procederase a determinala nun expediente independente respectando os principios e as garantías do procedemento administrativo.
4. A reparación terá como obxectivo a restauración do ecosistema cinexético á situación previa polos feitos constitutivos da infracción sancionada.
5. O causante do dano estará obrigado a indemnizar parte dos danos que non

poidan ser reparados, así como os prexuízos causados.

6. Poderá requirirse así mesmo indemnización nos casos en que o beneficio económico do infractor sexa superior á máxima sanción prevista. Esta indemnización será como máximo do dobre da contía do devandito beneficio.

Artigo 104. A prescrición das sancións.

1. As sancións previstas na presente Lei prescribirán nos seguintes prazos:

- a) Ao ano, as impostas por infraccións leves.
- b) Aos tres anos, as impostas por infraccións graves.
- c) Aos cinco anos, as que se impoñan por infraccións moi graves.

2. O prazo de prescrición comezará a contarse dende o día seguinte a aquel en que a resolución pola que se impoña a sanción adquira firmeza en vía administrativa.

3. Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento de execución.

CAPÍTULO V. O PROCEDEMENTO E A COMPETENCIA

Artigo 105. O expediente de sanción e a súa caducidade.

1. A iniciación do procedemento de esixencia da responsabilidade en materia cinexética regulada nesta lei, como materia sometida á lexislación básica de medio ambiente do Estado, iniciarase ben de oficio, ben a solicitude do operador ou titular cinexético ou de calquera outro interesado.

2. Cando a iniciación do procedemento sexa instada por un interesado distinto do operador ou titular do aproveitamento cinexético, a solicitude formalizarase por escrito e especificará en todo caso o dano ou a ameaza de dano ós recursos naturais cinexéticos protexidos por esta Lei. A solicitude especificará, así mesmo e cando elo fora posible, os seguintes aspectos:

- a) A acción u omisión do presunto responsable.
- b) A identificación do presunto responsable.
- c) A data na que se produciu a acción ou omisión.
- d) O lugar onde se produciu o dano ou a ameaza de dano aos recursos naturais cinexéticos.
- e) A relación de causalidade entre a acción ou a omisión do presunto responsable e o dano ou a ameaza do dano.

3. Terá condición de interesado toda persoa física ou xurídica na que conorra calquera das circunstancias previstas no artigo 31 da Lei 30/1992, de 26 de novembro e no artigo 41 da Lei 26/2007, de 23 de outubro de Responsabilidade Medioambiental.

4. Para impoñer as sancións previstas na presente Lei, será precisa a incoación e instrución do correspondente expediente de sanción. A competencia para incoar o expediente de sanción en materia de caza corresponde ao Director Xeral

competente en materia de caza.

5. Iniciado o expediente, o órgano que ordenara a súa incoación poderá acordar a adopción de medidas preventivas para evitar a continuidade da infracción ou o agravamento dos danos.

As devanditas medidas haberán de ser proporcionais á natureza e gravidade da infracción.

6. O acordo de incoación do expediente de sanción, que se debe notificar á persoa ou persoas presuntamente responsables, terá que conter como mínimo:

a. Os feitos constatados, destacando os relevantes para os efectos da tipificación da infracción e graduación da sanción.

b. A infracción presuntamente cometida, con expresión do precepto vulnerado.

c. A identificación do instrutor do procedemento e do órgano competente para a súa resolución.

d. Valoración, se é o caso, das medidas preventivas adoptadas, e destino dos obxectos comisados e armas retiradas.

e. A proposta de sanción e cuantificación.

f. As sancións accesorias que procedan, se se puidesen determinar nesta fase do procedemento.

5. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución expresa que poña fin ao procedemento será de nove meses, contados dende a data de inicio do procedemento de sanción, que corresponde coa data do acordo de incoación. Unha vez transcorrido ese prazo sen que se notificase a resolución, producirase a caducidade deste con arquivo das actuacións, sen prexuízo de deber de ditar a correspondente resolución.

En caso de que o procedemento se suspenda ou paralice por causas imputables ao interesado, interromperase o cómputo do prazo para resolver.

De conformidade co disposto na lexislación básica do procedemento administrativo, o órgano competente para resolver, de oficio ou a instancia do instrutor, pode acordar, mediante resolución motivada, unha ampliación do prazo de duración do procedemento, que non exceda da metade do prazo inicialmente establecido. A devandita resolución deberá ser notificada ao interesado.

A caducidade do procedemento non produce por si mesma a prescrición da infracción.

Artigo 106. A presunción de existencia de delito ou falta.

1. Cando das características da infracción que motivou o expediente puidese presumirse a existencia dun delito ou falta sancionable penalmente, darase traslado da denuncia e actuacións practicadas á autoridade xudicial, suspendéndose a actuación administrativa en tanto a autoridade xudicial non se pronuncie.

2. Concluído o proceso penal con sentenza condenatoria polos mesmos feitos e sobre a base do mesmo fundamento, o procedemento administrativo será arquivado sen declaración de responsabilidade.

3. Se a sentenza fora absolutoria ou o proceso penal concluirá con outra resolución que poña fin ó proceso sen declaración de responsabilidade, e non estivera fundada

na inexistencia do feito ou na inimputabilidade da conduta enxuizada ao inculpado administrativamente, o órgano administrativo competente reanudará o procedemento administrativo suspendido e ditará a resolución que corresponda en Dereito tomando como base os feitos declarados probados polos Tribunais.

Artigo 107. A competencia para a imposición de sancións.

A competencia para a imposición das sancións a que se refire a presente Lei corresponderá:

- a. Ao Delegado provincial por razón de territorio, nas infraccións cualificadas como leves.
- b. Á persoa titular da dirección xeral competente en materia de caza nas infraccións cualificadas como graves.
- c. Á persoa titular da Consellería competente en materia de caza, nas infraccións cualificadas como moi graves.

Artigo 108. Executividade das sancións.

1. Contra as resolucións de sanción poderán interpoñerse os recursos previstos na lexislación vixente.
2. A resolución de sanción será executiva cando sexa firme en vía administrativa.

CAPÍTULO VI. EXECUTIVIDADE DAS SANCIÓNS

Artigo 109. Medios de execución forzosa e as multas coercitivas.

Tanto o importe das sancións pecuniarias, coma o das indemnizacións que, de ser o caso, se impoñan, poderán esixirse pola vía de constrinximento. No suposto de que o sancionado non proceda ao pago no período voluntario, que para tal efecto se conceda, e sempre que a resolución de sanción sexa executiva, poderán impoñerse multas reiteradas por lapsos de tempo non inferiores a quince días, cuxo importe non excederá en cada caso de 3.000 euros, para lograr o cumprimento das resolucións adoptadas, de conformidade co disposto no artigo 99 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

CAPITULO VII. O REXISTRO DE INFRACTORES DE CAZA

Artigo 110. Creación do Rexistro de Infractores de Caza.

1. Créase na Comunidade Autónoma de Galicia o Rexistro de Infractores de Caza, dependente da Consellería con competencias en materia de caza, no que se inscribirán de oficio todos aqueles infractores que fosen sancionados por resolución firme, en expediente incoado como consecuencia do exercicio da actividade cinexética. Regulamentariamente determinarase a estrutura e réxime de funcionamento.
2. No correspondente asento rexistral deberá constar o motivo da sanción, a contía

das multas impostas e as indemnizacións, se as houbese, así como a inhabilitación, no seu caso, para o exercicio da caza e a súa duración.

3. No Rexistro tamén se inscribirán os datos referidos a sancións que comporten a inhabilitación para cazar por aplicación doutras Leis sectoriais.

4. As inscricións e variacións que se produzan nos asentos do Rexistro serán remitidas ao Rexistro Nacional de Infractores de Caza e Pesca.

5. Os infractores que extinguiran a súa responsabilidade terán dereito á cancelación dos seus antecedentes e a ser dados de baixa de oficio no Rexistro, unha vez transcorrido o prazo de seis meses para as infraccións leves, dous anos para as graves e cinco anos para as infraccións moi graves.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

Aos efectos do disposto na presente Lei, terán a consideración de Reserva Galega de Caza os terreos da Comunidade Autónoma de Galicia integrados na reserva nacional de caza de Os Ancares, sen prexuízo da súa lexislación específica. A reserva nacional de caza de Os Ancares, en canto aos terreos comprendidos dentro da Comunidade Autónoma de Galiza, quedará suxeita ás disposicións da presente Lei.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA Actualización do importe das multas pecuniarias.

O importe das multas a que fai referencia o artigo 101, poderá ser actualizado por decreto do Consello da Xunta de Galicia tendo en conta as variacións do índice de prezos ao consumo.

DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA. Exclusión do ámbito competencial da lei. Exclúese do ámbito competencial desta lei a actividade de control de especies daniñas, aínda cando se utilizase medios ou procedementos cinexéticos a tal fin, previa xustificación técnica e unha vez desbotadas outras alternativas satisfactorias.

DISPOSICIÓN ADICIONAL CUARTA. Zonas de Caza Controlada.

Os TECOR situados en espazos naturais protexidos rexeranse pola normativa específica que regule ditos espazos, e quedarán suxeitos ás disposicións sobre zonas de caza controlada contidas na presente Lei.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMERA. O Plan Xeral de Ordenación da Caza de Galiza.

No prazo de dous anos dende a entrada en vigor desta lei deberase ter aprobado o Plan Xeral de Ordenación da Caza de Galiza.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA. Adecuación dos plans de caza ao Plan Xeral de Ordenación da Caza de Galiza.

Unha vez aprobado o Plan Xeral de Ordenación da Caza de Galiza os titulares dos aproveitamentos cinexéticos terán o prazo de un ano para adecuarse ás prescricións contidas no plan xeral.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA TERCEIRA. A conversión dos territorios dun TECOR incluídos dentro dun espazo natural protexido.

Os TECOR situados en espazos naturais protexidos unha vez finalizado o seu plan de ordenación vixentes anteriores á aprobación desta Lei pasarán a ser zonas de caza controlada dependentes da Xunta. Os seus titulares poderán conveniar coa Xunta de Galiza a cesión baixo os criterios contidos nesta Lei.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA CUARTA. Asesoría técnico cinexéticas.

Antes dun ano dende a entrada en vigor desta lei deberán estar constituídas e dotadas cos medios capitais e técnicos necesarios as oficinas de asesoría técnica cinexética por cada unha das comarcas cinexéticas que se poidan prever no Plan Xeral de Ordenación de Caza.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA ÚNICA.

Queda derogada a Lei 4/1997, de 25 de xuño, de caza de Galiza, e cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ou contradigan o disposto na presente lei.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Lei entrará en vigor aos vinte días a partir da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, xxx de xxx 2012.

Xxxxx, Presidente

II PARTE XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS E PROPOSICIÓNS MÁIS SUSTANCIAIS

Artigo 1. Obxecto e finalidade.

Débase romper co modelo actual da xestión cinexética que se practica no País.

Os recursos cinexéticos son un recurso máis que proporciona o noso medio natural, nun enclave totalmente rural, necesitado de mellorar as súas sinerxías para dinamizar unha situación socioeconómica que lles resulta negativa.

A caza non pode ser entendida exclusivamente dende un deseño normativo estruturado de xeito sectorial, e debe ser unha peza máis en perfecta harmonía e concordancia co resto das potencialidades da multifuncionalidade do monte.

Dende un punto de vista da preservación da biodiversidade e da conservación e protección do medio natural e do territorio, tamén a normativa que lexisle os aproveitamentos cinexéticos debe realizarse pensando en tódolos cidadáns, e non só de xeito exclusivo nun único colectivo, o das persoas cazadoras. A influencia que exerce a caza, cunha capacidade moi alta de incidir sobre os procesos ecolóxicos, principalmente na dinámica das poboacións das especies naturais, con efectos dispares, debe ser motivo dunha profunda revisión e dun exhaustivo seguimento e control para poder eliminar ou diminuír os seus impactos adversos, e potenciar aqueles positivos, que os ten, e que poden resultar un complemento máis de fortalecemento das políticas de protección da natureza pero nun contexto mellor planificado e ordenado ao servizo de tódolos cidadáns. Un modelo de caza, máis respectuoso e menos perturbador sobre un dos elementos principais que conforman a riqueza do noso medio natural, a estrutura das poboacións das especies naturais, tamén é posible, pero requirirá dun esforzo integral de tódalas pezas que participan da planificación, organización, aproveitamento dos recursos económicos do territorio, pero tamén dos recursos ecosistémicos máis difíciles de cuantificar monetariamente pero sen dúbida imprescindibles para soste a base da riqueza do noso territorio.

En definitiva, a caza social e a caza "ecolóxica" debe contar cunha normativa pensando no conxunto da cidadanía, que se adecúe aos moitos enfoques existentes que se fan e deben facer do rural, integrándose aos mesmos, e non pretender, como fai o anteproxecto de lei presentado, querer apropiarse con exclusividade de algo que non lle corresponde como é a riqueza natural e elementos fundamentais para o mantemento da nosa biodiversidade, un patrimonio colectivo e universal de tódolos galegos.

Este artigo pretende encadrar a actividade cinexética co resto de políticas de conservación do medio natural, e apostar polas potencialidades da multifuncionalidade do monte e do medio rural.

Artigo 2. Acción de Cazar.

A importancia do uso axeitado das palabras, e das expresións, cobra aquí unha especial relevancia polo feito que implica a actividade de cazar. Guste ou non, coa acción de cazar estase matando a un animal salvaxe. Tanto na lei do 1997, como nesta nova que se propón o lexislador decidiu empregar unha terminoloxía eufemística ao describir a acción de cazar eliminando toda referencia á idea de "matar", substituíndose o termo "matar" por "abater", nunha solución que non adoita o resto de leis de caza autonómicas dentro do Estado.

Apúntase preciso tamén ampliar a definición da acción de cazar, reforzando a idea de que só se amparará baixo esta definición as accións e medios legais establecidos. Do outro xeito, as artes ilegais, coma venenos, lazos, etc, tamén

entrarían dentro da definición da acción de cazar.

Artigo 3. Obxecto da caza.

A actual proposta de definición sobre o "obxecto da caza", resulta moi pouco precisa. Estímase oportuno que de entrada xa se conteñan aspectos fundamentais sobre os límites deste concepto.

Artigo 4. Competencia en materia de caza.

Encadrar esta actividade co resto de instrumentos de planificación contidas nas políticas de conservación do medio natural e rural, e aplicadas nas distintas Direccións con competencias, mellorando a coordinación entre si.

Limitar o poder que se lle outorgaría ás competencias cando se refire a "realizará cantas actuacións considere precisas".

Incorporar dende este momento a importancia do Comité Galego de Caza, como organismo de participación pública na toma de decisións.

Artigo 6. Da categoría das especies cinexéticas.

Precísase contar cunha distinción das especies declaradas cinexéticas segundo o rango de ameaza ou risco das súas poboacións, permitindo nun momento determinado cambiar a súa protección por razóns inminentes de risco derivadas dun aproveitamento de caza insostible.

Esta medida pode beneficiar a protección de especies que en determinados territorios atópanse nunha situación de risco ou en perigo certo de desaparición, tales como o lobo (*Canis lupus*), arcea (*Scolopax rusticola*), a becacina (*Gallinago gallinago*), ou a perdiz charrela (*Perdix perdix*), entre unha listaxe máis ampla.

Artigo 7. A propiedade das pezas de caza.

Favorecer na escrita normativa unha linguaxe non sexista, na que se fomenten os valores de unidade e igualdade entre mulleres e homes. Aínda que son maioría as licencias de caza masculinas tamén existen, na Galiza, mulleres cazadoras. Tamén se debe respectar o dereito a propiedade privada.

Artigo 8. Terreos cinexéticos.

Poñer en concordancia a xestión cinexética co resto de instrumentos de ordenación do territorio, en particular preocupa que a actual redacción xoga cunha ambigüidade importante á hora de relacionalo con, por exemplo, os plans de ordenación do monte, ou os de conservación da natureza.

Artigo 9. Terreos non cinexéticos.

Limitar a discrecionalidade na toma de decisións, mediante o establecemento duns criterios lóxicos de xustificación técnica.

Artigo 10. Clases

Incluír as áreas de interese arqueolóxico, xacementos, castros, declarados coma Bens de Interese Cultural, que por estar abertos ao público poidan ser asiduamente

visitados polo público en xeral, a efectos de dotalos de seguridade.

Artigo 11. Refuxios de fauna

Unha redacción no que se reforza a protección dos ecosistemas acuáticos e a biodiversidade que albergan, tratándose de ambientes moi sensibles ás alteracións e perturbacións, e en moitos casos nunha situación ambiental de retroceso dos seus valores.

Artigo 12. A creación de refuxios de fauna.

Con respecto a este tipo de espazos debe garantirse unha superficie continua mínima de xestión para facer sostible a xestión e o aproveitamento cinexético. Coa redacción actual pode darse a situación de que puideran existir TECORES con superficies ínfimas (de unhas poucas hectáreas) de refuxios.

Artigo 13. Zonas habitadas.

O cambio con respecto a lei vixente rebaixa notablemente as medidas de seguridade nestas zonas.

Dada a dispersión e o número de asentamentos da poboación rural, resulta totalmente necesario unha regulación rigorosa sobre a seguridade nestas áreas ante o exercicio da caza.

Resulta incomprendible que se presente unha disposición tan baleira de contido, independentemente que no futuro fora desenvolto regulamentariamente. A efectos de seguridade resulta obrigado establecer límites de seguridade dentro destas unidades.

Dada a dispersión deste tipo de instalacións, en particular as relacionadas coas de carácter gandeiro (granxas, etc), resulta totalmente necesario unha regulación rigorosa sobre a seguridade nestas áreas ante o exercicio da caza.

Tamén estímase obrigado incorporar os xacementos e restos de interese patrimonial e cultural que gozan dunha figura de protección como a outorgada aos Bens de Interese Cultural, ou os Camiños de Santiago, garantindo en todo momento a seguridade das persoas que poidan visitar estes lugares.

Artigo 16. Vías públicas

Insuficiente redacción. A efectos de seguridade resulta obrigado establecer límites de seguridade dentro das vías públicas polo risco que entraña a práctica da caza nestas áreas.

Artigo 17. Outros terreos non cinexéticos.

Non é lóxico que a sinalización por cuestións de seguridade supoña unha carga económica para quen a solicita, polo que debe ser a propia administración a que realice a sinalización das zonas de seguridade

Artigo 18 Clases

Os terreos cinexéticos clasifícanse en:

1. Terreos sometidos a réxime común.

2. Terreos sometidos a réxime controlado

3. Terreos sometidos a réxime especial.

Proposición dunha nova figura, semellante á figura de "Zona de caza controlada" recollida noutras normas autonómicas, e coa finalidade de darlle un trato específico a aquelas **zonas cinexéticas incluídas dentro da rede de espazos naturais protexidos**, dada o destacado e alto grado de naturalidade e vulnerabilidade coa que contan estes lugares, e que ademais contan con alternativas de ocio e uso para o público en xeral, nun dos usos principais destes espazos, durante todo o ano que debe ser tido en conta.

Artigo 19. Rexistro de Terreos e Espazos Cinexéticos.

Permitir un acceso inmediato ao público dos espazos cinexéticos existentes e mellorar a transparencia no acceso público da información en materia de medio ambiente.

Artigo 20. Terreos cinexéticos sometidos a réxime común. Zonas libres e zonas de exclusión.

Limitar a discrecionalidade na decisión mediante o establecemento duns criterios lóxicos de xustificación técnica.

Artigo 21. Terreos cinexéticos sometidos a réxime controlado.

Facer unha proposta que permita regular un aspecto mal resolto como é a caza dentro da rede de espazos naturais protexidos.

Deben conciliarse os obxectivos de conservación destes lugares, o seu uso recreativo, cun aproveitamento racional cinexético do tipo tradicional, dun xeito exemplar e sostible, axudando a aproximar as distintas sensibilidades con respecto o xeito de xestionar determinados aproveitamentos dentro dos espazos naturais protexidos.

Artigo 22. Terreos cinexéticos sometidos a réxime especial.

Dita lei é abusiva e pretende apropiarse duns dereitos que non lle corresponden. Nesta proposta establécense as características da cesión do aproveitamento cinexético pero non do dereito, entre cedente e cesionario, conforme ao réxime de obrigacións recollidas no dereito civil.

Artigo 23. Terreo cinexético ordenado (TECOR).

Propónse a posibilidade de crear unidades de xestión de caza que se correspondan cun tamaño maior e en relación as características naturais e homoxéneas no conxunto dun territorio, a denominar como **Comarca Cinexética**.

A idea é establecer uns criterios de xestión máis homoxéneos para áreas territoriais semellantes máis amplas, e diminuindo o efecto da presión cinexética que nun territorio concreto poida ter lugar ao tratarse de unidades de pequena extensión.

Esta medida tamén pode contribuír a unha xestión máis homoxénea das especies de caza maior, en particular, do xabaril e o corzo.

Esta medida tamén pretende dende xa establecer unha serie de figuras ou elementos que engadidas a outras que se propoñen ao longo do que vai ser esta lei

contribúan a configuración dunha estratexia en conxunto para facer fronte aos danos ás explotacións agrarias derivadas principalmente pola poboación de xabaril.

A cesión do aproveitamento cinexético debe corresponderse como mínimo coa unidade de planificación da actividade cinexética que é de cinco anos.

A cesión do aproveitamento cinexético non pode prorrogarse sen consentimento expreso da propiedade ao tratarse dun dereito real, resultando indecente que a prórroga puidera establecerse de forma indefinida. A redacción actual supón unha usurpación da propiedade e do seu dereito aos aproveitamentos existentes na propiedade.

Incluír como vén recollido na vixente lei os vedados e a súa superficie dentro dos TECOR.

Artigo 24. Procedemento xeral de declaración dun TECOR.

Necesidade de referirse aos documentos de cesión. A cesión do aproveitamento cinexético correspóndelle ao propietario da terra, polo que debe recollerse no documento a relación entre o propietario da terra (con indicación das referencias das distintas parcelas e a súa superficie) e quen vai a realizar o aproveitamento cinexético.

Recuperar da lei vixente a regulación dos terreos afectados non integrados no TECOR.

E a necesidade de referirse aos **convenios** a establecer entre os xestores do TECOR e o órgano con competencias cando se trate de integrar **áreas de caza controlada**.

As modificacións do plan de ordenación cinexética terán que estar motivados e xustificadas

Artigo 25. Obrigas dos titulares dun TECOR.

Incrementar o teito de obrigas para garantir unha satisfactoria integración da caza con outros elementos de ordenación do medio natural, e tratar de diminuír o seu impacto, establecéndose de maneira máis precisa as obrigas dos titulares dos TECOR.

Establecer a obrigatoriedade da gardería, como se fai noutras normas de caza autonómicas, sendo falso que dita proposta tente "homoxeneizar" a cuestión da gardería coas outras normas autonómicas (por exemplo a lei vasca).

Esixir maior responsabilidade, incluída a civil mediante seguro.

Incluír o compromiso de informar de situacións negativas dende un punto de vista sanitario.

E incluír un programa de contraprestacións de mellora ambiental nos territorios nos que se caza.

Artigo 27. TECOR de carácter local.

Protexer os dereitos dos propietarios das terras nos que se atopan os recursos cinexéticos.

Recuperar parte do articulado da presente lei con respecto a esta cuestión.

Artigo 28. TECOR de carácter societario.

Protexer os dereitos dos propietarios das terras nos que se atopan os recursos cinexéticos, e destacar que **sobre eles non poder recaer o custe da sinalización.**

É necesario que as persoas propietarias poidan ter dereito se quixer ao aproveitamento do recurso que se sustenta na súa propiedade. De feito así está contemplado no artigo 17.4. da actual lei 4/1997 de caza de Galicia.

Artigo 31. Extinción dos terreos cinexéticos.

Recuperase a redacción da lei vixente, pero establecéndose os supostos de extinción á totalidade dos terreos cinexéticos.

Artigo 32. A facultade de exclusión.

Non establecer cargas a terceiros, pola actividade cinexética que disfrutan outros.

Artigo 33. As Reservas galegas de Caza.

Proporcionar unha figura que permita transformar a **Reserva Nacional de Caza de os Ancares**, e incluíla na normativa autonómica, en virtude do artigo 27 do Estatuto de Galiza: No marco do presente Estatuto correspóndelle á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva das seguintes materias: 15. A pesca nas rías e demais augas interiores, o marisqueo, a acuicultura, a caza, a pesca fluvial e lacustre.

Revisase toda a redacción, determinándose como compensación aos propietarios privados dos seus dereitos cinexéticos un canón económico.

Artigo 34. Vedados de caza.

As condicións de superficie mínima (200 ha) e período mínimo (2 anos) son os que están vixentes na actualidade, sendo a única xustificación da súa variación a existencia de danos nos cultivos de forma reiterada. Por esta causa pode establecerse un parágrafo de salvagarda evitando xeneralizar a medida para todos os TECORES.

A redacción actual permite que o xefe territorial autorice de forma discrecional a caza nos vedados.

Artigo 35. Os terreos cinexéticos deportivos.

Proponse a eliminación desta figura, que xa non se contempla noutras normas autonómicas.

Artigo 35. As explotacións cinexéticas comerciais.

A actual redacción practicamente non regula nada, nin define o tipo de explotación comercial.

Debe ser obrigatorio que a modalidade de caza maior se realice en condicións pechadas cando se intensifiquen a introdución de exemplares.

Artigo 36. Declaración dunha explotación cinexética comercial.

A actual redacción pasa moi por riba da regulación deste tipo de aproveitamentos.

Non debe estar permitido este tipo de explotacións dentro de espazos protexidos pola seu potencial risco de alterar o equilibrio ecolóxico do espazo, dada as soltas periódicas que se poden efectuar, o calendario e presión cinexética que pode ter lugar, e no caso da caza maior ao impacto sobre os hábitats anuais que poden exercer determinadas especies de ungulados en altas densidades.

Débense reforzar os aspectos relacionados coa calidade e control sanitario dos animais suxeitos a aproveitamento.

Debese contar con gardería cinexética.

Artigo 37. Cercados.

A actual redacción **non ten en consideración os posibles efectos de fragmentación do territorio**, e o seu impacto sobre a fauna salvaxe.

Considerase necesario regular con precisión un aspecto que pode repercutir moi negativamente no medio natural no caso de establecerse peches impermeables..

Artigo 38. Cercados Cinexéticos.

A actual redacción non regula practicamente nada. Chamar a atención da redacción proposta no apartado 6, **no que se prohibe a conversión ou tratamento de valados non cinexéticos do tipo gandeiro, ou outros, a cinexéticos**, co sentido de **evitar posibles fraudes no uso de subvencións da PAC**. Existe neste sentido un caso moi claro desta práctica fraudelenta cun peche de 20,13 km financiado como peche gandeiro e inmediatamente reconvertido a peche cinexético nun espazo ademais da Rede Natura 2000, caso que aconteceu no Bidueiral de Montederramo (provincia de Ourense).

Estímase necesario, dada o impacto que este tipo de instalacións poden xera, establecer xa na lei as características de **cómo deben ser os cercados en canto a evitación de danos á fauna. Así como a súa prohibición dentro de espazos naturais protexidos**.

Artigo 39. Zonas de Aclimatación.

A redacción actual resulta totalmente insuficiente. É preciso desenvolver aspectos, como a prohibición de cazar nelas, ou unha regulación máis clara e precisa con relación ao impacto ecolóxico e respecto sobre o entorno natural no que se atopa. Amais, tal e como está redactado o punto 3, dicir que o respecto ambiental non é unha cuestión de vontades senón de obriga legal.

Artigo 40. As zonas de seguridade.

A redacción actual resulta totalmente insuficiente.

Artigo 41. As zonas de adestramento de cans e cetrería.

A redacción actual resulta totalmente insuficiente. Precísase necesario incorporar normas para o adestramento de aves de cetrería cando a súa finalidade sexa a caza.

Sacar as zonas de adestramento de cans de áreas sensibles, por cría de

especies ameazadas, por exemplo, rede de tobeiras de teixugos, niños de aves rapaces que crían no chan (tartaraña cincenta *Circus pygargus*, ou gatafornela *Circus cyaneus*), etc.

Artigo 40. Zonas de caza permanente

Supresión do artigo. As explotacións cinexéticas comerciais poden cumprir con esta función.

Artigo 42. A sinalización dos espazos cinexéticos

Incorporar os distintos supostos de sinalización que lle competen á administración ou aos titulares dos aproveitamentos cinexéticos, cando os propietarios dos terreos non permitan cazar dentro deles.

Artigo 43. A ordenación da caza.

É preciso definir cales van ser os instrumentos de xestión da ordenación cinexética. Coa redacción actual só quedan establecidos os documentos illados dos plans de ordenación para cada espazo concreto, o que non permite facer unha integración da caza dentro do conxunto do territorio.

Téntase evitar unha xestión que, a efectos prácticos, resultaría totalmente fragmentada en centos de unidades.

Introdúcese a orde de vedas como unha figura de referencia dándolle máis relevancia que a tratada polo anteproxecto.

Introdúcese a figura do Plan Xeral de Ordenación de Caza de Galiza, como instrumento previo e unificador dos criterios do que debe ser unha caza ordenada dentro dun territorio máis amplo, tentando dar solucións máis axeitadas na xestión das poboacións cinexéticas e os seus fluxos dentro dunha comarca cinexética. Esta figura xa se recolle noutras normas autonómicas de caza. Pode ser moi útil, para atender determinadas peculiaridades debido as características zoogeográficas do País, en particular, no referido ás circunstancias demográficas do xabaril.

Trátase do segundo elemento deseñado dentro da estratexia conxunta para reducir os danos e impacto do xabaril ás explotacións agarrias.

Artigo 44. A orde de vedas.

Propoñer unha redacción clara e precisa sobre a orde de vedas e o seu contido. No anteproxecto faise referencia no artigo 46, pero deixando o seu contido básico sometido a un posterior regulamento.

Artigo 45. O Plan Xeral de Ordenación da Caza de Galiza.

PROPOSICIÓN: NOVO ARTIGO

Incorporar esta figura coma un instrumento absolutamente necesario para **xestionar cunha visión integradora os recursos cinexéticos no País.**

Integrar o ordenamento da caza no resto de instrumentos de ordenación do territorio (lei de montes, ordenación do territorio, conservación da natureza).

Proporcionar medidas que permitan aproximarnos a unha solución na problemática dos danos ocasionados por xabaríns a cultivos, ou a problemática dos accidentes de tráfico.

Controlar o desenvolvemento e aplicación dos Plans de Ordenación e os Plans Anuais.

Artigo 46. Plan de Ordenación Cinexético

Completar os aspectos relacionados coa ordenación, incluíndo as propostas de recuperación de hábitats, e as medidas para minimizar os danos sobre cultivos e vías de tráfico.

Matizando os responsables da elaboración, a tramitación diante da administración, incorporando aos Comités de Caza, regulando a ordenación nos espazos naturais protexidos.

Incluíndo a novidade de someter a valoración técnica a calidade dos documentos.

Artigo 47. Memoria e Plan Anual de Aproveitamento Cinexético.

A redacción actual resulta totalmente insuficiente. Precísase necesario regular con máis detalle esta figura, incorporando a elaboración da memoria anual, como se fai noutras normas autonómicas, que recollan o exercicio da actividade rematada.

PROPOSICIÓN DUN NOVO TÍTULO: TÍTULO IV. DA PROTECCIÓN E CONSERVACIÓN DA CAZA, DAS SÚAS MODALIDADES E PROHIBICIÓNS.

Dotado de tres capítulos e 23 artigos, algúns novos e outros reordenados neste apartado.

Destinar un título específico en materia de protección e conservación, recuperando o existente da vixente lei e que se suprime neste anteproxecto. Semellante a outras normas autonómicas.

Darlle unha representación simbólica ao compromiso das boas prácticas e do papel positivo que pode ter a caza, reforzando esta última cuestión.

Intégranse as medidas de prohibición neste título, separado nun capítulo específico e atribuíndolle a importancia que lle corresponde.

Artigo 49. Da integración das medidas de protección e conservación.

Recuperar un apartado que xa contén a vixente lei de caza, e o resto de normas autonómicas en materia de caza, regulando a problemática sanitaria.

Artigo 54. Control de velenos.

Galiza dentro do Estado é unha das únicas comunidades que non ten aplicado o programa antídoto ao abeiro da Estratexia Nacional contra o Uso ilegal de cebos envelenados no medio natural, aprobada no ano 2004.

Artigo 55. Das repoboacións cinexéticas.

Recuperar un apartado que xa contén a vixente lei de caza, e que precisa matizar dado o risco deste tipo de prácticas sobre moitas especies silvestres.

Na actualidade a falta de control neste tipo de prácticas derivou na propagación de enfermidades e unha afección importante de moitas poboacións a nivel local.

Artigo 57. Das modalidades de caza.

Eliminar o Punto 2.b.: caza en tobo, por tratarse unha modalidade non tradicional en Galicia, **resultando ser unha das modalidades de caza máis violentas e duras que existen tanto para a presa como a can de presa, onde ambos poden sufrir fortes lesións incluso causándolle a morte a calquera dos dous.**

Elimínase o último apartado, da posibilidade de que se regulen outras modalidades diferentes.

Artigo 66. Competicións cinexéticas.

Suprimilo por motivos éticos. Esta modalidade de caza pouco ten que ver cunha caza tradicional e social.

De non suprimilo, propónse unha redacción alternativa: Esixir o cumprimento estrito dos Plans de Ordenación de Caza no referente ás cotas de captura autorizadas, e sempre dentro da tempada de caza, que xa é o suficientemente ampla como para que non sexa necesario facer as competicións cinexéticas fora dela.

Artigo 59. A caza con fins científicos.

Especificar para quen é a autorización e que debe ser persoal cualificado e avalado pola institución coa que se relaciona a súa investigación.

Artigo 61. Cetrería.

Estímase preciso destinalle un artigo a esta modalidade de caza, incluíndo unha redacción máis ampla que a recollida na redacción do artigo 65.3.a.

Artigo 62. Caza con arco.

Estímase preciso destinalle un artigo a esta modalidade de caza, incluíndo unha redacción máis ampla que a recollida na redacción do artigo 65.3.a.

Artigo 64. Naturalización de exemplares cinexéticos.

Estímase preciso tratar esta cuestión que o anteproxecto tampouco atende, **cando é coñecido a existencia de numerosos locais repartidos polo País que se dedican a naturalizar todo tipo de exemplares sen ningún tipo de control.**

Na redacción se detalla as condicións que deben cumprir os autorizados no exercicio desta actividade.

Artigo 63. Prohibicións en beneficio da caza.

Incluír o apartado de prohibicións nun capítulo propio dentro do título que recolle as normas de protección e conservación, e das modalidades da caza, así como das súas prohibicións.

Con respecto á redacción actual, e contida no artigo 63, e parte do 62, ampliáanse os supostos, e desenvólvense outros que figuran cunha redacción pouco detallada ou ambigua.

Artigo 66. Prohibicións de procedementos masivos ou non selectivos de caza.

Ampliar a redacción con máis supostos e dun xeito máis clarificador.

Artigo 69. Transporte de armas.

Recoller nun só artigo e de forma concisa tódolos posibles supostos nos que está prohibido circular coas armas cargadas, ou desenfundadas.

Artigo 70. Municións.

Breves cambios na redacción regulando supostos específicos o uso da munición nas modalidades de caza menor e maior.

Esténdese a **prohibición no uso de cartuchos con chumbo a toda a rede de espazos naturais protexidos e non só aos espazos húmidos protexidos**, obrigando a empregarse perdigóns alternativos **agardando aos resultados do denominado perdigón ecolóxico, e tamén ao de aceiro.**

Artigo 71. Autorizacións excepcionais.

Sobre as alternativas satisfactorias ten que quedar suficientemente motivado. Sobre o novo punto 5, a transparencia neste tipo de accións extraordinarias é fundamental para que cumpran efectivamente o seu cometido.

Artigo 72. Prohibición da captura de aves silvestres.

A lei pretende colar unha situación irregular e ilegal que esta a acontecer coa captura de pequenas aves non cinexéticas destinadas ao silvestrismo, concursos de canaricultura, cría en cautividade e hibridación, e na que incluso ten lugar un tráfico ilegal de venda de especies silvestres.

Na actualidade a captura de aves silvestres non cinexéticas, do tipo frinxílicos, trátase dunha actividade que con carácter xeral non está autorizada e que tan só a administración pode autorizar baixo a forma de "excepción" conforme ao disposto nos artigos 1, 5 e 9 da Directiva 2009/147/CE relativa á conservación das aves silvestres (antes D79/409/ CEE).

Con relación a este tipo de autorizacións administrativas o Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas (TXCE) se ten pronunciado sobre este asunto, concretamente sobre o artigo 9 da Directiva de Aves, interpretando que a maioría das autorizacións especiais que se conceden incumpren a propia Directiva de Aves. Así o TXCE pronúnciase recordando que só se poderán autorizar capturas de aves silvestres non cinexéticas en casos moi precisos e perfectamente xustificadas.

Artigo 74. Requisitos para o exercicio da caza.

A actual lei de caza esixe a idade de 16 anos para cazar, e o anteproxecto pide 14. Nesta proposta, dado a conflictividade de dito cambio, destínase un artigo propio, sobre a idade de cazar, sustentando no modelo de caza en Francia e que conta cunha maior previsión na solución desta cuestión.

Recóllese a obrigaón de portar e exhibir a documentación que acredite ao cazador aos axentes de seguridade que así o requiran.

Artigo 75. Dos menores de idade para cazar.

Regular co maior detalle posible un suposto rodeado de moita conflictividade. A maioría das normas autonómicas inclúen aos menores de 14 anos a posibilidade de expedir a licenza de caza.

A norma vixente establece ese límite nos 16 anos.

Coma exemplo o caso francés que permite a licenza de caza a partir dos 15 anos, ou con 14 anos e medio para iniciar unha aprendizaxe de formación mediante un mestre cinexético homologado.

Nesta proposta estímase moi pertinente que a idade de inicio do menor teña un período de formación elemental práctica e teórica, e que superado, o menor interesado supere unha proba de aptitude máis avanzada.

Na segunda parte trasládase a normativa contida no Real Decreto 137/1993, de 29 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Armas, no seu capítulo V, sección II, sobre autorizacións especiais de uso de armas para menores (art.109)

Artigo 76. Licenzas. Vixencia e clases

Elimínase o punto 8 sobre a non necesidade de ter licenza para participar en competicións.

Propóñense distintos tipos de licencias en función da modalidade de caza, o tipo de arma empregada, e o tipo de participación dentro da actividade cinexética. Tódolos participantes da actividade cinexética deberán ter un seguro de responsabilidade civil.

Artigo 77. Exame da persoa cazadora.

Estímase necesaria unha axeitada formación e sensibilización das persoas cazadoras, e das futuras persoas cazadoras, en relación a tódolos aspectos que rodean a práctica cinexética e a súa ética e comportamento.

Na actualidade non se pode negar dunha maneira real e obxectiva que nos primeiros días que transcorren despois da primeira xornada do comezo da temporada hábil entran nos Centros de recuperación de fauna un importante número de especies ameazadas, particularmente aves rapaces, feridas con perdigóns de caza. Noutros casos a similitude de determinadas especies ameazadas con outras de carácter cinexético, moi frecuente para o grupo das aves anátidas ou limícolas, precisa dun bo coñecemento por parte da persoa cazadora.

Por estes motivos estímase necesario que o Exame do Cazador sexa contemplada dunha maneira expresa e taxativa, con criterios claros e precisos do que supón crear esta figura, e que debe ir máis alá que a simple liña destinada no apartado 5 do artigo 50 do anteproxecto, ou do apartado 4 do artigo 46 da vixente lei.

Artigo 78. Das persoas Inhabilitadas para obter a licenza.

Manter a redacción vixente na lei.

Artigo 82. A responsabilidade patrimonial por danos causados nas vías de circulación polas especies cinexéticas.

Trasládase basicamente o regulado sobre esta cuestión na Lei 17/2005, de 19 de xullo, pola que se regula o permiso e a licenza de condución por puntos e se modifica o texto articulado da lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria.

Sepárase a responsabilidade dos danos en accidentes de tráfico dos xerados na agricultura por tratarse de problemáticas que deben tratarse de maneira diferenciada e cun enfoque específico.

Tómase coma referencia a solución practicada por Navarra.

Artigo 83. A responsabilidade patrimonial por danos causados nas explotacións agrarias polas especies cinexéticas.

Destinar un artigo específico a esta problemática integrando a idea da responsabilidade compartida entre os distintos sectores implicados para poñer solución a este conflito.

Combinar as **medidas activas de diminución dos danos** coa **participación de tódolos axentes** e nos que **a figura da Oficina de xestión técnica cinexética** xogará un papel importante e inmediato de aproximación entre o problema, o seu diagnóstico, e a aplicación das vías de solución.

As **explotacións agrarias deben de asumir unha responsabilidade na adopción de medidas de protección básicas dos seus cultivos**, como pastores eléctricos, elementos disuasorios, peches provisionais, etc, así como recorrer a contratación dun seguro agrario. Nestes momentos son varias as Comunidades Autónomas que están probando o **AGROSEGURO**, contando coa participación activa do Ministerio encargado dos asuntos rurais e medio ambiente. Estímase conveniente explorar a posibilidade de que a **Xunta de Galiza propicie a entrada dunha aseguradora especializada en seguros agrarios que vexa os incentivos suficientes como para facer fronte a ditos danos**, sen repetir ás indemnizacións a aquelas entidades cinexéticas que cumpren as súas responsabilidades de xestión.

De deducirse que a xestión de ordenación dos titulares dos aproveitamentos cinexéticos é responsable, e non se dan evidencias graves dunha inadecuada aplicación, non se lles pode atribuír que asuman toda a responsabilidade dos danos producidos pola fauna cinexética, **xa que dende unha perspectiva real e obxectiva estas especies animais vagan libre e salvaxes e, polo tanto, escapando dun control absoluto de xestión, contribuíndo ademais a manter un valor ecosistémico a enriquecer á nosa biodiversidade en beneficio de toda a comunidade.**

Por este último motivo, principalmente, pero tamén pola importancia de tutelar a un sector primario como é a agricultura sometida a continuas dificultades de mantemento da actividade, a **Xunta de Galicia debe contribuír de maneira activa dispoñendo de recursos humanos e capitais, con oficinas de proximidade ao problema, así como o seu papel de fomentar o diálogo e negociación, e dunha liña de axudas específicas para que cun Fondo de Corresponsabilidade se axude a unha propicia solución con tódolos implicados.**

Artigo 84. A seguridade nas cazarías

Ampliar a redacción para esclarecer e detallar determinados supostos, como é a

evidencia documental da preparación da cazaría.

Artigo 86. A vixilancia da actividade cinexética

Destacar a condición de axentes de autoridade, contribuír a ampliar a definición do seu cometido específico en materia de caza, reforzar o seu papel na recollida de mostras de veneno e lazos, que xudicialmente as veces son invalidadas por non respectarse os procedementos existentes. Mellorar a formación constante no exercicio desta actividade.

Artigo 87. Os gardas de caza.

Un aspecto fundamental nunha boa xestión cinexética, baseada nunha correcta aplicación e control dos plans técnicos de ordenación, así como a súa vixilancia, precisa do establecemento dunha gardería de caza que teña unha función de reforzo adicional ao traballo e funcións dos axentes forestais e das forzas de seguridade do Estado.

A súa presenza física sobre o terreo, en particular no período hábil, pode supor unha das mellores garantías para evitar actos delictivos ou negligencias que atenten contra os valores e recursos da caza e o resto de patrimonio natural. Na práctica lamentablemente quedan moitos comportamentos negativos que son precisos desterrar, e a gardería de caza privada pode contribuír neste aspecto.

Outras das cuestións que se pretenden reforzar neste artigo é a interpretación da normativa básica en medio ambiente nun sentido oposto ao que pretende este anteproxecto, sendo falso que baixo un propósito de homoxeneización co resto de normativas de caza aplicables no Estado se recolla unha libre disposición a poder ou non contar con este tipo de persoal. En primeiro lugar, a vixente lei de caza de Galiza obriga a contar cun servizo de vixilancia, segundo o artigo 50, aspecto este que nos últimos anos incumpríuse sistemáticamente baixo a complicidade da Administración galega. Normas vixentes, coma a do País Vasco que recolle a obrigatoriedade de contar para zonas de caza controlada, e para as entidades titulares de terreos e aproveitamentos cinexéticos, de dispor obrigatoriamente de contratos de gardería cinexética (ver Lei 2/2011, de 17 de marzo de Caza de Euskadi, artigos 15 e 22). O no artigo 51 da Lei Foral 17/2005, de Caza e Pesca de Navarra: que di que "o responsable da xestión dos coutos garantirá a existencia dun sistema de gardería para o couto". Amais existe xurisprudencia ao respecto que interpreta a obriga de contar con esta figura.

Outro dos aspectos que se pretende potenciar é a de dignificar a figura do garda de caza, permitindo que a súa tarefa sexa mellor considerada, e aproveitar un potencial que pode resultar moi eficiente en diferentes materias máis alá da vixilancia e tarefas de xestión do TECOR, podendo participar como un profesional auxiliar dos axentes ambientais, que sexa validado xurídicamente a súa función de intervención e denuncia de delitos contra o medio ambiente, e colaborar por velar pola protección dos recursos naturais ou a loita contra os incendiarios. Neste sentido a proposta coincide con reivindicacións de colectivos como a Federación Andaluza de caza que demanda diante da súa Administración Autonómica que dote de sentido e reforzo o valor e potencial destes profesionais.

Dende un punto de vista da dinamización socioeconómica de zonas do rural, contar cun corpo da gardería cinexética particular é unha oportunidade de asentar xente nova no rural e xerar postos de traballo. Na Galiza cunha superficie forestal de 2.060.043 hectáreas a obrigatoriedade de contar con **gardería cinexética suporía a xeración e mantemento directo duns 200 a 250 postos de traballo.**

PROPOSICIÓN: NOVO ARTIGO**Artigo 88. Certificación de calidade cinexética**

Recoñecer o esforzo daquelas entidades cinexéticas por unha caza máis comprometida coa preservación dos recursos naturais, co desenvolvemento do rural, fomentando unhas accións no sentido de certificacións propias da calidade das ISO, EMAS, nas que se recoñece o esforzo e compromiso das organizacións por unha xestión exemplar.

Artigo 70. As entidades colaboradoras.

Trátase dunha figura non xeneralizada nas outras normas autonómicas, e que xa estando vixente na lei, na práctica non se lle deu uso e non tivo utilidade algunha. Recóllese parte do que se pretende neste artigo no artigo 90, letra F, sobre medidas de fomento da actividade cinexética. Tamén é preferible destinar uns recursos que de por si xa son escasos a outras áreas da práctica cinexética.

Artigo 89. Asesoría técnico-ambiental.

Crear unha oficina de proximidade que permita atender dunha maneira máis directa e inmediata os asuntos cinexéticos de cada Comarca Cinexética.

Que permita iniciar expedientes por danos facilitando aos afectados dita xestión

Que permita comprobar de xeito inmediato os danos xerados, e actuar preventivamente para poder adotalos.

Ao mesmo tempo prestar asesoramento e establecer unha mellor función de control no cumprimento das obrigas dos titulares do aproveitamento de caza.

Manter unha estreita colaboración e canais de diálogo de participación nas busca de solucións cos diferentes actores locais, particularmente en relación aos danos aos cultivos.

Artigo 91. Os órganos consultivos e asesores.

A actividade cinexética non só repercute nas persoas cazadoras e administración.

A redacción actual reduce á composición actual dos comités deixando tan só a representantes de persoas cazadoras e á propia administración.

Supón claramente un ataque á representación social, á participación pública e a transparencia que unha actividade tan importante no territorio debe ter.

Artigo 94. Inicio do procedemento e a provisionalidade das medidas.

Evitar que as denuncias dos axentes poidan caer en saco roto, blindando a primeira actuación do axente como inicio do procedemento e, polo tanto, existindo a obriga de resolvelo en base a Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Artigo 95. Comisos.

Ampliar a redacción deste artigo, abrindo a posibilidade de decomiso a tódalas

infraccións; a ampliar as opcións de decomiso no caso de animais vivos; e prever as circunstancias de responsabilidade cando o denunciado se negue ó decomiso.

Artigo 97. Infraccións leves

Ampliar e clarificar supostos susceptibles de considerarse como prácticas leves no exercicio da caza.

Artigo 98. Infraccións graves

Ampliar e clarificar supostos susceptibles de considerarse como prácticas graves no exercicio da caza.

Artigo 99. Infraccións moi graves

Ampliar e clarificar supostos susceptibles de considerarse como prácticas moi graves no exercicio da caza.

Artigo 102. Sancións aplicables

Actualizar os importes, que son os mesmos que fai 15 anos, na Lei 4/1997, e adecualos aos establecidos na norma básica estatal de medio ambiente contida na Lei de patrimonio da biodiversidade.

Artigo 103. Criterios para a graduación das sancións.

Trasládase os requisitos de valoración empregados actualmente pola xurisprudencia existente en delitos relacionados coa vulneración do artigo 336 do Código Penal , polo uso de venenos, lazos, explosivos, ou aqueles tipo de medios capaces de xerar danos a fauna dunha maneira masiva e non selectiva.

ADEGA (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza), marzo de 2012

